

●
dez

eme

Número 1 Abril 2000 800 ptas.

Revista de Historia e Ciências Sociais
da Fundação 10 de Março

DOSIER DOCUMENTAL

Ángel Barcia

HISTORIA A DEBATE: KAYE E DOSSE

TESTEMUNHAS

Manuela Valcárcel, Mela

dez • eme



*Revista de Historia e Ciencias Sociais
da Fundación 10 de Marzo*

República do Salvador, 15 - 5º
15701 - Santiago de Compostela
Teléfono 981 599 765 / Fax 981 597 081
correo electrónico: f10m@galicia.ccoo.es



EDITORIAL

O que queremos ser 5

Ó REDOR DA HISTORIA

Cuestións marxistas, loitas da clase traballadora, aspiracións socialistas
Harvey J. Kaye 6

Historia, acción e interpretación
ENTREVISTA A FRANÇOIS DOSSE
Ramón López Facal 11

NA CLASE

Usos e abusos da educación histórica
Raimundo Cuesta 17

A cara mergullada do pasado para unha historia de futuro
Lourenzo Fernández Cuesta 24

O papel da Historia no ensino
Heladio Anxo Fernández Manso / Ramón López Facal 33

DOSIER DOCUMENTAL

Fondo Ángel Barcia 43

TESTEMUÑOS

Entrevista a Manuela Valcárcel Luaces, "Mela la carbonera"
Josefina Feal Regueiro / Beatriz Varela Fernández 49

UNHA IMAXE

Unha fotografía de valor etnográfico e arqueolóxico?
Felipe Arias Vilas 56

UN CONCEPTO

Refuxiado
Eduardo Bragado 60

DE LIBROS

Novelas con argumento galego ou de autores galegos sobre a Guerra Civil (ata 1996)
Carlos Fernández Santander 63

Memorias da represión franquista
SOBRE LA REPRESIÓN FRANQUISTA EN LA PROVINCIA DE LUGO, DE MARÍA JESÚS SOUTO BLANCO
Julio Prada Rodríguez 69

Recuperando os testemuños perdidos
Carme Alvariño Alejandro 73

Paco Balón: memorias de un comunista ferrolano
Guillermo Llorca Freire 76

ENCONTROS

Historia a debate, II Congreso Internacional
Pedro Lago Peñas 80

IV Encontro de investigadores do franquismo
José Gómez Alén 83

VIII Coloquio Internacional "Las mujeres y las guerras" 84

GUÍA DE RECURSOS

Escaparate / Recursos en Internet
Eduardo Bragado 85

ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

Novas e proxectos da Fundación 10 de Marzo para o 2000
Víctor Manuel Santidrián Arias 91



dez.eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS
DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

Número 1
Abril de 2000

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carme Alvariño Alejandro, Eduardo Bragado,
Heladio Fernández Manso, José Gómez Alén,
Carlos González, Pedro Lago Peñas,
Ramón López Facal, Guillermo Llorca Freire,
Maita Rodríguez, Víctor M. Santidrián Arias

COLABORACIÓN

Carme Alvariño Alejandro, Felipe Arias Vilas,
Eduardo Bragado, María Cernadas Campos,
Raimundo Cuesta, François Dosse, Josefina Feal
Regueiro, Carlos Fernández Santander, Lourenzo
Fernández Prieto, José Gómez Alén, Carlos González,
Pedro Lago Peñas, Harvey Kaye, Ramón López
Facal, Guillermo Llorca Freire, José Luis Pallín
Justo, Julio Prada Rodríguez, Víctor M. Santidrián
Arias, Antonia Tato Fontaiña, Beatriz Varela Fontaiña

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Méndez

GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

DESEÑO XERAL E MAQUETACIÓN

Alejandro Vidal

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas, SAL

ISSN: en trámite
DEPÓSITO LEGAL C-666-00
TIRADA: 600 exemplares



Fundación 10 de Marzo
comisións obradeiras

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701- Santiago de Compostela
Telfs. 981 599 765 / Fax 981 597 081 / e-mail: f10m@galicia.es

moito máis do que poidas imaxinar

fotocopias

impresión dixital

imprensa offset

imprensa dixital

manipulados

o teu asesor en deseño


copias gran formato

carteis e posters

laminados e encapsulados

estructuras

impresiónate !!



e se tes calqueira dúbida...
pregúntanos

A CORUÑA

Plaza de Maestro Mateo 9
Tel 981 274820 fax 981 274909
e-mail: hercules@torculo.com

SANTIAGO

Rosalía de Castro 45
Tel 981 592600 Fax 981 591863
e-mail: torculo@torculo.com

Praza de Mazarelos 14
981 58 54.55

VIGO

Alvaro Cunqueiro 3
Tel 981 213456 Fax 981 207825
e-mail: vigo@torculo.com



■ TÓRCULO ■

TÓRCULO

global printers

O que queremos ser

Con este primeiro número de *Dez•eme. Revista de Historia e Ciencias Sociais*, a Fundación 10 de Marzo pon en marcha un novo proxecto planificado dende hai xa algún tempo. Presentamos unha publicación, *Dez•eme*, que aspira a se converter nun instrumento de comunicación entre as xentes que traballan no terreo da Historia e das Ciencias Sociais como profesionais ou, sinxelamente, como persoas que “pensan historicamente”. Non agachamos, de tódolos xeitos, a nosa preocupación polo mundo do ensino, tal e como pon de manifesto a traxectoria desta Fundación que, ata o de agora, prestou continua atención a ese terreo. As páxinas desta revista son unha proba máis desa preocupación.

Dez•eme é unha publicación feita en Galicia e aberta a tódolas latitudes que desexa tratar calquera tema de interese sobre historia e ciencias sociais. Interésanos a historia, a historia social e as ciencias sociais. Interésannos, xa que logo, todos aqueles problemas, todas aquelas facetas das vidas das mulleres e dos homes que dende sempre foron máis: as persoas que vivían e viven dun traballo que apenas controlan e do que tan só reciben unha parte da riqueza que xeneran. Interésannos os homes e as mulleres ós que ese traballo, ou a falta del, sempre condicionou as súas vidas. Interésannos as súas formas de se organizar ou as súas desestructuración, as súas solidariedades, as súas loitas, os seus conflitos...

Este primeiro número é xa un exemplo do que a revista quere ser. Aínda que con moita flexibilidade cada número de *Dez•eme* estará estruturado nunhas seccións semellantes ás que aquí presentamos: un editorial; unha sección de carácter historiográfico (Ó redor da historia) e outra dirixida ó mundo do ensino (“En clase”); “Unha imaxe” que pretende dar a coñecer unha fotografía, un cadro... cun breve comentario, intención parecida a da sección titulada “O concepto”; con “Testemuño oral” daremos voz ós que normalmente non a teñen; o “Dossier documental” irá dando a coñece-los ricos fondos documentais do Arquivo Histórico da Fundación 10 de Marzo; os comentarios bibliográficos sobre novidades aparecerán na sección “De libros”; “Encontros” dará conta de actividades (congresos, xornadas...) relacionadas cos nosos ámbitos de interese e “Guía de recursos” sobre todo tipo de materiais que están constantemente aparecendo sobre a historia e as ciencias sociais. Finalmente, “Actividades da Fundación” dará conta dos labores desta institución.

Dez•eme quere ser unha revista aberta á todas aquelas persoas que queiran participar nela; é máis, a existencia dela tan só será posible se existe esa colaboración concretada no envío de escritos para seren publicados. O criterio de publicación será unicamente o rigor.

Aínda que alguén dixo que toda revista que se precie non debía pasar do número tres *Dez•eme* nace con ánimo dunha continuidade moito maior. Pretendemos poñer nas mans das persoas que se acheguen a nos tres números cada dous anos. Parécenos un obxectivo razoable para as nosas posibilidades, aínda que as nosas intencións —a reflexión crítica e pausada— quizais non o sexan para estes tempos. Que se faga realidade dependerá da relación que sexamos capaces de establecer cos lectores e as lectoras.

CONSELLO DE REDACCIÓN

REVISTA DEZ•EME

CUESTIÓN MARXISTAS, LOITAS DA CLASE TRABALLADORA, ASPIRACIÓN SOCIALISTAS

HARVEY KAYE

para a Sociedade Rosa Luxemburg
Chicago, Maio 1-3, 1998

Antes de presenta-las miñas reflexións, quero da-las gracias ó Profesor Dr. William Pelz e ós membros da Sociedade Internacional Rosa Luxemburg por invitarme a falar en Chicago. O ofrecemento representa para min un honor que agradezo de corazón.

Sen embargo, para dici-la verdade, houbo momentos neste ano pasado—cando pensaba sobre a responsabilidade que aceptara—nos que non apreciei tanto a súa invitación. Ás veces, mesmo me sentía anoxado diante da perspectiva de ter que reflexionar publicamente sobre a experiencia e as perspectivas socialistas, sobre “O Socialismo, a memoria profética” (unha visión do socialismo tomada do destacado historiador británico Victor Kiernan).

Non quería trata-lo tema abertamente, porque estaba batallando con el. Non estaba preparado para falar. Sería moito máis doado garda-los meus pensamentos para min, ou polo menos restrinxilos a discusións de café ou debates.

De feito, teño unha confesión que facer...

Levo intentado periodicamente deixar de pensar como marxista, deixar de identificarme co movemento obreiro, de crer na



posibilidade e a promesa da democracia socialista (de cando en vez temos que facer estas cousas para nos manter honrados).

Así, forceime unha vez máis a enfronta-lo carácter tráxico e irónico da historia, en concreto os horrores do século vinte, e entre eles os pesadelos do agora desaparecido estado soviético e o seu imperio.

Tampouco deixei de me admirar diante das marabillas da produción e dos espectáculos consumistas do capitalismo, nin de agarima-las liberdades da vida demócrata-liberal.

Mergulleime nas ideas e argumentos de diversos escritores, especialmente conservadores contemporáneos. Intentei imaxina-lo pracer que sería acepta-lo mundo tal cal é, ou sexa, que as cousas son como teñen que ser—ou, polo menos, crer que son da única maneira que poden ser—. Mesmo algunha vez permitinme soñar esperto sobre a atención e as lucrativas comisións que percibiría se rexeitaba a esquerda e o movemento obreiro en prol da dereita política e intelectual.

A traxedia persegue a historia; a ironía burlase dos mellores esforzos da humanidade. O capitalismo proporciona praceres



FONDO ANGEL BARRA

e poderes tremendos (para os que teñen os medios); a democracia liberal claramente representa a mellor forma de desenvolvemento político (ata hoxe). E os conservadores non só escriben ben, senón que tamén obteñen boa puntuación e boas críticas (por non dicir que eu estaría encantado de ter unha voz pública e unha conta corrente máis grandes).

Emporiso, por moito que eu teña recoñecido estas verdades, non me dei desprendido do entendemento marxista, dos compromisos obreiros e das esperanzas socialistas.

Alguns poderían argumentar –e de feito xa o fixeron– que eu debo sufrir algunha doenza intelectual: quizais nostalgia, unha arela de recupera-lo pasado, un tempo supostamente de política socialista segura de si mesma e de solidariedades obreiras; quizais alienación, un desexo de reordena-la política e a sociedade de xeito que os intelectuais non só estudien as cousas, senón que as gobernen; ou tal vez utopía, unha ansia de crear unha sociedade de completa liberdade, absoluta igualdade e total democracia. Pero eles estarían –eles están– equivocados.

Eu si anheło unha política socialista máis segura e solidariedades máis profun-

das entre os traballadores e intelectuais de esquerda –pero non simplemente as do pasado, marcadas no primeiro caso por xerarquías de raza e xénero e opresión, e noutro por un populismo acrítico ou un *elitismo* aínda máis perigoso–. Eu si desexo reordena-la política e a sociedade, pero non para autorizar unha clase gobernante renovada. E de certo aspiro a un futuro máis democrático, máis xusto e máis libre –pero non a unha fantasía inalcanzable e/ou perigosa–.

Recoñezo sen problemas que son un romántico, un radical e un optimista; pero non creo que padeza –polo menos non gravemente– de nostalxia, alienación ou utopía. Deixando a un lado a obstinación e/ou a estupidez, ¿que é, entón, o que me impide ser quen de rexeita-lo pensamento marxista, o movemento obreiro e a política socialista?

Espero que a resposta será evidente despois da miña charla, pero darei unha pista agora dicindo que podería ter que ver cunha conciencia, unha imaxinación e unha memoria histórica democrática hipercativa e ultradesenvolvida.

Se todo isto non fose abondo para me facer pensar nesta ocasión, tamén souben a través das miñas angustiadas deliberacións que non tiña nada moi orixinal que dicir, especialmente a un grupo de intelectuais e escritores que se reúnen para conmemorar a gran socialista Rosa Luxemburg.

Non obstante, unha vez que aceptei vir, non había forma de evitalo. Loitei co que ía dicir. Lin e relín as obras de pensadores contemporáneos tales como Ralph Miliband, Daniel Singer, Ellen Meiksins Wood, Stephen Bronner, Donald Sassoon, Ron Aronson, Anthony Giddens, Carl Boggs e Kim Moody. Estudiei as contribucións ós simposios publicadas recentemente en *New Politics* e *Against the*

eu si anheło
unha política
socialista máis
segura e
solidariedades
máis profundas
entre os
traballadores e
intelectuais de
esquerda



FONDO ÁNGEL BARCIA

diante do
aparente
falecemento
das posibilidades
socialistas:
¿como se pode
continuar
pensando como
marxista?,
¿como se
pode seguir
comprometido
coas loitas da
clase obreira?

Current para honra-lo 150 aniversario do *Manifesto Comunista*. E considerei argumentos que apareceron na prensa do *establishment* como *The Economist*, *Business Week* e *Foreign Affairs*.

Á falta de orixinalidade, ofrezco un conxunto de reflexións sobre por qué —en contra das ambicións e afirmacións dos poderes existentes e das ideas predominantes destes días— temos que seguir facendo preguntas marxistas, apoiando as loitas da clase traballadora e cultivando o socialismo, a memoria profética.

Por tanto, quero dárle-las gracias non só por invitarme. Quero tamén agradecerlle-lo poñerme na situación de ter que pensar e dicir, unha vez máis, estas mesmas cousas.

Xa que fixen a miña confesión, podó comezar...

Diante do aparente triunfo do capitalismo, diante do aparente retroceso do movemento obreiro, diante do aparente falecemento das posibilidades socialistas: ¿como se pode continuar pensando como marxista?, ¿como se pode seguir comprometido coas loitas da clase obreira?, ¿como se pode seguir agarrado a esperanzas e aspiracións socialistas?

Podería parecer que a recente experiencia faría máis doado rexeita-lo pensamento marxista, deixa-lo movemento obreiro, renunciar ás visións socialistas.

E se as noticias do día non abondasen —se dalgunha maneira os nosos vínculos intelectuais e políticos sobrevivisen a tales feitos e desenvolvementos, se aínda necesitásemos que se nos persuadise— entón, de certo, o coro universal cantando réquiem polos sindicatos e pola política socialista e entoando himnos á economía de mercado e ás corporacións globais habería de disuadirnos das nosas grandiosas ilusións.

¿Non capturou Francis Fukuyama o espírito dos tempos en vésperas do novo milenio, cando argumentou que a victoria do capitalismo liberal sobre o chamado estado socialista representaba moito máis có triunfo de Occidente sobre o Bloque Soviético na Guerra Fría?

Aínda que nós saibamos que este proxecto foi financiado e promovido por dólares empresariais canalizados a través das arcas da Fundación Olin da Nova Dereita, ¿non deixou ben claro que chegamos, nas súas mesmas palabras, ó “punto final da evolución ideolóxica da humanidade e á universalización da democracia liberal occidental”, resumindo, que acadarámo-la “Fin da Historia”?

¿Que demo fai falla para chegar a xente coma vostedes e coma min? Non só os amigos do antagónico e subvencionado Fukuyama nos aseguraron que todo rematou para o socialismo, senón tamén outros supostamente máis próximos. No seu libro *Reflections on the —Revolution in Europe* (1990), o acreditado sociólogo, comisionado da Comunidade Europea e autobautizado “radical liberal”, Ralf Dahrendorf —presumiblemente aspirando a se-lo Edmund Burke moderno— non só afirmou que “ten que establecerse de maneira ine-

quívoca que o socialismo está morto, e que ningunha das súas variantes pode ser resucitada”, tamén declamou que unha política democrática máis profunda e máis rica cá que na actualidade posuímos é unha ilusión, ou tal como el o expresou: “Nós, o Pobo”, podémonos levantar contra un réxime aborrecible de explotación e supresión, pero ‘nós, o pobo’ non podemos gobernar”.

É sorprendente que as voces no coro da fin-da-historia abranguen unha escala musical extensa, comprenden todo o camiño que vai de dereita a esquerda (nun sentido amplo). Os posmodernistas —a maioría dos cales procede das nosas propias filas, aínda que o seu padriño intelectual non é outro que o mesmo Nietzsche— anunciaron que tódalas “grandes narrativas” están mortas e que chegamos —ou deixáronnos á deriva— á “post-historia”.

Calquera que sexan as diferencias entre os profetas da fin-da-historia e os da post-historia, tanto os neoconservadores coma os posmodernistas esencialmente negan que a loita política poida cambiar e transformar dramaticamente a actual orde das cousas, que as accións sociais poidan ser quen de facer historia nova, xa non digamos novas formas de historia, que o futuro poida ser radicalmente distinto e

mellor có presente. Como Daniel Singer advertiu, eles xuntos declaman “a era do capital” como “eterna”.

Dados a evidencia e os argumentos imperantes, eu pregunto unha vez máis: ¿como se pode continuar pensando como marxista, seguir comprometido coas loitas da clase obreira e permanecer agarrado a esperanzas e aspiracións socialistas?

Seguindo a tradición talmúdica dos meus devanceiros —na que se nos desafia a contestar unha pregunta con outra aínda máis crítica— eu digo: ¿como pode un non seguir pensando como marxista?, ¿como se pode non estar do lado do movemento obreiro?, ¿como se pode non reafirmar as esperanzas e aspiracións socialistas?

Contra os filósofos da fin-da-historia e a post-historia, eu cito as palabras de Antonio Gramsci, que, encerrado nun cárcere fascista, tiña boas razóns para sucumbir ou someterse, pero en cambio contestou ós hegelianos e nietzscheanos do seu tempo de modo terminante: “O problema é precisamente ve-las cousas historicamente”.

Pensando historicamente, ¿houbo algunha época que esixise máis as cuestións marxistas, os compromisos coa clase obreira e os soños socialistas? E, polo menos para aqueles de nós que residimos en estados demócrata-liberais, ¿houbo algún tempo nos últimos 150 anos no que fose máis desexable afronta-lo desafío do pensamento crítico, a construción do movemento obreiro e o avance democrático?

En serio, ¿quen de nós desexaría realmente cambiar de sitio cos radicais do pasado, enfrontar, como eles fixeron, o poder e o terror das autoridades preliberais e predemocráticas, do imperialismo e do colonialismo, do fascismo e da guerra, do stalinismo e do Gulag, da Guerra Fría e da confrontación nuclear?

calquera
que sexan as
diferencias entre
os profetas da
fin-da-historia
e os da
post-historia,
tanto os
neoconservadores
coma os
posmodernistas
esencialmente
negan que a
loita política
poida cambiar
e transformar
dramaticamente
a actual orde
das cousas

FONDO ÁNGEL BARCIA



**pensar
historicamente
supón lembra-lo
tráxico e o
irónico.
Sen embargo
debería tamén
recordarnos que
o progreso é
posible, que a
xustiza e maior
liberdade,
igualdade e
democracia
poden
conseguirse**

Harvey J. Kaye
PROFESOR DE CAMBIO
SOCIAL E DESENVOLVEMENTO
DA UNIVERSIDADE BEN
& JOYCE ROSENBERG
DE WISCONSIN- GREEN BAY

TRADUCCIÓN DE
Antonia Tato Fontaiña

En 1840 ¿quen sabía de Carlos Marx? Fora obrigado a abandonar Alemaña, establecéndose como exiliado en Bruxelas, despois en París e finalmente en Londres. Tivera problemas coas autoridades por implicarse na difícil situación dos obreiros que seguían sendo súbditos, non cidadáns, subordinados ós privilexiados, ós poderosos e ós que tiñan propiedades.

Despois de 1848, os traballadores europeos e os seus simpatizantes intelectuais afrontaban o monstro da era do capital sen teren aínda, na súa maioría, nin dereitos democráticos de organización nin de liberdade de expresión nin de sufraxio. E en 1871, os con razón alarmados poderosos esmagaron a Comuna parisiense, matando polo menos 17.000 traballadores naquel proceso.

Lembren, xunto cos breves triunfos, os auizamentos e tribulacións de Leon Trotsky, Rosa Luxemburg e Antonio Gramsci; a revolución Rusa, a dictadura bolxevique e o stalinismo; a Primeira Guerra Mundial, o militarismo alemán e a abortada revolución; a “Ocupación de Fábricas” e o fascismo italiano. Revolucionarios notables viviron vidas heroicas, sufriron mortes tráxicas. E as súas experiencias soamente nos levan a 1920 e a 1930. Nós ben sabemos que os horrores axiña se estenden.

Aquí, en América, a escravitude negra durou ata que unha sanguenta guerra civil rematou con ela en 1860 (non hai máis de 135 anos); pero aínda entón os poderes existentes impuxeron modos coercitivos de explotación e opresión nas seguintes xeracións de afroamericanos e suprimiron os seus dereitos democráticos ata só hai trinta anos.

Tamén no século XIX os Estados Unidos experimentaron a máis cruenta das



FONDO ANGEL BARCIA

historias do movemento obreiro. Empresarios e goberno unidos fixeron repetidas campañas contra o movemento obreiro e a esquerda, campañas que baixo distintos aspectos continuaron ata ben entrado este século.

A historia da esquerda americana pódese contar rapidamente a través das vidas e mortes dos seus santos e mártires radicais –entre eles, Frederick Douglas, Walt Whitman, Emma Goldman, Eugene Debs, Mother Jones, John Reed, Paul Robeson e Martin Luther King Jr.–.

Pensar historicamente supón lembra-lo tráxico e o irónico. Sen embargo –atrévome a dicilo nesta “era posmoderna”– debería tamén recordarnos que o progreso é posible, que a xustiza e maior liberdade, igualdade e democracia poden conseguirse. A escravitude foi abolida, creáronse os sindicatos e os partidos políticos (para homes e mulleres, brancos e negros), o fascismo foi derrotado, os alicerces dos estados socialdemócratas establecéronse e, si, o comunismo soviético foi derrubado. •

HISTORIA, ACCIÓN E INTERPRETACIÓN

ENTREVISTA A FRANÇOIS DOSSE

O pasado mes de xullo tivémo-la oportunidade de entrevista-lo historiador francés François Dosse, autor de L'Histoire en miettes (La Historia en Migajas). Formulámoslle catro cuestións:

- I) En primeiro lugar, gustaríanos coñece-lo seu punto de vista sobre a situación da historiografía, é dicir, os autores e correntes máis importantes, os debates máis interesantes...
- II) Unha das características da produción historiográfica actual é a recuperación do papel do suxeito nos procesos históricos. ¿Como podemos integrar 'acción' e 'estructura' na investigación?
- III) Na configuración dos movementos nacionalistas, a *invención da tradición* é unha das claves do proceso de creación da súa identidade. ¿Que pensa sobre a relación entre a investigación histórica e a creación das identidades culturais nacionais?
- IV) Sen dúbida, un dos grandes debates dos últimos anos xirou arredor da explicación e a narración no coñecemento histórico. ¿Que pensa vostede sobre esta cuestión?, ¿que opina sobre a proposta dos 'mecanismos de explicación' defendida por J. Elster?

A situación da historiografía

Hoxe en día a situación das ciencias humanas en Francia é moito máis plural ca durante os anos sesenta ou setenta, cando a École des Annales dominaba completamente a produción da historiografía. Hogano existe unha maior diversidade de traballos, de correntes, de subcorrentes historiográficas e, ó redor da noción da crise dos Annales –primeiramente ó longo dos anos oitenta e agora co que Gérard Noiriel chama a 'crise da historia'–, abríronse interrogantes sobre o tipo de historia, a eficacia das nocións empregadas polos historiadores, as relacións coas ciencias humanas, etc. Polo tanto, a situación actual, en relación coa dos anos setenta, é bastante nova. O que dominaba durante os anos setenta era o estruturalismo e os seus efectos sobre a historia; mesmo a principios de século se viu o durkheimismo e a súa pegada sobre a historia, que deu lugar ademais á Escola dos Annales, relacionada co texto de 1903 de François Simiand.

O desafío dos durkheimianos ás portas do século XX e as perspectivas de

Claude Lévi-Strauss e do estruturalismo deron lugar a unha historia inmóbil, que deu as costas ó acontecemento e ós actores... A historia 'case inmóbil' tornouse unha historia inmóbil que privilexiou en certo modo o papel de negación da historicidade das estruturas. Esa é a evolución que atopamos coa Escola dos Annales, que se apropiou do que acontecía nas ciencias humanas.

Asistimos dende os anos oitenta a un vaivén, a un xiro que cualificaría dobremente como interpretativo ou hermenéutico e como xiro pragmático, ligado a unha reflexión sobre a acción. É algo que percibín especialmente e que plasmei nun libro titulado *Empire du sens. L'Humanisation des sciences humaines*, publicado en 1995 pola editorial La découverte. Para esta obra realicei unha enquisa que transcendía o tema da historia –sobre as ciencias humanas en xeral– e, sen eu o saber a priori, decateime de que a xente máis innovadora nas ciencias humanas son os investigadores marcados polo maio do 68. Revélase nas orientacións actuais unha especie de efecto desprazado da travesía existencial e das experiencias do 68.

A interrogación sobre a acción

Polo tanto, ¿que predomina hoxe na nova corrente da socioloxía, nas novas correntes da antropoloxía, incluso no que foi o xiro crítico dos *Annales* a finais dos anos oitenta e, xa que logo, na produción historiográfica actual? Trátase da interrogación sobre a acción, é dicir, preguntarse ¿qué significa actuar? Preguntamos pola acción de hoxe pero tamén pola acción de onte. Interrogámonos sobre os mecanismos da actuación humana (*L'Empire du sens* tiña como subtítulo *l'Humanisation des sciences humaines*). É dicir, trátase de volver centra-lo discurso histórico e das ciencias humanas en qué é o lazo social, qué é o lazo 'micro' entre os seres humanos, e ocuparse outra volta –despois do dominio dos grandes paradigmas (funcionalismo, marxismo, estruturalismo) que proclamaban a morte do home, a historia inmóbil, ou tamén a historia sen acontecementos– de qué son os procesos emerxentes e cómo se fan os acordos entre os individuos. Estas interrogacións permiten insuflar teoría á historia e configurar un diálogo coa filosofía. Tal achegamento entre a filosofía e a historia é recente en Francia. En efecto, hai unha tradición entre os historiadores franceses –que non se dá en Inglaterra nin en Alemaña– de medo a filosofía, é dicir, mantéñense a distancia da filosofía histórica. Penso que actualmente, xustamente a favor da crise e da fin dalgunhas certezas, hai unha necesidade de filosofía, de “especulación filosófica”, para comprender mellor as nocións utilizadas polo historiador na operación historiográfica. ¿Que é o tempo? ¿Que é a verdade? ¿Cal é o réxime de cientificidade da historia?... Son cuestións que atopan respostas plurais nunha disciplina que as formulou hai tempo: a filosofía. A partir do xiro a prol da acción, constatamos unha vía cara á etnometodoloxía e a fenomenoloxía, pois imos preguntarnos que significa actuar e cal é a intencionalidade humana na acción.

Existe toda unha corrente husserliana que é fenomenolóxica, representada en Francia por filósofos como Maurice Merleau-Ponty ou Paul Ricoeur, que se interrogaron sobre a intencionalidade humana así como sobre o mundo do texto, é dicir, o que é manifesto na escritura histórica en si. Toda a corrente hermenéutica volve ser tema de reflexión para os historiadores; toda esa tradición de interrogación, de interpretación para saber cómo descifralo texto, os documentos, para ver cómo están construídos, fabricados, etc. Velaí algo novo e interesante. Os historiadores coñeceron una especie de borracheira científica, dominados como estaban dende hai tempo polo modelo das ciencias da natureza e polo da física-mecánica, que era o modelo mesmo da cientificidade. A partir de aquí os historiadores buscaron –e os *Annales* son un bo exemplo– modelos de causalidades fortes que establecían causalidades simples.

A historia é moito máis complexa do que pensabamos; os físicos pasaron da física mecánica á física cuántica desde principios de século, e a partir dese momento teñen en conta o campo da observación, do observador, etc.; daquela, a relación entre suxeito e obxecto forma parte do seu modelo científico. A subxectividade está, polo tanto, implicada no obxecto, e a partir de aí as nocións de irreversibilidade, de acontecemento, de *fractal...*, *A nova alianza* –como a chama Ilya Prigogine– lévannos a decatarnos nas ciencias humanas de que o modelo sobre o que se funcionaba era mitolóxico. Nin sequera funciona para as ciencias duras, así que, por qué dedicarse a un modelo que ata os físicos desbotaran. De feito, e, ó meu entender, por motivos da epistemoloxía, podemos achar aquí as razóns do retorno a unha atención ó acontecemento, á emerxencia, á novidade, mentres que na época anterior considerabámo-lo acontecemento como inimigo das ciencias

os historiadores
coñeceron
una especie
de borracheira
científica,
dominados
como estaban
dende hai
tempo polo
modelo das
ciencias da
natureza
e polo da
física-mecánica

sociais e as cadeas de causalidade como as máis importantes.

A outra orientación principal penso que son os novos lazos tendidos entre a historia e a memoria. Esta empresa foi lanzada por Pierre Nora –*Les lieux de mémoire*–, aínda que antes aparecera un traballo nunha colección (*Les 30 jours qui ont fait la France*) moi tradicional na que o medievallista George Duby ía máis alá da ilusión segundo a cal un país, unha nación, se faría en 30 días. Déronlle a Duby a tarefa de escribir *O Domingo de Bouvines*, unha batalla de principios do século XIII. Duby fixo desa batalla algo novo, máis alá da batalla e do propio informe, pois ofrece os testemuños da época e, sobre todo, mostra que o importante non é realmente o que pasou durante a batalla. Evidentemente o historiador ten que manexa-lo documento, o arquivo, a crítica do arquivo... que é unha primeira etapa da análise; pero o que verdadeiramente importa é o sinal deixado: cómo *Bouvines* muda de sentido nas súas metamorfoses sucesivas entre principios do século XIII e hoxe, e cómo iso vai ter significado na identidade nacional, na relación co outro, etc. A partir das metamorfoses de sentido desa batalla, sinala algúns séculos nos que ese acontecemento deixou de existir, outros nos que volve de forma obsesiva, etc. É algo orquestrado, ampliado cos sete volumes da enorme obra de Pierre Nora –*Les lieux de mémoire*– a unha grande escala sobre múltiples obxectos. Ese fresco móstranos non só acontecementos testemuñados, senón tamén ‘non-acontecementos’ non menos significativos no plano simbólico. Un dos artigos de *Les lieux de mémoire* é sobre o soldado Chauvin, que deu orixe ó substantivo francés ‘chauvinismo’. Sen embargo, ese soldado Chauvin que todos coñecían a finais do século XIX non existiu nunca, e así e todo deulle nome ó devandito substantivo, o que explica o peso dese personaxe irreal. É dicir, existe unha parte irreal, simbólica, do real, que

non deixa de ser menos certa, aínda que por momentos non sexa testemuñada polos feitos. Neste sentido, quen foi máis lonxe na teorización do que debe se-la relación co acontecemento, a práctica histórica, foi o filósofo Paul Ricoeur (como mostrei na súa biografía: *Paul Ricoeur, les sens d'une vie, La Découverte*, 1997) nunha definición do acontecemento na que diferencia o ‘acontecemento infrasignificado’, a ‘investigación do sentido’, e o ‘acontecemento suprasignificado’. Hai tres niveis, tres instancias ligadas entre si e polo tanto poderíanse diferenciar tres momentos na visión histórica que podemos asignar ó que realizaron as escolas históricas anteriores.

O acontecemento infrasignificado foi, por exemplo, a primeira preocupación da escola metódica (Seignobos, Langlois, Lavis, Monod...) a finais do XIX e a principios do XX, é dicir, unha historia positiva de establecemento dos feitos. Trátase de facer unha crítica interna e externa dos documentos, de testemuña-lo que era certo ou falso. É un primeiro momento totalmente esencial do traballo histórico.

Nun segundo momento, no momento de investigación do sentido, trátase de estudar-la previsibilidade dun acontecemento e de atopar un número de causalidades encadeadas. É útil e importante ver cómo existe unha preparación de certos acontecementos e qué razóns económicas, sociais, políticas, naturais, etc., poden esclarecelos –sendo anteriores ós acontecementos–, anunciándoos. Estou pensando en certos modelos sobre as crises, os ciclos, os ciclos de François Simiand, os ciclos de longa duración de Kondratieff, etc. Cómo, efectivamente, o acontecemento se encontra na intersección da fase A e B de crecemento e de recesión, e dentro de ciclos de longa duración. A partir de aí, pódese explicar por qué se produciu o acontecemento.

trátase de
estudia-la
previsibilidade
dun
acontecemento
e de atopar
un número de
causalidades
encadeadas

Unha vez que se fixo ese traballo, coidabamos que o labor do historiador rematará. Pensabamos que logo de testemuña-lo acontecemento, despois de telo pechado nas leis de causalidade, todo acabara.

Creo que estamos a piques de descubrir que existe un terceiro nivel esencial: o do sinal deixado polo acontecemento –o que considero máis novo e fecundo hoxe–, xustamente o que Ricoeur chama o acontecemento suprasignificado, ‘sobresignificado’, no sinal que deixa –como xa dixen ó falar de Duby– nos seus posibles diferentes sentidos. E retomarei o concepto de ‘identidade narrativa’ –utilizado por Ricoeur–, é dicir, en qué, finalmente, ese acontecemento, como sinal, permite a identidade individual ou colectiva. Para unha nación, para unha rexión, para un individuo, existen acontecementos traumáticos, outros que o son máis ou menos, ou que son máis ou menos apropiados, integrados, rexeitados...

Daquela, hai algo totalmente esencial que empurra os historiadores a unha actitude que cualificaría de interpretativa e hermenéutica, na que se trata non só de saber que o pasado non é o presente, senón que hai que facer un traballo de desmitoloxización –que é o primeiro traballo de interpretación–, de pulir, de obxectivar. Pero a este primeiro paso hai que engadir ademais unha segunda vía do traballo interpretativo, que é o de interrogarse sobre as apropiacións sucesivas do acontecemento. Ricoeur móstranos, por exemplo, cómo acontecementos como a toma da Bastilla foron eventos fundadores de identidade. O problema non é tanto sabe-lo que ocorreu o 14 de xullo de 1789 entre a saída do sol e o solpor –aínda que é importante, evidentemente–; máis importantes son as reapropiacións do valor simbólico do acontecemento en si, coma cando os estudantes chineses da praza de Tien-An-Men cantaban a *Marsellaise* en 1989

encarados ós tanques do poder, o que dá un valor universalizante ó feito de 1789 e lle outorga unha realidade temporalmente moi longa. Así, podemos rexeita-la falsa alternativa de Braudel cando consideraba que a ciencia estaba do lado da estrutura e que a insignificancia estaba do lado do acontecemento, reducido a simples vagalumes, a mera aparencia, a unha casca superficial. Pero non é así; é unha maneira de dialectiza-la longa duración, a curta duración, o feito de ver xustamente cómo un acontecemento deixa un sinal (é algo que coñecemos e podemos experimentar decote no ámbito individual e persoal).

En Francia vivimos un período de conmemoración continua –insistimos, rememoramos...–. Hai unha parte comercial e outra máis seria que vén dada polo feito de que hoxe, para o Occidente –e mais para o resto do mundo–, se vive unha crise de futuro. Retomo aquí as categorías establecidas polo historiador Koselleck, de ‘horizonte de expectativa’ e de ‘espacio de experiencia’. Podemos dicir que o horizonte de expectativa é hoxe extremadamente indeterminado, mentres que onte coñeciamos un pouco o sentido da historia, a súa dirección; é dicir, sabiamos cara a onde íamos. Hoxe xa non o sabemos: o século XX é un século trágico e existen vías que non podemos albiscar. O problema do historiador, que é un mediador entre pasado e futuro, é que ten que recarga-lo horizonte de expectativa, ten que enche-las velas do horizonte de expectativa e da esperanza colectiva de forma sensata, reinterrogando o pasado e, incluso, os posibles feitos non comprobados do pasado. Isto ten como efecto unha *presentificación* do noso mundo no que conmemoramos todo un pouco, pois non sabemos o que, ó cabo, será digno da historia como tal. Cando se coñece o motor da historia é doado proxectarse no presente e no futuro. Pero cando se perdeu o motor hai unha indistinción; como di, un pouco

en Francia vivimos un período de conmemoración continua. Hai unha parte comercial e outra máis seria que vén dada polo feito de que hoxe, para o Occidente, se vive unha crise de futuro

de forma irónica, Pierre Nora: “arquiven, arquiven, sempre quedará algo”. Esa acción de archivar incúmbelle a toda a sociedade, non só ós historiadores de profesión, tamén á sociedade civil que conmemora facendo referencia ó pasado. O que se xoga nesas conmemoracións é una relación dos valores que pertencen ó presente e que se proxectan sobre o pasado para construír un horizonte de futuro.

Penso, por exemplo, no desfile de Jean-Paul Goude, do bicentenario da Revolución Francesa en París en 1989: era una mensaxe da Francia plural... O sociólogo durkheimiano Maurice Halbwachs tivo o mérito, a principios do século —en *Les cadres sociaux de la mémoire* e logo en *La mémoire collective*—, de distinguir historia e memoria, pero o seu erro foi *absolutizar-la* diferenza entre o tempo memorial e o tempo histórico dicindo: a historia é o concepto, a memoria é o vivido, o emocional; a historia é a ciencia, a memoria é algo que fluctúa e puramente individual.

De feito, dámonos de conta de que a historia é menos conceptual do que pensabamos. Non hai historia puramente conceptual, científica, cuantitativa, etc. E por outro lado, a memoria funciona de maneira moito máis racional —quizais racionalizada no seu modo de funcionamento— no ámbito do acontecemento individual do que poderíamos pensar. A partir diso, podo dicir que non se trata de confundir-la dimensión da memoria e a dimensión histórica, pero algúns textos sobre a memoria individual son moi subxectivos para o historiador. Vemos que hoxe os pobos dificilmente confrontan a súa memoria histórica, a propia memoria colectiva, ó redor de momentos traumáticos —penso, por exemplo, no réxime de Vichy e o lugar central que ocupa actualmente en Francia, que foi nun momento dado rexeitado e que volve hoxe de forma obsesiva—. Creo que é posible considerar un acceso a esa interrelación,

que denominaría ‘historia social da memoria’, e non de forma chauvinista ou nacionalista, senón, pola contra, desde unha perspectiva de mellor coñecemento do outro. Tomarei un caso que toca a relación franco-española: nos manuais de segundo, hai un exemplo da utilización do *3 de maio* de Goya que resulta moi interesante pois vemos a través desta obra unha imaxe que os españois teñen dos franceses nun momento no que estes eran os dominadores, os que supostamente traerían as liberdades e que realmente trouxeron a opresión; así os percibe Goya na súa obra. Esa estrutura do cadro de Goya foi retomada, case de forma idéntica na súa propia estilística, por Picasso durante os anos cincuenta, ó trata-la guerra de Corea: presenta os coreanos dunha banda, os americanos da outra, cunha estrutura que é estrictamente a mesma que empregara Goya. O que quere dicir que certas imaxes de representación funcionan desa forma mentres duran e ademais son reutilizadas noutras configuracións.

A invención da tradición

Falarei agora verbo da configuración dos movementos nacionais e a invención da tradición como proceso de identidade (utilizarei máis ben o termo de *tradicionalidade*), é dicir, en qué a tradición é unha tradición viva. O termo ‘tradición’ pode facer pensar na conservación dunha tradición morta: hai que conservar porque non se pode perder, etc. Pero creo que é interesante falar do termo *tradicionalidade*, que nos levaría a un novo réxime de historicidade. Decatámonos de que hai unha especie de enlace dos tempos; isto percibímolo ben na cidade, nos tecidos urbanos, nos tecidos de temporalidades diferentes que son visibles e que teñen sentidos distintos e interpenetrados: as sucesivas capas de tempo e de sentido percíbense no corazón das cidades e deberían indicarnos tamén a

vemos
que hoxe os
pobos
dificilmente
confrontan a súa
memoria histó-
rica, a
propia memoria
colectiva,
ó redor de
momentos
traumáticos

temos, xa que logo, un 'home plural' que pertence ó mesmo tempo a unha cidade inspirada, mercantil, doméstica, e que incluso, durante a súa xornada, está obrigado a pega-los anacos de mundos de pertenza diferentes con valores xerárquicos de natureza diferente

vía que habemos seguir na busca histórica. Esa noción de réxime de historicidade refírese a un réxime que non sempre coincide cunha orde de sucesión dos tempos: época medieval, moderna, contemporánea, etc. Hai, efectivamente, unha especie de choques frontais, ás veces grandes curtocircuitos de temporalidades diferentes que xogan uns cos outros e que poden ter sentido no presente en función das situacións.

Elster e a racionalidade

Canto á cuestión sobre *Le laboureur et ses enfants*, publicado en Francia en 1987, paréceme, en efecto, que implica unha noción de racionalidade individual e de intencionalidade. Iso permítenos supera-lo famoso corte entre as estruturas dun lado e o suxeito doutro. A interiorización dos impedimentos estruturais como regras, normas ou conviccións, orienta a elección racional dos actores. Isto paréceme interesante, do mesmo xeito que me parece interesante en economía o que chamamos en Francia a 'economía de convención'. Os regulacionistas e os convencionalistas intentan xustamente supera-la idea holista, por un lado, e a individualista metodolóxica polo outro. Penso que hai que intentar conectar eses dous polos.

Finalmente, o traballo de J. Elster e os convencionalistas restitúe o lugar do suxeito. O historiador Bernard Lepetit falaba moi a miúdo do labor da nova socioloxía da acción, a de Luc Boltanski e Laurent Thévenot, como podemos comprobar na obra de ambos, *De la justification, les économies de la grandeur* (Gallimard, 1990), onde atopamos unha nova socioloxía da acción definida a partir dos casos de xustificación dos actores na cidade. Para facer valer os seus casos diante da xustiza, pasaron da singularidade á xeneralización, do espacio privado ó espacio público. Déronse conta de que existe un primeiro

fio de Ariana que se ten que seguir, que é o proceso de xeneralización; ademais, hai un segundo fio que toca os límites dalgúns racionalidades que nos leva outra vez ó que Boltanski e Thévenot chaman a pluralización das cidades. O feito é que pertencemos a cidades diferentes. Temos, xa que logó –como dixo hai pouco o sociólogo Lahire–, un 'home plural' que pertence ó mesmo tempo a unha cidade inspirada, mercantil, doméstica, e que incluso, durante a súa xornada, está obrigado a pega-los anacos de mundos de pertenza diferentes con valores xerárquicos de natureza diferente. Esa actitude paréceme totalmente apaixonante, ata tal punto que está recollida nalgúns traballos históricos; esa pluralización, esa atención ó carácter manifesto de xustificación e de desexo dos actores, evita o reduccionismo, evita rebater, sobre algúns determinismos mecánicos, a acción ou o que din os actores.

Convén, polo tanto, ter en conta esa pluralidade que lles permite ós actores actuar, motiva-la súa elección, ter 'un tempo de proxecto', como dicía Jean-Pierre Dupuit, ou razoamentos a partir do horizonte, etc. Daquela, o que Philippe Van Parijs di no seu libro *Le modèle économique et ses rivaux* (Droz, 1988) e E. P. Thompson en *La formación de la clase obrera inglesa*, desempeñou un gran papel que conduciu a unha redefinición da historia social que non está moi lonxe da *Alltagsgeschichte* (historia da vida cotiá) ou da *microstoria* italiana (Ginzburg, Proni, Levi, Grendi...). É dicir, hai unha lexitimidade e unha pertinencia da historia social que mostra que a sociedade non é unha cousa e que, en certa medida, hai que supera-la definición puramente obxectiva –obxectivista– das categorías que empregamos, xa que se encarnan nos procesos activos postos en funcionamento polos axentes sociais, polos actores. Ademais, volvemos topar coa noción de actor, de acción, de intencionalidade, e iso paréceme esencial. •

USOS E ABUSOS DA EDUCACIÓN HISTÓRICA

RAIMUNDO CUESTA

“Exijo que el hombre aprenda, ante todo, a vivir y que no utilice la historia más que para ponerla al servicio de la vida”
(Nietzsche, “De la utilidad y los inconvenientes de los estudios históricos”).

Cando, en 1874, Nietzsche formulaba este desexo, quería poñer en evidencia as lacras do sistema educativo alemán e o seu canon cultural chamado a producir un tipo humano, “el filisteo cultivado, el filisteo estético-histórico”¹, incapaz de se coñecer a si mesmo e o mundo circundante. Xa daquela o filósofo da sospeita podía albisca-la inocultable separación entre a cultura e a vida instalada nas institucións educativas da modernidade, que, baixo a forma de escisión entre traballo manual e traballo intelectual, xa vira a tradición marxiana, y que, dalgún xeito, tamén invade outros ámbitos da vida social da era do capitalismo, expresándose como unha magoante esquizofrenia entre o dominio da práctica productiva e o do pracer subxectivo. Os abusos e excesos dos estudos históricos, denunciados por Nietzsche, viñan a ser unha manifestación máis deste coñecemento desvitalizado e artificioso

xerado no seo da escola. A vontade de reconcilia-la historia coa vida segue a ser hoxe un programa digno dun proxecto de ensino da crítica, pero a artificiosidade do coñecemento histórico escolar só atopa explicación satisfactoria mediante a exploración xenealóxica das modalidades de educación histórica efectuada dentro dos contextos escolares.

En efecto, o que é e poida ser a historia escolar adquire pleno sentido acudindo, outra volta, sequera brevemente, á historicidade dos usos da educación histórica. Mais, ben a miúdo, o negligente esquecemento da dimensión histórica do propio coñecemento do pasado comparece como simple reificación das disciplinas académicas, de maneira que o saber historiográfico e os contidos históricos asignados ó ensino da cidadanía se presentan e admiten como realidades rematadas, xa feitas e “naturais”, cando o certo é que constitúen construcións sociohistóricas, auténticas tradicións sociais inventadas no curso dunha incruenta pero tenaz pugna de poderes-saberes. A historia como materia de ensino autónoma é unha invención instituída formalmente no século XIX e, xa que logo, relativamente recente, pois durante séculos o coñecemento do pasado, limitado en exclusiva ás clases dominantes, foi “une discipline introuvable”², que se mantivo subordinado a outra constelación de saberes de máis lustre social, tales como a retórica. Durante boa parte da Idade Moderna, o modelo humanista cristianizado impuxo o molde

FONDO ÁNGEL BARCIA



así, en termos xerais, pode afirmarse que durante moito tempo a educación histórica foi cousa principalmente das clases dirixentes e dos estratos mesocráticos subordinados a elas

curricular sen historia (ou, se se prefire, con historia ó servizo da formación latina e literaria), aínda que no Antigo Réxime se asiste en Europa á emerxencia duns novos usos de educación histórica asociados ás necesidades do estado moderno e ás experiencias ensaiadas no seo dun novo espacio pedagóxico, que ten no colexio xesuítico e na *Ratio sudiorum* o seu máximo expoñente. Entón empeza a moldearse e a sedimentar unha tradición de usos de educación histórica, unha especie de protohistoria escolar, que servirá de base para a invención e fixación do *código disciplinar*, isto é, do conxunto de discursos, contidos e prácticas da educación histórica que se poñerán en marcha coa erección dos sistemas educativos modernos no século XIX. Resulta sumamente interesante segui-lo rastro de cómo se fabrica este novo coñecemento escolar, esta tradición social orixinal (non é unha mera réplica dunha ciencia histórica en boa medida aínda inexistente), que se plasma no *código disciplinar*, porque alí acontecen procesos de transformación singulares, por exemplo, cómo os manuais de educación histórica *ad usum delphini* (cun arquetipo científico-pedagóxico que se remonta ós postremeiros tempos do século XVII) acaban recalando con inusitado éxito nas aulas das escolas decimonónicas³. Este tránsito dos pazos ás aulas implica unha metamorfose consistente en reformula-la utilidade social do coñecemento histórico en función dos seus destinatarios e do novo espacio institucional (o sistema escolar) onde se aloxa. Para dar conta deste proceso en España distinguín, na época de fundación do *código disciplinar* e dentro do *modo de educación tradicional-elitista*, que se prolonga ata os anos sesenta do século XX, distintos tipos xerarquizados de educación histórica: a “historia sen pedagogía” dos centros de ensino secundario e universitario, dirixida ás clases acomodadas, e a “historia con pedagogía”, que tiña como receptor ocasional un sector das clases populares, que durante moitos anos tiveron

FONDO ÁNGEL BARCIA



como dieta principal da súa educación histórica escolar os relatos en versión catequística da historia sagrada. De modo que: a tal clase, tal historia.

• Así, en termos xerais, pode afirmarse que durante moito tempo a educación histórica foi cousa principalmente das clases dirixentes e dos estratos mesocráticos subordinados a elas, de forma que o *código disciplinar* da historia, unha vez conquistada unha cómoda residencia dentro do currículo oficial, caracterizouse por trazos moi duradeiros: o elitismo, o arcaísmo, o memorismo e o nacionalismo. Por conseguinte, a invención da historia escolar consistiu en ocasionar unha *asignaturización* do pasado que se levantaba sobre a inseparable e convencional parella constituída pola historia universal e a historia de España. Unha historia na que se daban a man o providencialismo e a idea de progreso, o destino da nación e os intereses da monarquía e as clases dominantes. Todo isto configuraba, parafraseando a Citron, unha “memoria oficial”, un pasado sometido ó “dogma da continuidade histórica”, ó arbitrio cultural *occidentalizante* das

FONDO ÁNGEL BARCIA



idades, que se estudiaba, continuando un vetusto costume herdado da retórica, de acordo cuns métodos memorísticos de forte impregnación literaria e de claras connotacións clasistas. Chama poderosamente a atención o poder de supervivencia dalgúns destes trazos, que aínda poden percibirse na educación histórica da actualidade.

Sen embargo, conforme o sistema educativo foi ampliando o radio social dos seus usuarios, este tipo de educación histórica entrou inevitablemente en crise, o que ocorreu coa progresiva implantación nos países do capitalismo serodio do *modo de educación tecnocrático de masas*, que implicaba unha revisada lóxica social e simbólica con vistas á lexitimación do capitalismo na súa versión keynesiana. Desta formá, nas catro últimas décadas, despois das reformas curriculares da segunda posguerra mundial, o coñecemento histórico nas aulas, moi tradicional nos seus contidos e métodos de aprendizaxe, foi sometido a implacables críticas e empezou a perder, en beneficio doutras ciencias sociais e outros saberes hipoteticamente máis útiles, a comfortable posición da que gozara dentro do mosaico curricular

da escola capitalista. Desde os anos sesenta as “batallas pola historia” (con moi desigual intensidade e extensión pública segundo os países) que tiveron como protagonistas diversas corporacións de profesionais da historia e da docencia, desembocaron, desde os anos oitenta, nun “regreso á historia”, que significa, en gran parte, unha volta ás formas tradicionais de ensino, un afianzamento da historia como disciplina autónoma e unha recuperación do control da historia escolar por parte das comunidades de historiadores profesionais. Este fenómeno de *redisciplinamento* do coñecemento histórico escolar, de volta ó coñecemento oficial, plásmase en España, con certo atraso, despois da Lei xeral de educación, pero moi especialmente tivo lugar con motivo do chamado debate das humanidades desencadeado gracias ás modificacións dos plans de estudos intentadas pola exministra Aguirre, que só poden comprenderse como un dato empírico da preamar contrarreformista que nos inunda⁴.

Ó tempo que na capital se fan grandes esforzos por acha-la momia de Velázquez, esta pretendida substantivación e cousificación da historia escolar representa un grave retroceso e supón a máis patente proba dun fracaso social: o da escola capitalista incapaz de estender democraticamente o coñecemento dentro do *modo de educación tecnocrático de masas*. Así, despois dun período reformista no que se impugnou, polo menos discursivamente, o tradicional *código disciplinar*, a historia escolar non soubo adaptarse á expansión case que universal dos seus destinatarios, á superposición de memorias e subculturas dos novos estudantes. É máis, os docentes e as autoridades públicas, sabedores de estaren fincados nunha difícil encrucillada, optaron, na súa gran maioría, ante a dificultade de reconstruí-la “memoria rota”⁵ e fragmentaria das clases subalternas, pola solución máis sinxela: o retorno á historia de sempre, o regreso ó vello canon de his-

este fenómeno de *redisciplinamento* do coñecemento histórico escolar, de volta ó coñecemento oficial, plásmase en España, con certo atraso, despois da Lei xeral de educación, pero moi especialmente tivo lugar con motivo do chamado debate das humanidades desencadeado gracias ás modificacións dos plans de estudos intentadas pola exministra Aguirre

¿que tipo de educación histórica se pode reclamar? Sen dúbida, unha moi diferente á que veñen solicitando corporacións académicas, poderes gremiais e outras xentes de orde

toria escolar fundado nunha renacionalización do pasado (importa pouco que sexa á española, á galega o á andaluza) e nun afianzamento dos esquemas cronolóxicos e conceptuais de sempre.

Ante esta situación, ¿que tipo de educación histórica se pode reclamar? Sen dúbida, unha moi diferente á que veñen solicitando corporacións académicas, poderes gremiais e outras xentes de orde.

Acudiremos, para axudarnos a responder esta pregunta, a algunha das consideracións intempestivas de Nietzsche, onde o severo axuízamento da cultura histórica do seu tempo arrinca da concepción do histórico e o non histórico, da memoria e o esquecemento, como compoñentes imprescindibles de vida humana. O difícil equilibrio entre ambos debe evita-lo perverso “sentido histórico” de acumula-lo recordo de maneira que o pasado se converta en “sepulturero del presente”⁶ e se apodere de nós esa especie de “nostalgia retrospectiva”⁷, ó punto de facer certo o aserto de Marx segundo o cal a tradición de tódalas xeracións pasadas poida chegar a pesar como un mal soño sobre o cerebro dos vivos⁸. A conciencia histórica, individual e colectiva, resultante dunha intersección de “memorias” sociais, constitúe un compoñente imprescindible das nosas sociedades. Pero lembra-lo pasado, mirar cara a atrás, estudia-lo histórico, pode

revestir, ó dicir de Nietzsche, tres formas: *a historia monumental, a historia anticuaria e a historia crítica*. Elas, diríase, compoñen e completan as faces da conciencia histórica, e pronunciarse sobre a dosificación escolar de cada unha equivale a realizar unha opción valorativa sobre o tipo de educación histórica desexable.

A historia monumental vólvese cara a atrás para contempla-las grandes xestas do pasado e de aí que a mirada se recree no conmemorativo, aquilo que, pola súa grandeza, se considera digno de lembrar, venerar e resucitar. Aínda que non exclusivamente, é a historia que habitualmente practican os estados, a “memoria oficial e desde arriba” á que tamén son moi proclives as comunidades dos historiadores profesionais implicados en todo tipo de festas, recordatorios e cerimoniais promovidos polo poder político. Pola súa parte, *a historia anticuaria* materializa o gusto pola conservación do pasado e un certo sentido de apego ás raíces, que se degrada facilmente nun coleccionismo estéril que raia no fetichismo histórico-cultural e que se plasma, no noso tempo, no compulsivo e voraz afán consumista do turismo histórico-artístico. Malia a isto, ámbalas historias son compoñentes imprescindibles da conciencia histórica, pero é preciso sinala-lo seu alto potencial de degradación como instrumentos de educación. En efecto, os usos da historia escolar (desde os programas e libros de texto ata as prácticas docentes) abundaron tradicionalmente na promoción dun sentido histórico atravesado por unha concepción monumental-anticuaria do pasado posta ó servizo da construción e a perpetuación dos estados nacionais. De aí que a nacionalización das consciencias constituíra o principal obxectivo da educación histórica, recorrendo para isto a inventar sobre o territorio dos estados actuais (ou dos que aspiran a selo) pasados lendarios, “malos soños”, que, a través do ensino practicado dentro do sistema escolar, da



FONDO ÁNGEL BARCIA



FONDO ÁNGEL BARCIA

conmemoración oficial e dos despojos fetichistas (santuarios, enterramentos, puntos xeográficos e outros *lieux de mémoire* nacionalizantes) espaxados aquí e acolá, operaron e operan como elemento de identificación individual e colectiva dunha conciencia histórica pervertida por unha “crecente arela de pasado” e unha forte proclividade a escapar do presente⁹. Estes abusos retrospectivos e teleolóxicos da educación histórica fixeron que Paul Valéry, nun célebre texto, se referira á historia como “el más peligroso producto elaborado por la química del intelecto”¹⁰. Hoxe, despois de Auschwitz, xa nada pode ser igual e, como ben sinalaba Adorno¹¹, a non repetición da experiencia do holocausto ha se-la base dunha nova educación, que no caso da historia non pode descansar no regreso a unha contemplación acrítica e *nacionalizante* do pasado. Hoxe máis ca nunca, a experiencia do fascismo —forma máis alta do nacionalismo xenófobo e xenocida— debe levarnos a pensar doutra maneira, a supera-la historia coño instrumento de identificación nacional e buscar, no camiño dunha emancipación, seguindo a pista habermasiana, novas formas de “identidade razoable”¹², que algúns consideran viable a través da elaboración dun referente identificador de carácter universal¹³. Pero non semella, nin moito menos, que isto sexa suficiente. Cómpre volve-la mirada á terceira forma de concibi-lo pasado: *a historia crítica*.

A historia crítica significa axustar contas co pasado porque “todo pasado es digno de ser condenado”¹⁴ e “únicamente a aquel a quien tortura una angustia de presente y que a toda costa quiere desembarazarse de su carga, sólo ése siente la necesidad de una historia crítica, es decir, de una historia que juzga y condena”¹⁵. Esta historia deixa de ser un instrumento de identificación, porque para vivir é preciso aniquilar, axustiza-lo pasado e corta-las súas raíces a coitelo de xeito que, como sinala Foucault¹⁶, a historia devén nunha auténtica contramemoria encargada de resalta-las descontinuidades, as contradiccións e o mudable de todo o humano. É así como a historia crítica nos permite maxinar un novo ensino do pasado, un ensino que, empregando o método xenealóxico na construción da conciencia histórica dos estudantes, despraza, relega e acantoa os elementos monumentais e anticuarios do pasado poñendo no seu lugar a mirada crítica.

¿Como chegar a isto? A través dunha didáctica crítica e xenealóxica, que consiste —segundo a pegada doutras tradicións de pensamento social radical, como en España intentan algúns grupos de renovación pedagóxica adscritos a Fedicaria¹⁷— en rompe-la primacía das disciplinas académicas en beneficio da relevancia social dos asuntos seleccionados como obxectos de aprendizaxe. De modo que se propugna, fronte ó fosilizado canon do *código disciplinar*, fundamentado na parella historia universal/historia nacional, onde os contidos veñen xa dados e axustados dentro dunha artificiosa embalaxe cronolóxica, teleolóxica, *nacionalizante* e occidentalista, unha moi distinta construción do coñecemento histórico nas aulas, que persegue a formación dunha nova conciencia histórica, entendida esta como unha “interpretación de la experiencia del pasado encaminada a poder comprender las actuales condiciones de vida y a desarrollar perspectivas de futuro de la práctica vital conforme a la

hoxe máis
ca nunca, a
experiencia
do fascismo
—forma máis
alta do
nacionalismo
xenófobo e
xenocida—
debe levarnos
a pensar doutra
maneira,
a supera-la
historia como
instrumento de
identificación
nacional

experiencia”¹⁸. Unha conciencia histórica que se verifica, dentro e fóra do ámbito escolar, como construción resultante da selección “interesada” dos distintos discursos historiográficos e as variadas memorias (de clase, de xénero, de etnia) que se confrontan entre si no espacio social. Alí, no encontro entre os discursos e as memorias que nos axudan a pensar doutra maneira, ha erixirse o lugar desa contramemoria crítica imprescindible para a auténtica renovación da educación histórica.



FONDO ANGEL BARCIA

Polo tanto, dentro dun ensino da historia e outras ciencias sociais orientadas cara ó estudio de problemas sociais relevantes do noso mundo, adxudícolle a Clío a misión de desentrañar e interpreta-la natureza de tales cuestións problemáticas, e particularmente a súa insoslaible vertente histórica inherente á mesma explicación do social. Desta maneira, unha historia crítica quere dicir, en primeiro termo, un ensino capaz de *problematiza-lo presente*, de pór en cuestión as representacións ideolóxicas da realidade vivida a través do estudio dos problemas sociais que, dentro das sociedades do capitalismo serodio, impiden ós seres humanos unha vida mellor. E esa *problematización* inclúe poñer en cuestión o propio saber histórico oficial e as súas reproducións escolares, levantando e destruíndo as barreiras de

extraterritorialidade e de cousificación mediante as cales a ciencia histórica e o coñecemento escolar ocultaron a historicidade do seu significado. Porque unha historia crítica tamén supón, en segundo termo, conforme á metodoloxía xenealóxica que lle é propia, *pensar historicamente*, isto é, “pensar a partir del presente... no partiendo de su aceptación, sino de su posible supresión”¹⁹. Ámbolos postulados –*problematiza-lo presente* e *pensar historicamente*– integran o centro das proposicións que nos poden achegar ó exercicio dunha didáctica da crítica. Deteñámonos algo máis no segundo deles.

O pensamento crítico é indisoluble dunha mirada histórica porque a dimensión temporal é unha propiedade do funcionamento do mundo social ata o punto de que, na nosa mellor herdanza intelectual, as ciencias sociais foron, en certo modo, consideradas como ciencias históricas, porque, como ben di Bourdieu “recordar que todo es histórico (...) significa (...) devolver a la historia, y a la sociedad, lo que se ha atribuido a una trascendencia o a un sujeto trascendental”²⁰. Por conseguinte, a cuestión non reside en se debe ensinarse máis ou menos historia (ou calquera outra disciplina social), senón en que a aprendizaxe do social debe adquirir un certo “sentido histórico”, un certo estilo de pensamento que, en concordancia co método xenealóxico, rebusca no pasado a xénese dos problemas do presente, rompendo así con todo *esencialismo* e reduciendo os valores e as institucións existentes á súa auténtica condición de elaboracións sociohistóricas precedoiras. E esa negación do presente no pasado afástase moitas millas do vulgar pensamento histórico que presenta o hoxe como unha consecuencia racional do onte e o proceso histórico como unha mera concatenación causal necesaria orientada cara ó presente. Tendo en conta que o pasado puido ser distinto e o presente tamén, unha vez recoñecida a mutabilidade de todo o social, é posible e

porque unha historia crítica tamén supón, en segundo termo, conforme á metodoloxía xenealóxica que lle é propia, *pensar historicamente*

desexable a apertura da conciencia histórica do alumnado cara ó cambio e a transformación da sociedade. En definitiva, trátase de favorecer unha educación cívica superadora da mímese repetitiva da actual cultura histórica escolar encerrada nos estreitos marcos do canon oficial do coñecemento histórico-académico.

Por fin, pensar historicamente tamén implica reface-la conciencia histórica dos alumnos a través dunha introspección crítica das súas propias necesidades e desexos, de modo que, nos procedementos de comunicación do coñecemento histórico nas aulas (que deben ser profundamente modificados se queren ser congruentes cos dictados da crítica), se contribúa a unha “educación histórica do desexo”. Cando o coñecemento se faga desexo e este se encamiñe á consecución dunha orde social máis xusta, daquela si poderá dicirse que a historia se pon ó servicio da vida... dunha vida mellor. *

FONDO ÁNGEL BARCIA



¹ F. Nietzsche: “De la utilidad y los inconvenientes de los estudios históricos para la vida”, en *Consideraciones Intempestivas II, (1873-1875). Obras Completas*, tomo II, Madrid, Aguilar Editor, 1932, páxs. 69-154. Ademais desta edición pola que facemos tódalas citas, esta obra foi reeditada recentemente en castelán (Madrid, Biblioteca Nueva, 1999), con traducción, introducción e notas a cargo de Germán Cano.

² A. Bruter: *L'Histoire enseignée au Grand Siècle. Naissance d'une pédagogie*, París, Belin, 1997.

³ Para o caso de Francia, A. Bruter, *op. cit.* En España, por exemplo, o manual dun dos preceptores dos fillos de Felipe V, escrito en francés polo xesuíta J. B. Duchesne e traducido ó castelán polo padre Isla (*Compendio de la historia de España*), foi dos libros máis célebres no sistema escolar do século XIX. Para máis información sobre este asunto e, en xeral, sobre a historia do ensino da Historia en España, véxase R. Cuesta: *Sociogénesis de una disciplina escolar: la historia*, Barcelona, Pomares-Corredor, 1997.

⁴ Véxase o editorial sobre “El debate de la historia: de restauraciones y santas alianzas”, *Con-Ciencia Social*, núm. 2, 5-13.

⁵ “La mémoire brisée” é termo que se utiliza frecuentemente en S. Citron: *Enseigner l'histoire aujourd'hui. La mémoire perdue et retrouvée*, París, Les Éditions Ouvrières, 1984.

⁶ F. Nietzsche, *op. cit.*, pág. 75.

⁷ D. Lowenthal: *El pasado es un país extraño*, Madrid, Akal, 1998, pág. 72.

⁸ Opinión de Marx citada por D. Lowenthal, *op. cit.*, pág. 111.

⁹ D. Lowenthal, *op. cit.*, pág. 11.

¹⁰ En *Regard sur le monde actuel*. Citado por L. Verniers: *Metodología de la historia*, Publicaciones de la Revista de Pedagogía, Madrid, 1933, pág. 7.

¹¹ T. W. Adorno: *Educación para la emancipación*, Madrid, Morata, 1998, pág. 79.

¹² Expresión que se recolle nun interesante artigo R. Valls: “La didáctica de la historia en Alemania: una aproximación a sus características”, *Iber*, núm. 21 (1999), 97.

¹³ Así o propón, por exemplo, a francesa S. Citron no seu libro *L'histoire de France autrement*, París, Les Éditions de L'Atelier, 1992.

¹⁴ F. Nietzsche, *op. cit.*, pág. 93.

¹⁵ F. Nietzsche, *op. cit.*, pág. 88.

¹⁶ M. Foucault: “Nietzsche, la genealogía y la historia”, en *Microfísica del poder*, Madrid, La Piqueta, pág. 25.

¹⁷ A tradición alemana queda reflectida no xa citado artigo de R. Valls: “La didáctica de la historia en Alemania...”. Pola miña parte, tratei este tema no meu libro *Clío en las aulas. La enseñanza de la historia en España entre reformas, ilusiones y rutinas*, Madrid, Akal, 1998, e tamén no meu artigo: “La educación histórica del deseo. La didáctica de la crítica y el futuro del viaje a Fedicaria”, *Con-Ciencia Social*, núm. 3 (1999), 70-97. E, en xeral, resulta proveitoso consultarlos tres números aparecidos ata agora da revista *Con-Ciencia Social*, que en forma de anuario edita Akal e que vén a se-la plataforma de difusión das ideas dos grupos de renovación pedagóxica do ensino das ciencias sociais integrados Fedicaria.

¹⁸ J. Rüsen: “El libro de texto ideal. Reflexiones en torno a los medios para guiar las clases de historia”, *Iber*, núm. 12 (1997), 12. Tomado de R. Valls, *op. cit.*, pág. 91.

¹⁹ J. C. Bermejo Barrera e P. A. Piedras Monroy: *Genealogía de la historia. Ensayos de historia teórica III*, Madrid, Akal, 1999, pág. 123.

²⁰ P. Bourdieu: *Meditaciones pascalianas*, Barcelona, Anagrama, 1999, pág. 152.

cando o
coñecemento
se faga desexo
e este se
encamiñe á
consecución
dunha orde
social máis
xusta, daquela
si poderá dicirse
que a historia se
pon ó servicio
da vida... dunha
vida mellor



FONDO ANGEL BARDA

A CARA MERGULLADA DO PASADO PARA UNHA HISTORIA DE FUTURO

LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO

A Historia é coma un bosque no que as árbores que non teñen raíces morren”. Quen así falaba, impresionando o xornalista que recollía esta sentenza, era un descoñecido republicano español en maio de 1995. O lugar, o campo de concentración de Mathausen, co gallo da conmemoración do cincuentenario da fin da Segunda Guerra Mundial e da liberación do campo polo exército norteamericano. Un home descoñecido pero non anónimo, gracias a esta celebración que o rescatou do esquece-

mento devolvéndolle algo do que perdera e dándolle un nome: J. de Diego.

Esta é unha das funcións da Historia hoxe —coma sempre— construír unha memoria colectiva entre diferentes memorias en conflito. Unhas vencen sobre outras. Antes eran só memorias das elites ou nacionais ou de clase, agora son tamén memorias particulares e locais, de xénero e de grupos minoritarios. A historia como constructora e recuperadora de memorias ten valor de seu pero seguramente non abonda nin abundou nunca, porque a construción da memoria acompáñase sempre da transmisión de valores e de comportamentos. Neste sentido a Historia nunca pode ser —non é aínda que se pretenda— imparcial ou equidistante, moi pola contra está en todo momento cargada de intencións que en última instancia son sempre políticas dun xeito espido ou ben revestidas de retórica ou de cientificidade.

Pero vaíamos por partes. O que se nos pide é que respondamos a dúas grandes preguntas: ¿que Historia? e ¿para que?, na aula. En suma, a vella pregunta de para qué serve a Historia que levamos repetíndonos desde hai décadas pero case sempre en voz baixa. Vai sendo hora de recoñecer que a reiteración da súa formulación nos di que seguimos sen atopar respostas atinadas. Afortunadamente non se nos pregunta polos métodos de investigación, de construción da historia polos historiadores, nin polas fórmulas para transmiti-lo coñecemento na aula. Sobre o último pouco podería dicir pola miña minguada formación na materia, sobre o primeiro estou farto de tratar nas clases; de feito, nas últimas décadas de autoflaxelación historiográfica esta vía lévanos sempre a falar de métodos que proceden doutras ciencias sociais e que non sempre son aplicables á Historia. Ambas son cuestións relevantes das que nos temos ocupado quizais demasiado, tanto que decote esquecemos ou ocultamos, a forza

de métodos, a cuestión fundamental sobre a utilidade da Historia como disciplina. Nos últimos tempos a pregunta repítese pero xa en voz alta, sen enmascarala. Algún profesor tiven, moi científico, que só era quen de argüír a este respecto que servía para facer mellores películas históricas. Trala sinxeleza agóchase o recoñecemento dun problema sobre quen intervéñ máis na conformación da memoria histórica.

Para encaralo tratarei dúas cuestións que articulan estas liñas. A primeira dirixida a recoñecer un lugar común: a Historia está en crise. A segunda busca remexer nas respostas que están a darse a esta crise na procura dunha certa claridade sobre qué Historia practicar e, indirectamente, sobre o novo status que debe ter a Historia para ser practicable. Fuxindo de referencias e citas, intentarei facer algunhas reflexións sobre estas dúas cuestións. Non poden agardarse receitas pero espero proporcionar ideas realizables.

FONDO ÁNGEL BARCIA



1. ¿Que Historia?, cando está en crise a Historia

O debate sobre a crise da Historia é fundamentalmente académico e produto tamén das prácticas académicas pero repercute fóra, en todo o sistema educativo e alén

del, e atangue o papel social do historiador en tódolos seus ámbitos de intervención. O diagnóstico sobre as razóns desta crise é sobradamente coñecido: o esmiuzamento e a multiplicación de obxectos e suxeitos, tamén de espazos; a perda dunha memoria única asumida globalmente en beneficio de moitas historias particulares; o derrubamento dos modelos interpretativos que serviron ó longo do século XX, unha crise epistemolóxica. A destrución definitiva do paradigma do historicismo decimonónico que tanta fortaleza tivo aínda no século XX, especialmente na Historia escolar, foi brutal ó cabo. Mais viña sendo anunciado pola historiografía estruturalista e funcionalista que triunfou despois da Segunda Guerra Mundial e, sobre todo, pola maridaxe entre Historia e Ciencias Sociais que se leva ás últimas consecuencias nos últimos trinta anos do século XX, conducindo á subalternidade na procura dun estatuto científico da Historia sempre difícil de acadar. Chea de elementos positivos, esta viraxe do historicismo positivista ó científicismo social situou a Historia nunha crise na que deixou de recoñecerse a si mesma e ficou paralizada e deconstruída daquilo que a fixera como disciplina nos dous últimos séculos.

Pero este diagnóstico é insatisfactorio. Semella de certo que no momento actual estamos en mellores condicións para atoparmos máis respostas, para ver con máis claridade e saír da etapa de crítica autodestructiva. Para empezar, hoxe pódese comezar a fuxir da obsesión científicista, para recoñece-la Historia non como unha ciencia senón como unha forma de coñecemento rigorosa e útil, aínda que de utilidades trataremos despois. Pero, ademais, a Historia empeza a estar liberada da súa misión de xustifica-lo presente e empeza a manifestarse como a necesidade de *asumi-lo pasado*. E isto porque as transformacións dos últimos cincuenta anos contribuíron á súa democratización, abandonando a

para empezar,
hoxe pódese
comezar a fuxir
da obsesión
científicista,
para
recoñece-la
Historia non
como unha
ciencia senón
como unha
forma de
coñecemento
rigorosa e útil,
aínda que
de utilidades
trataremos
despois

a Historia
nace e
profesionalízase
ó servizo
do Estado,
cun alto
compoñente
ideolóxico e
político

xustificación dos poderosos (sexan as elites ou o Estado). De aí, da aparición doutros suxeitos antes ocultos que reclaman outras memorias, deriva en parte o esmiuzamento. Por último, porque a Historia empeza a liberarse da noción de progreso que a tivo atenazada, máis aínda ca o historicismo, desde o século XIX, en tódalas súas versións. Un síntoma desta liberación é o contraste entre o que dicía J. Fontana en 1982 en *Historia: análisis de pasado y proyecto social*, cando clamaba por unha Historia que “ha de permitírnos reconstruir una línea de progreso que pueda proyectarse hacia la clase de futuro que deseamos alcanzar” (páx. 261) e o que di dez anos despois o mesmo autor en *La Historia después del fin de la Historia*, ó recorrer a W. Benjamin para propoer unha Historia liberada da noción de progreso (páx.143).

O que aquí discutimos é a utilidade da Historia no sistema educativo; esa é a manifestación da crise que nos interesa, aínda que está moi vinculada a todo o anterior. Porque a utilidade máis evidente da Historia no sistema educativo ía ligada á formación do espírito nacional e á xustificación das estruturas políticas do presente, e iso hoxe está en crise aínda que siga sendo a práctica corrente. Como tamén o está polo tanto a función social do historiador, pois os historiadores serviron primeiro para construíren a memoria dos poderosos e despois estiveron ó servizo dos estados e das nacións que se queren construír aspirando a ser estados ou de proxectos ideolóxicos concretos. Así naceu a historia profesional e como disciplina escolar, tal como se segue a entender hoxe, unida á construción nacional no século XIX e para cumprir unha función nacionalizadora da cidadanía. Para isto foi fundamental o papel da escola na Francia posrevolucionaria con Guizot, na España liberal, nas repúblicas americanas, na Italia e na Alemaña unificadas ou nos Estados

Unidos. Neste último caso, a Asociación de Historia Americana serve para construír unha Historia profesional entendida como nacional, cando despois de rematada a guerra civil e mailas guerras indias culmina o seu proceso de unificación. En 1884 só había 11 profesores de Historia nas universidades da Unión que se converterán en 1200 no ano 1900, que contribuíron a socializa-la nova identidade nacional dos Estados Unidos.

A Historia nace e profesionalízase ó servizo do Estado, cun alto compoñente ideolóxico e político. Desempeña o papel de formar cidadáns nos valores atribuídos ó Estado nacional e convértese nunha selección e narración de glorias nacionais, preferentemente heroica. Sobre este modelo vanse construíndo as diferentes versións, máis en sintonía co poder ou alternativas, pero arredor dos proxectos políticos en liza. Con matices diferentes—como pode verse no século XIX español—, en función das distintas propostas políticas ou dos distintos proxectos que dominan o Estado, desde a Historia conservadora á máis progresista. Da que reivindicou as “liberdades” medievais ou a

FONDO ÁNGEL BARCIA



monarquía borbónica do XVIII, á que recupera a Historia da unidade desde Hispania ó Imperio dos Habsburgo, pasando polos reis visigodos e, por suposto, polos Reis Católicos. E así seguen hoxe en ton menor, baixo a fórmula da conmemoración, cando uns recuperan o Imperio e a Felipe II e outros pola contra a Carlos III, buscando no pasado os modelos que xustifican o presente. E o historiador ó seu servizo. Pero a diferenza das do século pasado, ás sociedades actuais xa non lles interesa o pasado para construírense e xustificárense, nin está presente no debate político. Pola contra, son as disciplinas que interpretan o presente ou as prospectivas, as que pescudan o futuro, mesmo o máis inmediato, as que interesan social e politicamente. De aí deriva unha sorte de despreocupación pola historia que devén en ignorancia do pasado e descoñecemento da configuración histórica do presente.

Aquela Historia nacida como nacional e ó servizo do Estado está hoxe inhabilitada para o presente e para o futuro por mor da crise do estado-nación decimonónico, que está a ser superado por riba e por baixo. Por riba debido á globalización e a organización supranacional, moi evidente no caso da Unión Europea, pero tamén pola capacidade de supera-los límites da vella soberanía nacional que se manifestan nos anos noventa, en Europa coa crise de Kosovo ou en Asia coa de Timor Leste. Un principio este, o da soberanía nacional, que é dobremente discutido hoxe no Reino Unido no ámbito da soberanía monetaria e no da xurisdiccional, a propósito da implantación do euro que suporía a fin da libra esterlina e por causa do xuízo a Pinochet, respectivamente. Por baixo, polo xurdimento de realidades plurinacionais en toda Europa, de Fisterra ós Urais, ou multiculturais e multiétnicas tanto en Europa coma en todo o mundo: dos hispanos nos Estados Unidos ós musulmáns en Francia, pasando pola resistencia a desaparecer de

moitas formas culturais indíxenas en todo o continente americano, en África, en Asia ou no Pacífico. Tamén porque na segunda parte do século XX a Historia perdeu sentido como instrumento nacionalizador da cidadanía, aínda que máis ben habería que dicir que cumpriu o ciclo no que desempeñou ese papel; mesmo cómpre recoñecer que o desempeñou con suficiente eficacia como para perder utilidade. Nas últimas décadas empezou a ser substituída por poderosos altofalantes, os novos medios de comunicación de masas, que repetían e decote melloraban, desde o punto informativo e formal, a transmisión da vella memoria histórica xa construída polos historiadores. Estraña, en todo caso, o decaemento da Historia profesional fronte ó pulo da Historia popular vulgarizada.

Pero aínda que a Historia estea mancada, a historia non se detén, segue e mesmo volve manifestarse coa aparencia de vellos problemas que semellaban superados hai só dez anos, cando menos na forma en que foran coñecidos no pasado: o fundamentalismo relixioso, a xenofobia e o racismo, a guerra en Europa (outra volta nas vellas polvoreiras dos Balcáns); o neoliberalismo que prima o papel do mercado e do individualismo rachando antigas solidariedades. A propia evolución da historia, chea de retornos, fai po por certo a noción de progreso.

Con crise ou sen crise, a construción da memoria colectiva é unha necesidade social e unha tarefa en calquera sociedade..., outro asunto é cómo e por qué vías. Esa é a reflexión que os historiadores temo-la obriga de facer. Qué construímos ou aprendemos e para qué. Porque tódalas sociedades son un produto histórico e porque a escola segue a crear ou modular esas identidades que nos definen. Por iso cómpre reafirma-la capacidade da Historia desde o punto de vista cívico e de formación de valores que tivo nos dous últimos

con crise ou
sen crise,
a construción
da memoria
colectiva
é unha
necesidade
social e unha
tarefa en
calquera
sociedade...,
outro asunto
é cómo e
por qué
vías

o que se propón é unha Historia universal e democrática dos valores en función dos problemas do presente e atenta ó futuro

séculos, pero agora para afrontar outros, diferentes dos nacionalizadores e en competencia con outros ámbitos de produción de valores, algúns que xa existían antes da escola pública contemporánea e que seguen existindo: a familia, as relixións..., outros, radicalmente novos como os medios de comunicación. Neste medio é no que a Historia ten que actuar dentro da aula e moito tamén fóra dela, aínda que ese é outro conto.

O que se propón é unha Historia universal e democrática dos valores en función dos problemas do presente e atenta ó futuro. Un ideal que todos estaríamos dispostos a asinar pero que, alén do indubidable idealismo que se lle poida atribuír, fundaméntase nas tendencias que substantivan a actualidade da disciplina histórica e nas múltiples reflexións aparecidas na última década sobre qué Historia practicar. De entrada, nesta fin de século apréciase unha certa recuperación do ideal de Historia universal que conduce á construción de explicacións xerais e que deriva dos riscos que caracterizan con máis forza o presente: o aparente declive dos estados-nación e a construción de plataformas e institucións transnacionais (liderados polo modelo da construción europea), a fin da guerra fría e do mundo bipolar, a mundialización etno-cultural, a globalización económica e o carácter planetario da problemática ambiental. Da vella historia de glorias nacionais tense de pasar a unha nova historia universal de valores transmisibles na aula. Pero naturalizando a reivindicación das memorias particulares e comunitarias que fan aparecer novos problemas e lugares da memoria colectiva, o que forma parte dunha democratización da Historia que enlaza coa Historia desde abaixo e a fortaleza da Historia social. Na actual conxuntura historiográfica collen forza dúas tendencias aparentemente contradictorias: a recuperación do ideal de Historia universal e o

pulo da Historia local e das memorias particulares. A suposta diverxencia entre ámbalas orientacións dilúese se somos quen de recoñecelas nas tendencias do presente, caracterizadas polo impulso do global e do local. Unha Historia atenta ó futuro e previsorá respecto dos seus problemas, que se manifestan xa no presente, preocupada polos valores da democracia, a convivencia e aqueles de carácter universal que naturalicen a aspiración democrática da sociedade actual, atendendo polo tanto, as demandas sociais e locais de construción da memoria, no que o historiador debe atopar de novo o seu papel.

FONDO ÁNGEL BARCIA



2. Unha historia para a formación de cidadáns

Nun interesante debate entre historiadores sobre a Historia ante o século XXI, celebrado en 1993 en Santiago de Compostela, algúns dos máis reputados participantes (J. Fontana, J. J. Carreras e R. Zangheri) defenderon a superioridade da Historia fronte a outras ciencias sociais como forma de coñecemento da sociedade. Sobre este presuposto, unha das conclusións daquel encontro foi a necesidade de facer explícitos os valores que defendemos os historiadores cando construímo-la memoria colectiva, procurando responder ás seguintes preguntas: qué memoria, con qué fins, incorporando qué valores e para lexitimar qué. Neste sentido, o historiador pode lexitimar unha vía única e inexorable de

transformación que conduce ó presente ou valoriza-las alternativas, mesmo formulando hipóteses contrafactuais; lexitimar con autocompracencia o presente ou crítica-los abundantes desastres que o converten nunha realidade inxusta e insatisfactoria desde unha posición que ten o mundo como referencia.

O coñecemento histórico ten que recuperar-lo seu papel no sistema educativo e resituarse nel co sentido suficiente. Pero ha demostra-la súa utilidade para este obxectivo, en relación coa necesidade que a



sociedade segue a ter de conforma-la súa memoria histórica e ofrecer para esta as respostas adecuadas. A alternativa, que tamén é posible, é unha sociedade sen memoria histórica ou, máis ben, cunha memoria construída enteiramente fóra do sistema educativo. Se antes atendía a formación de cidadáns desde os valores do estado-nación, agora ten de definir cómo formalos no ámbito dos valores democráticos universais e transnacionais. Unha historia de carácter universal con valores e presupostos universais compatible coas memorias locais e particulares. Para iso, a disciplina histórica debe asumir-las mudanzas do presente e atende-las necesidades do futuro.

Os historiadores temos que ser capaces de formular unha historia aplicada ó futuro que teña en conta e recoñeza os problemas

do presente. Construída para as necesidades da sociedade actual e capaz de atender e contribuir a conxura-los problemas da sociedade futura. Esta cuestión, que a penas atopou respostas no citado debate de 1993, empeza a ser cada vez máis necesaria e máis doada de afrontar, mesmo esquematicamente, sobre a base dos grandes problemas que no presente ten a Humanidade: algúns moi vellos, por moito que teñan novas formas de manifestárense, como a fame (en canto forma extrema de desigualdade) e a guerra (como forma de solución de conflitos); outros relativamente novos que poden preverse en relación cos riscos que caracterizan o presente e que xa foron sumariamente enunciados. Entre estes últimos destacaría dous: a necesidade de arrostrar historicamente os conflitos derivados da mundialización cultural e a crise ecolóxica, radicalmente nova na súa manifestación planetaria. Pouco se ocupa a Historia que explicamos dos problemas que está a provocar e provocará a futura sociedade mestiza. Estraño descoido pola nosa parte, cando o pasado está precisamente repleto de mestizaxes e sabemos que as nosas sociedades están chamadas a asumir un renovado e conflictivo carácter multiétnico. Ese pasado está tamén acugulado de sociedades fundadas sobre equilibrios ecolóxicos baseados na capacidade de deseñar e empregar tecnoloxías ecoloxicamente viables e do seu correlato: os desastres ambientais. A diferenza, non pequena, é que estes eran antes locais ou rexionais e na actualidade e no futuro han ser, son xa, planetarios, como consecuencia da asombrosa capacidade da humanidade para deseñar e empregar tecnoloxías que destrúen o ecosistema mundial.

Trátase, sobre estas bases, de conformar unha Historia que dea conxurado os perigos de convivencia e de formar cidadáns con valores plurais e democráticos. Aí reside o seu carácter formativo, porque na actual sociedade da información non é

os historiadores
temos que ser
capaces de
formular unha
historia aplicada
ó futuro
que atenda
e recoñeza os
problemas do
presente

asumindo unha perspectiva máis concreta e practicable desde o punto de vista educativo nunha sociedade dada, a nosa sen ir máis lonxe, cómpre dotármonos dunha Historia capaz de facer aflora-la memoria mergullada

necesario achegar un volume de información abafador; pódese aproveitar, en troques, moita da que circula. Unha Historia que formule, consonte a súa demostrada condición de disciplina relacional, a complexidade do pasado fronte ó aparente esquematismo e a inmediatez do presente, de calquera presente. Unha Historia transfronteiriza que dea conta dun pasado tamén transfroteirizo, no canto de facer fincapé nos lindes do estado-nación coma nos últimos dous séculos.

Asumindo unha perspectiva máis concreta e practicable desde o punto de vista educativo nunha sociedade dada, a nosa sen ir máis lonxe, cómpre dotármonos dunha Historia capaz de facer aflora-la memoria mergullada. Non por curiosidade arqueolóxica, senón por formación cívica e hixiene social. A historia mergullada é case sempre unha historia popular e de masas, a que lle interesa a unha sociedade democrática de masas. Unha Historia que asuma ademais as distintas fontes de conformación da memoria colectiva, que nunca, nin hoxe nin no pasado, foi creada en exclusiva polos historiadores. Aínda que nalgún tempo puidemos ter esa ilusión: se antes foi a familia ou a relixión, hoxe son os medios os que transmiten e mesmo constrúen a memoria histórica que devén socialmente admitida. Isto pode ser aproveitado ou padecido. Polo de agora, na competencia entre a nova memoria histórica creada polos medios e a vella memoria histórica que segue a ser transmitida nas aulas, semellan saír gañando os medios. Nunha sondaxe de 1994 para unha revista francesa, o 46 % dos entrevistados consideraba os medios audiovisuais, sobre todo a televisión, como o lugar prioritario de aprendizaxe da historia; actúa, polo tanto, como principal forxador da memoria. Esta semella se-la realidade, que ás veces pode contribuír a unha certa alienación pola capacidade dos medios, no marco da globalización, para construíren



FONDO ANGEL BARCIA

memorias socialmente antihistóricas ou descolocadas respecto das sociedades concretas. Corrémo-lo risco de que os nosos rapaces, a través do cine, e máis despois da *titanicmania*, identifiquen máis doadamente a emigración irlandesa cá súa propia memoria colectiva da emigración galega. Pero é que na mesma sondaxe que se citaba, a metade dos entrevistados demostraba que a súa relación co pasado non ten que ver co seu paso polas aulas, cos libros de Historia ou coa propia memoria familiar, senón co turismo cultural e a visita a museos ou lugares definidos (¿por quen?) como históricos. Isto último lévanos fóra da aula e máis lonxe do que aquí podemos ocuparnos, pero non pode ser desatendida nesta reflexión.

Non se pode construír memoria esquecendo, e isto é o que decote facemos. Para rematarmos, só tres exemplos do sentido social e histórico que ten no presente a recuperación dese pasado mergullado: os mulatos en Centroamérica, Galicia e Portugal e a Guerra Civil española.

No Estado español, o esquecemento da Guerra Civil e do franquismo por mor das necesidades políticas da transición constitúe unha lacra de consecuencias que cómpre prever. Esquecida como segue, rebrota por tódalas partes nos comportamentos políticos e electorais. Non é preciso referirse ó que reflicten arreo os xornais, a literatura, o cine, as conversas familiares das



FONDO ÁNGEL BARCIA

grandes ocasións; simplemente hai que lembrar que non forma parte nin do debate principal dos historiadores nin centra a aprendizaxe da nosa historia contemporánea. Mais é necesario saber que por tras dese esquecemento hai unha igualación de vítimas e verdugos asimétrica porque non pode compararse desde os valores democráticos actuais a Franco con Azaña. Urxe enfrontarse a ese pasado por unha cuestión de profilaxe social e de establecemento de valores cívico-democráticos dos que non andamos sobrados. Que non o fagamos é en por si un síntoma da inmaduridade da nosa democracia que partillamos con Arxentina, con Chile ou con Irlanda, por citar unha guerra civil aínda anterior á española que tampouco foi conxurada historiográficamente. Este esquecemento do pasado constitúe un erro do que somos responsables a comunidade dos historiadores, prendidos outra volta das conveniencias políticas conxunturais. Trátase dun erro que aínda non resulta perigoso pero que pode chegar a selo. Porque non se trata de que un ministro da dictadura como Fraga siga en activo en Galicia, mentres en Cataluña a dereita e a esquerda que agora se enfrontan teñen líderes de probado antifranquismo. Iso é só un síntoma das diferencias entre ámbalas sociedades e un asunto que alimenta lexitimamente, aínda que ás caladas, o combate político. O problema é que iso constrúe para o futuro a memoria da impunidad e o *camaleonismo* político que permitirá reivindicar mañá memorias antide-

mocráticas, como xa se está a facer hoxe. Por moito que Fraga evolucionara —e fíxoo e iso hónrao—, nunca, que se saiba, criticou o franquismo ó xeito de Ruiz Giménez, Ridruejo ou Laín Entralgo, e iso denígraos desde os valores democráticos.

En canto a Galicia e Portugal, o recoñecemento da súa relación histórica constitúe unha vía inmellorable para cuestionar as fronteiras no marco da Unión Europea e da necesaria reformulación dos estados-nación decimonónicos e para rearticulalas formas de soberanía que están hoxe definidas como inamovibles. Trátase tamén dunha historia mergullada, dunha historia cultural e popular máis coñecida pola vía de fragmentarias memorias locais e familiares ou intelectuais ca pola construción dunha Historia por parte dos historiadores profesionais e que, en todo caso, a penas ten chegado ás aulas. Non se nos pode esquecer a importancia de cara ó futuro de recoñecer a permeabilidade da fronteira ata que se establecen ámbalas dúas dictaduras ibéricas. O contrabando, a emigración, a cultura común de fondos raigaños que o idioma testemuña, foron vías de comunicación de gran forza histórica sobre as que cimentar realidades de futuro que xa están sendo tanxibles e que non teñen nada de novo máis que para os non avisados: a circulación de capitais, de traballadores e de proxectos comúns está a asombrar a quen o observa en termos de fronteira, que en moitos sentidos foron no pasado máis febles do que os últimos cincuenta anos e a historia das glorias nacionais respectivas fixeron pensar. Había fortalezas na fronteira pero tamén coutos mixtos. Había tamén conflitos populares entre galegos e portugueses pero eran semellantes ós que pode haber entre pobos veciños e rivais, do tipo dos receos entre galegos e maragatos. Por ensaialo suxestivo xogo contrafactual, xa que a alternativa historicamente existiu: pensemos que xa que Porto segue a estar no

en canto
a Galicia e
Portugal, o
recoñecemento
da súa relación
histórica
constitúe
unha vía
inmellorable
para
cuestionar as
fronteiras
no marco da
Unión Europea

esta década dos noventa, anunciada como a da fin da Historia, estase a converter na da vinganza da Historia: todo se move e o pasado semella emerxer cunha forza insospeitada polos analistas do presente e esquecida polos historiadores

**LOURENZO FERNÁNDEZ
PRIETO**

DEPARTAMENTO
DE HISTORIA
CONTEMPORÁNEA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

territorio histórico da Gallaecia do sur, Santiago podía ter sido, tamén no presente, a cerna do Norte de Portugal.

Por último, a cuestión dos mulatos en América Central, que expuxo recentemente nos *Encuentros por la Historia*, celebrados na Universidade Nacional de Costa Rica, o profesor Lowell Gudmunson, paréceme un exemplo perfecto de para qué serve a Historia. Tódalas sociedades centroamericanas teñen un forte discurso racista antinegro, con consecuencias sociais e económicas coñecidas. Sen embargo, o profesor Gudmunson demostra cómo unha parte importante dos líderes e presidentes centroamericanos do XIX foron mulatos ou mestizos que, con todo, negadores dun discurso racial do que se liberan á vez que do Imperio, en beneficio da súa nova condición de cidadáns, pasaron á Historia como brancos, nunca sociedade mestiza na que os brancos de verdade teñen garantida a súa posición de privilexio e os negros máis indisimulados ficaron condenados á discriminación que compararán cos negros inmigrantes ata hoxe.

A historia mergullada (non a que ocasionalmente ou inopinadamente, nin sequer intereseiramente transmiten os medios) é a que nos interesa ós historiadores desde o punto de vista social e educativo como constructores e transmisores das memorias colectivas. Como ben dixo R. Aron, a Humanidade leva consigo unha historia que descoñece. Esa é a que debe coñecer a sociedade, e os historiadores somos os que debemos aprenderlla. O presente, moitas veces confuso e difícil de caracterizar, demostra a forza desta historia oculta e os perigos da historia negada, e de paso a inadecuación para o presente da historia de glorias nacionais, como acabamos de ver en Kosovo. Ademais, o presente esixe lecturas históricas e conciencia histórica. Esta década dos noventa, anunciada como a da fin da Historia, estase a

converter na da vinganza da Historia: todo se move e o pasado semella emerxer cunha forza insospeitada polos analistas do presente e esquecida polos historiadores. Esa historia mergullada, á que se ten referido, entre outros, A. Uslar Pietri, protagoniza as máis importantes reflexións sobre a memoria nesta década, non polos historiadores senón pola sociedade e os seus comunicadores, que moi poucas veces son historiadores de profesión. En 1999 concedéuselle o Nobel a Günter Grass “pola súa forma de descubrir e recrea-lo rostro esquecido da historia”, en palabras da Academia sueca. Un autor comprometido coa idea de que “a historia perséguenos e hai que asumila” e xa advertiu hai corenta anos no *Tambor de latón* que o fascismo non era irrepitible. Un progresista que rachou co sentido teleolóxico do progreso para facernos comprender que a historia pode repetirse.

BIBLIOGRAFÍA BREVE: diagnósticos sobre a crise, propostas de saída e novas formas de facer Historia:

Burke, P. (ed.) (1993): *Formas de hacer Historia*, Madrid, Alianza.

Dosse, F., (1989): *La historia en migajas*, Valencia, Eds. Alfons el Magnanim.

Fernández Prieto, L. (1994): “A Historia no século XXI. Crónica e resultados dun debate sobre a Historia no futuro” *Historia y Crítica*, IV, páxs. 283-301.

Fontana, J. (1982): *Historia: análisis de pasado y proyecto social*, Barcelona, Crítica.

Fontana, J. (1992): *La Historia después del fin de la Historia*, Barcelona, Crítica.

Gudmunson, L. (1999): “Los mulatos y las naciones en Centroamérica”, en *Encuentros por la Historia*, UNA, Heredia, Costa Rica (pro.ms.)

Levi, G., e J. C. Schmitt (eds.) (1996): *Historia de los jóvenes* (2 vols.), Madrid, Taurus.

Moradiellos, E. (1994): *El oficio de Historiador*. Madrid, Siglo XXI.

Barros, C. (ed.) (1995): *Historia a Debate*, Santiago.

VV.AA. (1999): *Historia contrafactual*, Madrid, Taurus.

Zeldin, T. (1996): *Historia íntima de la Humanidad*, Madrid, Alianza.

O PAPEL DA HISTORIA NO ENSINO

HELADIO ANXO FERNÁNDEZ MANSO / RAMÓN LÓPEZ FACAL

“Coñecer para comprender: esa é a tarefa aínda pendente”

(Santos Juliá)

“A cultura non é a pureza, senón o matiz. Unha persoa cultivada é alguén que accede a un mundo de maior calidade, no que as cousas non aparecen simplificadas”

(Alain Finkielkraut)

“Sempre tiven a convicción de que os erros dos alumnos responden máis ó xeito de formula-las preguntas ca á ignorancia dos estudantes”

(Miguel Artola)

A polémica sobre a Historia no ensino

A Historia parece estar de moda se temos en conta a súa presenza nos medios de comunicación. A polémica sobre o papel da Historia no ensino foi un dos acontecementos que contribuíu en maior medida a situar a Historia no ollo do furacán da opinión pública; tamén asistimos a unha febre conmemorativa de personaxes e acontecementos históricos, efemérides laudatorias de Felipe II ou Cánovas, ou os fastos da fin do milenio. Estes asuntos teñen en común que as interpretacións do pasado están determinadas sempre por posturas, ideas e intereses do presente e o valor que se lles atribúe ás interpretacións do pasado á hora de xustificalo que se fai ou se pensa en cada momento.

A polémica aberta pola exministra Aguirre no seu alarmista discurso na Real Academia da Historia cuestionaba a reforma educativa (LOXSE). Para descualificala criticou a ausencia de contidos de

Historia de España no currículo de secundaria —o que non é certo, xa que agora en 2º de bacharelato existe unha materia común de Historia de España, da que se examinan os alumnos na selectividade— e realizou afirmacións como:

“(…) asombroso arrinconamiento de la enseñanza de la historia en los planes de estudio... Un alumno puede atravesar por entero sus diez años de escolarización obligatoria sin escuchar una sola lección sobre Julio César o sobre Felipe II... En la enseñanza obligatoria la Historia se ha reducido a un somero estudio de la Edad Contemporánea, por no decir lisa y llanamente del mundo actual. La cronología brilla por su ausencia. Y el estudio de las grandes personalidades históricas se ha visto reemplazado por un análisis de estructuras tratado bajo la óptica metodológica, no de la Historia, sino de las Ciencias Sociales”.

No debate que seguiu a esta intervención participaron case exclusivamente políticos e profesores de Universidade, e estiveron ausentes especialistas en Didáctica. O profesorado de ensino medio tampouco foi consultado. Publicáronse moitos artigos e estudos, realizáronse debates nos medios de comunicación nos que se lle atribuíu autoridade sobre estes temas a calquera “intelectual”, aínda que descoñecese case todo sobre o ensino e a historia. O

FONDO ÁNGEL BARCIA



a historia
serve para
potenciar e
xustificar
identidades
nacionais.
Isto puido ser
certo no século
XIX, pero
non na
actualidade

suposto debate sobre as Humanidades en xeral centrouse unicamente na materia de Historia de España, incluso sobre se existe unha Historia de España; tal debate polarizouse entre nacionalistas españois e nacionalistas “periféricos”, con algunha presenza dos que cren que hai que combinar unha visión integradora da historia de España atendendo tamén a diversidade dos distintos ámbitos territoriais e políticos. Sen entrar no fondo do debate, debemos destaca-lo feito de que a súa existencia pon de manifesto o convencemento de que a historia serve para potenciar e xustificar identidades nacionais. Isto puido ser certo no século XIX, pero non na actualidade. A irrupción doutros instrumentos de creación (invención) da identidade colectiva –como os medios de comunicación de masas e a difusión masiva de elementos simbólicos– contribúen en maior medida a conforma-lo *sentimento nacional* (lingua, festas, selección de fútbol, tradicións, conmemoracións, etc.).

A exministra critica tamén que só se estudie Historia Contemporánea. Se hai que seleccionar contidos –non é posible estudar desde as orixes toda a historia–, se o que se quere é que os alumnos saiban Historia, é preciso seleccionar contidos significativos. Se o que se pretende é que os alumnos coñezan o presente, cómpre prestarlles máis atención ós acontecementos dos dous últimos séculos. Cos contidos establecidos no BUP nunca se chegaba a estudia-la Historia Contemporánea, pola desmesura dos temas programados. O enfoque enciclopédico dificulta seriamente a aprendizaxe da maioría da poboación.

A ministra, politicamente conservadora, tamén o é na súa concepción da historia, cando se refire á ausencia de grandes persoeiros. Pretende que os alumnos teñan como modelos, como arquetipos históricos, os triunfadores, os caudillos, e non se cuestiona que non coñezan as condicións

en que vivían os escravos no Imperio Romano ou os campesiños do século XVI.

A obsesión case enfermiza por ataca-la LOXSE leva a propalar valoracións negativas sobre os resultados. E iso que ata este curso (1999-2000) non se implantou de forma xeneralizada. Malia isto afirmase que xa é o momento de “efectuar una evaluación de la secundaria, dado el alto nivel de fracaso escolar que hai en este nivel educativo” e sen facer un estudio rigoroso tiran a conclusión de que “El sistema de evaluación y promoción automática es una de las causas de los problemas de la secundaria, pero puede ser más grave en primaria” (Jorge Fernández, secretario de Estado de Educación, *El País*, 8-9-1999). Sen embargo, este argumento apresurado e interesado contrasta co que pensa a directora do informe *Combatendo o fracaso escolar na escola*, elaborado pola OCDE, Karen Kovacs: “As repeticións de curso en educación secundaria obrigatoria, lonxe de reduci-lo fracaso escolar agrávanlo e perpetúano” (*El País*, 10-9-99).

Nunca coma no momento actual houbo tantas persoas que, nin en número absoluto nin porcentualmente, dispuxesen de tal cantidade de coñecementos. Hai trinta anos, a escolarización dos mozos de 16 anos andaba polo 10 % e na actualidade é de case o 100 %. Cada vez hai máis persoas escolarizadas e, polo tanto, o número dos que non cumpren os obxectivos –excluídos antes do sistema– aumenta, pero sen dúbida tamén aumentou o número dos que aprenden, aínda que se noten menos na aula. E tampouco antes todos eran bos estudantes. O fracaso escolar –existente antes e agora– débese non só a causas sociais e familiares, senón tamén ás carencias do propio sistema. Carencias que non van no sentido que as autoridades queren darlle. O principal problema escolar é a falta de medios (non exclusivamente materiais), sobre todo as que implican unha mellor atención ós alumnos. Para

isto, cómpre formar mellor os profesores –ata o de agora esa formación é practicamente autodidacta–, dotar axeitadamente os centros de profesorado necesario para cada materia e reduci-lo número de alumnos por aula. Intentan confundir-la opinión pública cando nin sequera chegan a cumpri-lo que está lexislado.

FONDO ÁNGEL BARCIA



¿Para que estudar Historia?

A resposta á pregunta que encabeza este apartado pode parecer retórica: estúdiese Historia para aprender Historia. Pero non todos entenderon e entenden o mesmo por “aprender historia”. O papel da materia e do sistema educativo en xeral foi, desde o século XIX, formar bos cidadáns. Os estados liberais do século XIX implantaron o ensino obrigatorio para toda a poboación para lexitimárense, buscando no pasado feitos reais ou inventados que xustificasen no presente as estruturas políticas creadas. O nacionalismo é unha ideoloxía que xurdiu no Estado liberal para difundir entre os cidadáns a conciencia de “necesidade” dun Estado nacional. Ata a implantación do sufraxio universal, a

ciudadanía, e polo tanto a educación, estiveron reservadas a unha minoría. A educación foi un instrumento importante, pero non único, na creación desa conciencia nacional, o que non impediu que en territorios sen Estado e, xa que logo, sen sistema educativo propio, xurdira o nacionalismo. Así, en España, emerxeron nacionalismos “periféricos” malia á existencia dun único sistema educativo “nacional” (español). E tamén estes nacionalismos alternativos recorreron ó pasado, real ou imaxinado, para xustificaren as súas reivindicacións políticas.

O ensino da Historia buscaba a identificación dos estudantes co imaxinario colectivo, para formar patriotas. Os cambios sociais levaron a cambios educativos, pero os sucesivos gobernos pretenderon sempre co ensino da Historia unha identificación afectiva, non racional, da poboación cun proxecto político concretado no Estado nacional, fose baixo a súa formulación liberal, democrática ou dictatorial. Hoxe en día a lexislación educativa oríentase cara á lexitimación do Estado español como unha nación europea, pluralista, solidaria e democrática. En teoría, o ensino da Historia debe responder a eses criterios, pero a polémica que tratamos no apartado anterior demostra que os mitos nacionalistas aínda seguen sendo importantes. Non só están presentes no debate político e nos medios, senón tamén –e como non podía ser doutra maneira– na escola. Unha función do sistema educativo, non só da Historia, segue a se-la de formar identidades nacionais, pero non se ocupa da súa análise crítica.

O ensino da Historia debe abrangue-la valoración do que hai de “invención da tradición” e doutros aspectos históricos do discurso político. O pasado ten de analizarse sen *esencialismos*, diferenciando a información dos mitos. Aínda que os textos legais o recoñecen así, o que en reali-

os Estados liberais do século XIX implantaron o ensino obrigatorio para toda a poboación para lexitimárense, buscando no pasado feitos reais ou inventados que xustificasen no presente as estruturas políticas creadas

o cometido da Historia no sistema educativo debe ser —como se afirma na lexislación vixente— formar persoas críticas coa realidade social e non se limitar a transmitir un gran número de informacións históricas

dade se ensina segue estando impregnado dunha visión determinista do pasado e seguen xustificándose as estruturas políticas do presente, como se pode comprobar na análise de libros de texto. O papel da escola e do ensino da Historia debe romper cos hábitos adquiridos.

A maioría dos estudantes reciben informacións e aprenden desde ámbitos distintos ó docente. A maioría das persoas aprenden as máis das cousas no seu medio sociocultural. Para dicilo en palabras de alguén tan pouco sospeitoso de radicalismo como o presidente do Consello Escolar do Estado, Piñeiro Permuy: “la función de la escuela ha cambiado. Hace 40 años, la familia, la escuela y la calle eran los únicos agentes socializadores, pero en la actualidad, los jóvenes pasan muchas horas en contacto con los medios de comunicación, hasta el punto que una hora de televisión puede influir más en un chaval que todo un día de clase”, por este motivo cre “que la escuela debe inculcar al alumno el espíritu crítico necesario para procesar toda esta información que le llega por otros medios” (*El Correo Gallego*, 11-9-99). O que Piñeiro entende por “espírito crítico” non coincide co significado que nós pretendemos darlle, pero é evidente que a cultura está cada vez en maior medida fóra das aulas e a escola non pode competir, en ningún modo, cos medios de comunicación en proporcionar información.

O debate social sobre a educación é case permanente e presenta trazos contradictorios. Por unha banda, hai unha crítica constante da escola e dos seus membros (“a escola non serve para nada”; “os profesores son uns lacazáns que a penas traballan”) e por outra son cada vez máis os contidos educativos. Non só se pretende que na escola se ensinen novas tecnoloxías, senón tamén que se faga fronte a problemas cos que nin a familia nin a sociedade se dan encarado: a violencia xuvenil, os malos

hábitos alimentarios e hixiénicos, o consumo de drogas, a educación viaria, etc. Os contidos son cada vez maiores e, como di Ignacio Pozo: “parece que cada vez aprendemos menos porque cada vez se nos exige conocer más cosas y más complejas”.



FONDO ÁNGEL BARCIA

O cometido da Historia no sistema educativo debe ser —como se afirma na lexislación vixente— formar persoas críticas coa realidade social e non se limitar a transmitir un gran número de informacións históricas. Os valores e as actitudes deben se-lo prioritario: educar persoas solidarias e preparadas no exercicio e a defensa das liberdades persoais e colectivas. Pero aínda domina un *culturalismo* carente de sentido na actualidade. Moitos profesores escandalízanse máis porque un alumno diga que Colón foi o primeiro que deu a volta ó Mundo, que porque, ese mesmo alumno, manifeste actitudes machistas.

Sendo prioritaria para nós a educación en actitudes e valores, a Historia como ciencia ten tamén uns procedementos (o “saber facer”) e uns conceptos propios. As actitudes e os valores que pretendemos que os adolescentes usen na vida cotiá

teñen que basearse en coñecementos. As celebracións polos alumnos do Día da Paz, da Árbore, da Muller... e as declaracións de valores que logo non practican, serven de ben pouco se non constrúen conceptos sobre os que fundamentais.

A función da Historia na escola non debe limitarse a transmitir un gran número de informacións, senón a planificar e seleccionar contidos e estratexias educativos que axuden ó alumnado a interpretar, analizar, dudar, relacionar, valorar... as propias representacións sociais —a percepción acrítica que se ten asumida da realidade— que condicionan as súas actitudes, e propiciar que reelaboren as informacións fragmentarias que reciben sobre un determinado acontecemento, ata seren capaces de reformula-los datos nunha opinión propia, conscientemente fundamentada, que lles facilite a comprensión do presente, contribuíndo a transformalo nun futuro de maior xustiza social. É, polo tanto, imprescindible que se teñan claras as finalidades educativas perseguidas e seleccionar en función delas os contidos e a forma de estudialos.

¿Que historia ensinar? Os contidos

Tendo en conta as metas enunciadas, cremos que se deben selecciona-los contidos incorporando valores educativos, procedementos e conceptos históricos que sexan máis relevantes para conseguilo coñecemento (a comprensión) deses valores e rexeitar prexuízos arraigados na sociedade que poden facer que as persoas sexan manipulables.

Cantas máis informacións diversas se inclúan no currículo, inevitablemente será máis superficial o seu ensino-aprendizaxe; e, inversamente, o afondamento na aprendizaxe de conceptos e procesos históricos implica a selección e delimitación dos con-

tidos. Algúns parecen estar convencidos de que cantas máis cousas se lle contan (ou se lle pidan) ó alumnado, máis aprenderá. Cando profesores e libros “fan coma que” ensinan, o alumnado, en xusta correspondencia, “fai coma que” aprende, repetindo o que di o manual ou outro libro. O profesorado, por outra banda “fai coma que” avalía cando só toma en consideración as reproducións. Non hai aprendizaxe cando alguén non modifica os seus esquemas previos e non pode, despois, utiliza-lo aprendido en distintos contextos. Se non existe unha planificación axeitada de problemas sociais que poidan ser tratados na aula, adaptados tanto ó tempo dispoñible coma ás capacidades do alumnado, a validez da aprendizaxe será moi relativa.

O problema non está na escaseza de contidos (que os alumnos saiban pouca Historia), senón en acumular unha información condensada —ás veces mal— e superficial dos feitos históricos. Os alumnos só serán capaces de memorizar esa información desmesurada —non de explicala nin de relacionala—. Este problema manifestábase antes nas Historias Xerais do Mundo e de España, e están presentes agora nos libros de texto da ESO. Na maioría dos manuais vemos que se pretende que os alumnos estudien en dous cursos toda a Historia do Mundo e de España desde o século XVI (con apartados específicos da Historia de cada comunidade) e a Xeografía en xeral. Esta información enciclopédica, ademais de ser materialmente imposible adaptala ó tempo das clases, é unha barbaridade didáctica. Os alumnos memorizarán —e esquecerán axiña— o que se lles pida para aprobar, pero non comprenderán, nin darán explicado, os fenómenos históricos. A acumulación de feitos ou procesos históricos, ademais, conduce a un tratamento superficial e esquemático de cada un deles, cunha orde cronolóxica que se pretende exhaustiva e coherente pero que non só amosa lagoas

o problema non está na escaseza de contidos (que os alumnos saiban pouca Historia), senón que está en acumular unha información condensada —ás veces mal— e superficial dos feitos históricos

o pertinente, cremos, é seleccionar uns poucos problemas sociais destacados, partindo da realidade do alumnado para que sexan significativos, e tratalos a fondo sempre tendo en conta as súas raíces históricas e a súa dimensión temporal

temporais, senón tamén espaciais e sociais. Un esquematismo que pretende facer corresponde-lo presente co pasado, pero que non explica o pasado nin fai comprender-los aspectos máis relevantes da sociedade contemporánea.

O pertinente, cremos, é seleccionar uns poucos problemas sociais destacados, partindo da realidade do alumnado para que sexan significativos, e tratalos a fondo sempre tendo en conta as súas raíces históricas e a súa dimensión temporal. A selección destes problemas é unha opción ideolóxica. Moitos dos que consideramos útiles para formar persoas críticas e comprometidas co presente, ou ben teñen un tratamento insuficiente ou non aparecen reflectidos na aula. Entre eles, o nacionalismo, que sendo na actualidade un tema obxecto de múltiples traballos de investigación e estando presente a cotío nos medios (tanto respecto ó Estado español como no mundo en xeral), a penas se lle presta atención como contido escolar relevante. O mesmo ocorre coa muller, sempre invisible, individual e colectivamente, na Historia, ou con outras sociedades non occidentais –que entran e saen do temario en función unicamente do eurocentrismo–. O problema da desigualdade económica só aparece cuantificado con datos macroeconómicos e demográficos, pero non se lle presta atención ó pasado deses pobos e persoas que cada vez en maior número conviven connosco. Estamos creando unha visión histórica que reforza o mito do progreso económico e da democracia parlamentaria, de que existe un sentido único na evolución do home que se manifesta no desenvolvemento económico capitalista e que non é posible outro modelo social.

Cando falamos de seleccionar problemas sociais relevantes, referímonos a contidos temáticos e a información histórica. Un dos problemas co que nos enfrontamos no ensino da Historia é o da confusión

entre conceptos e informacións históricas. Os conceptos e procedementos “non se aprenden” da mesma maneira cás informacións ou datos concretos –memorización por repetición ou sucesivos “repasos”– senón que se constrúen e se desenvolven de xeito ilimitado e progresivo. Sería disparatado tratar de transmitir un “concepto histórico” para que os estudantes o memoricen. Para os escolares deixaría de ser un concepto e pasaría a ser unha mera información. A maioría dos manuais e do profesorado preocúpase fundamentalmente de transmitir unha gran cantidade de informacións e, pola contra, non sempre facilitan o desenvolvemento de conceptos que permitan que esas informacións adquiren significado histórico.

Os conceptos históricos poden clasificarse en dous grandes tipos: os *estructurantes* ou procedementos explicativos do coñecemento histórico, e outros *específicos*. Os primeiros organizan e dan sentido ós segundos. Os conceptos estruturais poderían ser: tempo histórico (cambio, continuidade, desenvolvemento, progreso e regresión), causalidade (causas e consecuencias); motivos, intención e empatía; fontes históricas ou probas dos acontecementos; relevancia ou xerarquización das informacións históricas; relacións de semellanza e diferenza. Os conceptos específicos da Historia son como hipóteses explicativas xerais que nos permiten comprender determinados momentos e procesos do pasado. Poden ser de rango moi diferente: “feudalismo”, “Antigo Réxime”, “colonialismo” etc., e están formados por un conxunto doutros conceptos de condición máis limitada. Os procedementos son instrumentos do coñecemento histórico que nos permiten a explicación progresivamente máis complexa e variada de informacións.

Debemos prestarlles atención primordial ós conceptos, pero debemos tamén ter

en conta os contidos concretos, a contextualización característica do coñecemento histórico. A aprendizaxe de conceptos debe basearse en informacións concretas. Pero só nos permiten incrementa-la súa comprensión aquelas significativas. Polo tanto, a selección de contidos é un problema central para o ensino da Historia e a programación realizada polo profesor. Non se conseguen os mesmos obxectivos estudando o desenvolvemento tecnolóxico ca se o facemos das transformacións sociais durante o proceso de industrialización. Para acadar éxito na aprendizaxe non abonda con seleccionar contidos relevantes, tamén é importante utilizar unha metodoloxía axeitada para a comprensión dos conceptos estruturantes.

¿Como ensinar historia? As estratexias didácticas

Se pretendemos que os alumnos sexan capaces de comprender e de explicar fenómenos sociais complexos, as actividades escolares que xeralmente se utilizan como estratexias de aprendizaxe deben responder a esta complexidade. Hai que distinguir entre os procesos de aprendizaxe –forma en que o alumno asimila a información que ten que estudar– e as estratexias de ensino –conxunto de tarefas programadas para que os alumnos coñezan uns determinados conceptos ou habilidades–. O ensino ten que conseguir que os procesos de aprendizaxe sexan eficaces, intentando, pola súa mediación, que o alumno consiga a aprendizaxe que por si mesmo non ou lle custaría un grande esforzo.

O ensino tradicional baseábase nunha aprendizaxe memorística: canto máis se repetía máis se aprendía. A estratexia consistía en presentarlle ó alumno materiais e repasalos. Hoxe non se estudian tantas cousas, búscase unha Historia explicativa e conceptual. Houbo un cambio de conti-

dos pero úsanse as mesmas estratexias (repetición de exercicios, fichas...). As actividades que se realizan habitualmente adoitan limitarse a pedir que o alumnado repita a información proporcionada polo profesor e polos libros. Moitas das actividades teñen pretensións absurdas pola imposibilidade real de que os alumnos poida facelas cun mínimo de rigor. A maioría das tarefas que se lles esixen ós estudantes son pechadas e rutineiras –como responder preguntas das que teñen a resposta correcta no mesmo texto– ou tan abertas que a resposta que dean sexa unha impresión persoal e irrelevante.

DIFERENCIAS BÁSICAS ENTRE A INFORMACIÓN VERBAL E OS CONCEPTOS COMO RESULTADO DA APRENDIZAXE		
	Información verbal	Conceptos
Consiste en	Copia literal	Relación con coñecementos anteriores
Apréndese	Por repaso (aprendizaxe repetitiva)	Por comprensión (aprendizaxe significativa)
Adquirese	Dunha vez	Gradualmente
Avalíase	Todo ou nada	Admite moitos niveis intermedios
Esquécese	Rapidamente sen repaso	Máis lenta e gradualmente

(J. I. Pozo, 1996, *Aprendices y maestros*, Madrid, Alianza)

“¿Somos vítimas del consumo? ¿Hai alguna forma de evitar el consumo y ayudar al mejor reparto de productos entre todos los habitantes del planeta?” (SM, Historia, 2º Ciclo ESO 1994).

“Recolle nos xornais [información] sobre a evolución do mercado laboral español, completa os gráficos da páxina, e fai un informe sobre as principais tendencias. Con estes datos, analiza os efectos positivos e negativos que está provocando a actual regulación do mercado laboral español.” (Santillana, 3º ESO, 1995).

Para aprender a solucionar problemas sociais –históricos ou doutro tipo– hai que adestrarse en facer tarefas que impliquen a solución de problemas e non só a repeti-

o proceso de aprendizaxe da Historia debe ter en conta os métodos, ou formas de aprendizaxe, pero tamén a rede conceptual propia da disciplina

ción de respostas “automáticas” ou expresar ocorrencias. Comprender algo implica a capacidade de explicalo. O que un alumno ou alumna expresa como coñecementos nunha situación académica non é habitualmente máis cás informacións que cren que lles van permitir aprobar —cando os alumnos preguntan a páxina onde vén a resposta a unha actividade, hai que preocuparse—, pero non é verdadeiro coñecemento se na súa vida diaria continúa utilizando as representacións sociais que están en contradición con este tipo de «coñecementos» declarados que, polo tanto, axiña serán esquecidos.

Os intentos de renovación didáctica partiron dun novo modelo, no que a aprendizaxe se concibe dunha maneira máis activa, constructiva, pola que o alumno reelabora as súas propias representacións sociais a partir da información proporcionada. O que debe ser activo é o proceso de aprendizaxe —os procesos psicolóxicos despregados polo alumno— pero non necesariamente ten que ser activa tamén a estratexia de ensino usada para poñer en funcionamento os ditos procesos. Unha visita escolar a uns restos arqueolóxicos, por exemplo, pode ser tan rutineira e inútil coma a copia da resposta no libro. O importante é que o alumno sexa activo intelectualmente e, se aplicamos estratexias axeitadas, podemos “facer pensar” ós alumnos tanto cunha actividade de repaso no libro, como vendo un vídeo ou realizando unha visita fóra da escola.

O proceso de aprendizaxe da Historia debe ter en conta os métodos, ou formas de aprendizaxe, pero tamén a rede conceptual propia da disciplina. Se só temos en conta un dos dous elementos, a aprendizaxe xa non será propiamente histórica. A aprendizaxe *por descubrimento*, baseada na propia investigación do alumno, céntrase só nos métodos: crese que o descuberto polo alumno xa lle permite comprende-los pro-

cesos históricos. Pero sen lles prestar atención ós conceptos básicos non se está ensinando Historia, non se pode pretender que os alumnos comprendan os conceptos históricos por si mesmos.

Unha estratexia de aprendizaxe eficaz debe ter en conta os procesos psicolóxicos implicados na aprendizaxe, pero tamén os conceptos da Historia, usando diversas técnicas didácticas. O material debe estar elaborado de maneira que sexa significativo para o alumno, que esperte o seu interese, o que non se debe confundir con que sempre sexa “divertido”. Os alumnos, e os profesores, prefiren adoito a estratexia memorística que lles supón menos esforzo intelectual e lles ofrece menos dúbidas, pero a tarefa do profesor é conseguir que o alumno dubide e elabore as súas propias conclusións, non que memorice as que veñen no libro. Para que o material didáctico teña interese debe partir da propia realidade do alumno, do medio social e escolar e da súa capacidade psicolóxica. A capacidade, ou a falta dela, serve ás veces como escusa para non deseñar estratexias de aprendizaxe máis eficaces, pero a escola está para que os alumnos adquiran unha capacidade maior, para que sexan quen de construír formas de pensamento cada vez máis elaboradas. Os materiais deben estar constituídos por información e estratexias de aprendizaxe (actividades) variadas e progresivamente máis complexas, establecidas en función dos contidos.

Os conceptos estruturantes da Historia, os procedementos explicativos, pola súa dificultade de comprensión, son os que quizais nos crean máis problemas á hora de buscar estratexias de aprendizaxe axeitadas. Eses conceptos deben ser traballados decote, pois é pouco probable que os alumnos os aprendan se lles destinamos sesións separadas, coma se fosen unha actividade máis, tal e como ocorre na maioría dos manuais.



FONDO ÁNGEL BARCIA

Os conceptos temporais son inseparables do propio concepto de Historia, e cando falamos de conceptos temporais non nos estamos referindo ás datas –ou non só as datas– senón sobre todo a procesos de cambio e continuidade. Os enfoques históricos dos manuais escolares insisten case sempre nas transformacións sociais puntuais, case nunca nos aspectos do pasado que se manteñen. Entender cómo cambiaron e se desenvolveron as cousas implica ter unha certa percepción cronolóxica ou secuencia temporal e tamén comprender que cambio e desenvolvemento non sempre levan consigo o progreso (que un cambio histórico determinado pode significar un progreso para algúns e un retroceso para outros). Por outra banda, non sempre o “cambio” é superior á continuidade. A forma máis habitual e tradicional de proporcionarlles un marco temporal ós estudantes é a de organizalos contidos cunha estrutura cronolóxica, pero isto non garante a súa comprensión, aínda que serve como referente coherente; debe ir acompañado doutras estratexias e actividades concretas, desenvolvidas constantemente, destinadas a unha aprendizaxe específica dos conceptos temporais.

É frecuente que o alumnado identifique como causas calquera antecedente e que calquera acontecemento posterior o confundan cunha consecuencia. E, se non se realizan actividades específicas, establecen relacións simples e mecánicas entre causas e consecuencias da mesma natureza (económicas, políticas...). Nas estratexias de aprendizaxe é necesario establecer unha xerarquía causal, seleccionando un número limitado de explicacións para facerlle ó alumno intelixible o pasado. Tamén é conveniente presentar distintas interpretacións das causas, para que coñezan que tódalas explicacións históricas están influenciadas polos valores, a ideoloxía e a mentalidade de quen as formula.

A comprensión axeitada do pasado esixe desenvolver certa capacidade imaxinativa que nos permita valorar, no seu contexto concreto, acontecementos e actuacións condicionadas por circunstancias que se teñen modificado, ás veces radicalmente. A empatía histórica debe estar presente no proceso de aprendizaxe, pero non debe separarse en actividades específicas, individualizadas, que corren o perigo de caer na superficialidade por falta dun mínimo de rigor histórico.

É preciso facerlles comprender ós escolares que non é imprescindible posuír testemuños materiais de todo o pasado para poder facer historia, nin que o coñecemento histórico pode establecerse obxectivamente se contamos con suficientes testemuñas ou fontes primarias, xa que o importante non é a acumulación de fontes, senón a súa interpretación. Para comprender moitas desas fontes fan falta coñecementos dos que non dispoñen os estudantes de secundaria, polo que cómpre adaptalas ás capacidades dos súas (na forma, redacción, léxico, tamaño, etc.). Para poder comentar axeitadamente un documento (texto, gráfica ou serie

a empatía
histórica debe
estar presente
no proceso de
aprendizaxe,
pero non debe
separarse en
actividades
específicas, indi-
vidualizadas,
que corren
o perigo
de caer na
superficialidade
por falta dun
mínimo de rigor
histórico

estadística) é imprescindible un coñecemento previo da época correspondente a partir de exercicios de crecente dificultade.

Hai que selecciona-lo que “é importante” para construír unha interpretación histórica, o significativo, xa que non todo o que aconteceu no pasado ten a mesma importancia; isto implica un xuízo subxectivo que responde a distintas opcións ideolóxicas e que debe realizarse en función dos obxectivos e dos procesos históricos.

O coñecemento considerado socialmente relevante ten unha dimensión histórica que só se asimila se construímos conceptos abstractos a partir do propio coñecemento histórico: de actividades intelectuais e de informacións progresivamente máis amplas. Aínda que non existe ningún método universalmente válido para aprender –e tampouco, polo tanto, para ensinar– unha reflexión metodolóxica constante por parte do profesorado, “pensar no que se fai mentres se está facendo” (Schön, 1992) –procurar que as informacións que ofrezan ós seus

FONDO ÁNGEL BARCIA



o coñecemento considerado socialmente relevante ten unha dimensión histórica que só se asimila se construímos conceptos abstractos a partir do propio coñecemento histórico

O coñecemento do pasado implica establecer continuamente relacións de comparación para identificar cando certas situacións son semellantes e cando diferentes. Pero trátase tamén de interpretacións subxectivas, que cando sexan casos moi claros deben presentarse ós alumnos, mesmo para que eles establezan as súas propias comparacións entre procesos históricos distintos.

alumnos e as actividades que deseñen contribúan ó desenvolvemento deses grandes conceptos que forman parte das explicacións históricas–, parece que contribúe mellor a que un maior número de escolares desenvolvan –constrúan– os seus marcos explicativos ou *conceptos estruturantes* que lles permiten unha mellor comprensión da Historia ca no caso de que se lles transmitan conceptos elaborados por outros, que eles recibirán como informacións carentes de sentido práctico. •

**HELADIO ANXO FERNÁNDEZ
MANSO**

PROFESOR DE
SECUNDARIA

RAMÓN LÓPEZ FACAL

PROFESOR DE
SECUNDARIA

FONDO ÁNGEL BARCIA



O FONDO ÁNGEL BARCIA

ARQUIVO HISTÓRICO DO SINDICATO NACIONAL DE CC.OO. DE GALICIA-FUNDACIÓN 10 DE MARZO

ÁNGEL BARCIA FOI COMISARIO POLÍTICO DA XI DIVISIÓN —A UNIDADE DO EXÉRCITO POPULAR DA REPÚBLICA COMANDADA POR ENRIQUE LÍSTER— DURANTE A GUERRA CIVIL. DESPOIS DA PARTICIPAR EN TÓDALAS GRANDES BATALLAS DA CONTENDA, MORREU DURANTE A OFENSIVA DO EBRO.

O SEU FILLO, ÁNGEL BARCIA FERNÁNDEZ, PÚXOSE EN CONTACTO COA FUNDACIÓN 10 DE MARZO, CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN EN 1997 DA HOMENAXE A SANTIAGO ÁLVAREZ, TAMÉN COMISARIO DA XI DIVISIÓN. O SEU OBXECTIVO NON ERA OÚTRO QUE CEDERNOS ESTE FONDO COMPOSTO, APROXIMADAMENTE, POR VINTE DOCUMENTOS E TRINTA E CINCO FOTOGRAFÍAS.

INAUGURAMOS ESTE PRIMEIRO NÚMERO DE *DEZ•EME* CUNHA ESCOLMA DESTA INTERESANTE COLECCIÓN. DAR A COÑECER ESTE LEGADO É UNHA FORMA DE AGRADECER A ÁNGEL BARCIA O SEU XESTO.



PASAREMOS

Organo de la 11 División

AÑO III

5.º CUERPO DE EJERCITO, FRENTE DEL ESTE

Suplemento del núm. 83



Joaquín Rodríguez

Hemos superado la etapa de la resistencia. ¡Combatientes! Supisteis escuchar y cumplir al pie de la letra la consigna que, emanada y propagada por la voz del Gobierno, llegó hasta el oído del último soldado de nuestro glorioso Ejército. ¡Resistir es vencer!, decíamos entonces. Vosotros, todos nosotros, lo sabemos bien. La 11 División, la Unidad gloriosa de Brunete y Guadalajara, de Belchite y de Teruel, cumplió la orden. Lo saben los italianos, que pagaron caros sus intentos cuando pretendían tomar Tortosa. Millares de vidas dejaron en la margen derecha del río Ebro. Os pegasteis al terreno. Aguantasteis los bombardeos. La metralla vomitada por los cañones de los invasores no hizo mella en vosotros. ¡Surgieron héroes!

A la voz del mando, una sola obsesión y un solo anhelo: destrozad sin compasión a los traidores

HEROES DE CIEN BATAJAS ¡Fe ciega en los MANDOS!

Pasó ya todo aquello. Las circunstancias han cambiado. ¡Hay que atacar! El Mando y el Gobierno, que, como españoles que somos, son nuestro máximo guía, así lo han dispuesto. Es necesario ir al combate. No debemos regatear. ¡Sin esfuerzo alguno. Somos capaces y valientes. En millares de ocasiones lo hemos demostrado. El mundo nos admira. Podemos y debemos hacer morder el polvo a los traidores y a los invasores. ¡De la resistencia hemos de pasar al ataque!

Libraremos a hermanos nuestros de las garras del fascismo.

Llevaremos nuestro aliento hasta donde se nos ordene.

Demostremos al mundo entero de lo que somos capaces de hacer. ¡Venceremos! ¡Conquistaremos nuevos laureles y galardones. Caeremos como una tromba humana sobre el enemigo! ¡Le derrotaremos! ¡Nunca hemos sido vencidos, ni lo seremos!

Confianza en nosotros mismos. Confianza y obediencia. Nuestros oficiales y comisarios sabrán conducirnos. Ellos obede-

cen. ¡Imitémosles! Ahí están nuestros jefes. Veteranos de la guerra, cubiertos de gloria en numerosas ocasiones. Ellos, a la hora de atacar, serán nuestros máximos dirigentes. ¡Respeto y disciplina! ¡Atentos siempre a sus órdenes! ¡Sabrán guiarnos hacia la victoria!

¡Por la República! ¡Por Cataluña!
¡Por la libertad del mundo entero,
ADELANTE, CAMARADAS!



Ángel Barcia

FONDO ÁNGEL BARCIA

TRIBUNAL ESPECIAL, PARA LA REPRESION DE LA MASONERIA Y EL COMUNISMO.

JUZGADO ESPECIAL N.º Uno

N.º del archivo 8059 N.º del Juzgado 1511-47
 R.º: _____

N.º del Tribunal 25757 N.º del Reg. de la Presidencia del Gobierno _____

Encartado: ÁNGEL BARCIA GALEOTE

Detención _____ de _____ de _____

Prisión incondicional _____ de _____ de _____

Prisión atenuada _____ de _____ de _____

Fecha de incoación 5 de diciembre de 1.94

Paso a la Fiscalía n.º 1 el 27 de Octubre de 1948

y se devolvió en _____ de _____ de _____

Sentencia de 2 de X de 50 Pena _____

Propuesta _____

Resolución de presidencia _____

Paso a Ejecutorias en 9 de X de 50
 S.F.

FONDO ÁNGEL BARCIA



FONDO ÁNGEL BARCIA



FONDO ÁNGEL BARCIA



1511-47-0

Caja 184

FONDO ÁNGEL BARCIA



FONDO ÁNGEL BARCIA



M/N



MINISTERIO DE LA GOBERNACIÓN
DIRECCIÓN GENERAL DE SEGURIDAD

Comisaría General Político-Social

Def. { Sec.: 2ª Neg. *101*

SECRETO

DIRECCIÓN GENERAL DE SEGURIDAD
REGISTRO GENERAL

55 ENE 1949

SALIDA NO. **136**
DEL LIBRO SECRETO

En contestación a lo interesado en su atento oficio de fecha 5 de Diciembre pasado, sumario 1511 de 1947-C, cúmpleme participar a V.I. que según gestiones practicadas por funcionarios de la Brigada Político-Social de esta Capital ANGEL BARCIA GALEOTE, de 26 años en 1936 hijo de Angel y Julia, pintor, y domiciliado que estuvo en Silva 3 (Carabanchel) fué movilizado por los rojos y destinado al frente del Ebro, falleciendo en dicho sector el 6 de Septiembre de 1938.

Dios guarde a V.I. muchos años.

a 5 de Enero de 1948

EL DIRECTOR GENERAL,

P.D.

EL COMISARIO GENERAL



Al contestar citase la referencia

Imp. de la D. G. de S. - M. núm. 368

Ilmo. Sr. Juez Instructor Nº 1 del T.E.R.M.Y.C. Núñez de Balboa 91

M A D R I D

de:eme 46 ABRIL 2000

FISCALÍA DEL TRIBUNAL ESPECIAL PARA LA REPRESIÓN DE LA MASONERÍA Y DEL COMUNISMO.

EL FISCAL, vista la causa núm. 1511 de las incoadas en 1947, en el Juzgado Especial núm. UNO de este Tribunal, seguida contra ANGEL BARCIA GALEOTE, dice: Que nada tiene que oponer a la propuesta de SOBRESEIMIENTO PROVISIONAL, formulada por el Instructor en las presentes actuaciones.

Madrid, veintisiete de octubre de mil novecientos cuarenta y ocho

Ramón de Oña



D.9.734.436 *

FONDO ANGEL BARCIA

PRESIDENCIA DEL GOBIERNO
DELEGACIÓN NACIONAL DE SERVICIOS DOCUMENTALES
Sección Político-Social
Núm. 5269

ENTRADA
1949

Con el fin de que por ese Tribunal pueda procederse a la depuración Comunistas jurto remitido a V.E. los datos suministrados entre la documentación clasificada hasta la fecha en la Sección Político-Social de esta Delegación relativos a DON ANGEL BARCIA GALEOTE. Dios guarde a V.E. muchos años. Sala: 30 de Octubre de 1947. EL DELEGADO NACIONAL DIRECTOR GENERAL

9296

Ramón de Oña

PER DELEGACIÓN

Acot. Sr. Presidente del Tribunal Especial para la represión de la Masonería y el Comunismo

M A D R I D

FONDO ANGEL BARCIA

NUEVA GALICIA

PORTAVOZ DE LOS ANTIFASCISTAS GALLEGOS

REDACCIÓN Y ADMINISTRACIÓN:
Valencia. 302
Teléfono 75188
BARCELONA

Os combatentes galegos levan nos ollos a visión d'a Galizia aldraxada, dos nenos horfos, dos compañeiros asesinados. Por iso se cravan n'a terra como barras d'aceiro indomable.

Los combatientes gallegos

Enrique Lister Los Comisarios de nuestro Ejército

Jefe del Cuerpo de Ejército

A nuestro héroe pasano el temente coronel Enrique Lister, le ha sido confiado el mando del Cuerpo de Ejército.

Como antifascistas y como gallegos nos complace esta decisión del Gobierno del Frente Popular, pues en ella se reconoce la capacidad militar y el heroísmo, demostrado en los más duros combates de nuestra guerra, de nuestro paísano Lister, cuyas aptitudes excepcionales han sido puestas a prueba a través de innumerables batallas contra la invasión extranjera, perpetrada en nuestra patria por el fascismo internacional.

El jefe de la División, al despedirse de la misma, ha dirigido a los combatientes la siguiente proclama, cargada de patriotismo y de fe en la victoria del pueblo español, que reproducimos para conocimiento de todos los gallegos que en España y América pronuncian el nombre de Lister con admiración y cariño.

Ha pasado el mundo de la gloriosa División, que tantas veces hizo morder el polvo de la derrota al fascismo asesino, al comandante Joaquín Rodríguez, hijo de gallegos, que posee el temple de acero y la clara inteligencia de los más heroicos soldados del pueblo.

Combatientes de la División

"Desde que la División nació a la lucha de liberación nacional que sostiene nuestro pueblo he estado con vosotros. En los más duros combates. En batallas decisivas.

"Hoy dejo de ser vuestro jefe para marchar al frente del Cuerpo de Ejército. A este nuevo puesto de combate me lleva una decisión del Gobierno.

"Siempre disciplinado, la scalo con fe, con alegría, con entusiasmo.

"Pero, al abandonar, no puedo dejar de pasar revista en mi memoria a los hechos gloriosos de la División, a los jefes, oficiales, comisarios y soldados que, bajo mi mando, han luchado en jornadas históricas por nuestro pueblo.

"Jarama, Guadalajara, Brunete, Teruel, Belchite y ahora el Este, son nombres que evocan en todos vosotros días de sangre y de gloria, de resistencia acérrida y de ataques victoriosos. Evocan en mí la fibra de acero de los hombres de la División.

"DE TODOS VOSOTROS ME SIENTO ORGULLOSO.

"De los jefes y oficiales que con su capacidad y su abnegación, superando cada hora, han contribuido a forjar esta unidad gloriosa, maciza, de nuestro Ejército Popular. De los comisarios y delegados, que han hecho de sus unidades combatientes seguras, conscientes de una causa sagrada frente a la invasión extranjera. De los soldados, de esta admirable semilla de heroísmo de la División, que sembrada por todas las trincheras, ha sido un ejemplo para todo el Ejército Popular.

"Este orgullo mío es el orgullo de todo nuestro pueblo. Que estoy seguro seguirá sintiéndolo. Cada vez más crecido.

"Porque el historial glorioso de la División no se interrumpirá.

"El nuevo jefe que me sustituye en el mando es una garantía para mí y para todos vosotros: Joaquín Rodríguez, hasta ahora jefe de la Novena Brigada. Rodríguez está ligado a la historia viva de nuestra División. A través de los más duros combates, de las jornadas más difíciles, se ha ido alzando su figura de auténtico jefe popular.

"Confío en él. Su capacidad, su firmeza, sabrán conducir con mano segura a la División en estas graves momentos.

"Los héroes de Tortosa, como todo

Los más trabajadores del mundo entero pronuncian con emoción el nombre—ya glorioso en la Historia—de la 11 División y el de sus héroicos jefes y comisarios. Todos los gallegos que viven en la España leal, los que están esparcidos por América y aun el mismo pueblo obrero y campesino que padece ignominiosamente el terror y la esclavitud fasciosos, saben que en la 11 División se han batido con bravura invencible, por la causa del Progreso y de la Libertad, los mejores hijos de nuestra tierra.

Al lado de los heroicos jefes que mandaban y mandan la División gloriosa, terror de las hordas fascistas, se halla el Comisariado que, en todo momento, y aun en los más duros combates, mantiene un contacto permanente con los soldados del pueblo y les hace ver la significación de nuestra guerra de Independencia que es, al mismo tiempo, una lucha por la libertad, el



Santiago Alvarez, que estuvo de Comisario con la División en los más duros combates



José Fusiñaña, heroico Comisario de Guerra de la División, hasta fecha reciente

progreso, la civilización y la cultura de todos los pueblos de la tierra.

Santiago Alvarez, José Fusiñaña, Barcia, etc., comisarios heroicos de la

División, forjaron el temple y la bravura de los soldados del pueblo que en el Jarama, en Brihuega, en Belchite, en Teruel, en Tortosa, aplastaron al fascismo criminal que intenta inútilmente destruir la vida, la historia y la libertad de nuestro pueblo.

Santiago Alvarez y José Fusiñaña fueron comisarios de la División, severa e invencible, en momentos de dura prueba. En horas difíciles demostraron cumplidamente su capacidad de comisarios de nuestro heroico Ejército Popular.

Hoy pasa a ser comisario de la División el camarada Barcia, que continuará la ruta gloriosa del Comisariado de nuestro Ejército.



El camarada Barcia, actual Comisario de la gloriosa e invencible División de nuestro Ejército

el pueblo hoy les llama, seguirán custodiando fielmente, mientras el mundo da la orden de atacar, la consigna:

"RESISTIR!

"Dejo la División. Pero clavado quedará siempre en mi memoria, con el recuerdo de sus héroes, de los soldados que en Teruel se dejaron aplastar por los tanques antes que retroceder, de los que en Brunete avanzaban cantando "La Internacional", de sus antiaéropistas valientes, de sus antimisicistas dulces, de sus Batallones gloriosos...

"VIVA LA 11 DIVISION!

"Fuerza de ella, desde el Cuerpo, crecerá mi cariño, mi admiración, hacia los hombres que, bajo mi mando, combatieron en las horas difíciles.

"Desde el Cuerpo, como jefe de él, como antiguo combatiente de la División, espero encontrar en todos vosotros, el espíritu, el ejemplo diario que ha de ayudarme a todos los combatientes del Cuerpo a repetir, en un mayor volumen, tantas jornadas gloriosas.

"COMBATIENTES DE LA DIVISION!

"Como ayer, es digo al dejaros:

"¡A RESISTIR! ¡A VENCER!

"¡PASAREMOS!

ENRIQUE LISTER."

Subscribete y envia tu donativo a NUESTRA GALICIA, órgano de prensa de todos los antifascistas gallegos.

APARECE TODOS LOS SABADOS

RELATO DE UN GUERRILLERO

por Domingo Mateo

(Continuación)

A los montes

Al quedar las ciudades y villas en poder del fascismo lo primero que hicieron los enemigos del régimen fue organizar el terror. Los trabajadores que podieron huir se lanzaron a los bosques y los asesinos se entregaron con saña a la busca de los hombres que estaban al lado de la República. No "salía" ni enterrarse. Era—y es—tanta la crueldad con que estos miserables perseguían al pueblo antifascista que llegaron a remover el interior de las cuevas en busca de alguna víctima. Patrullas de Guardias civil y falangistas iban de pueblo en pueblo, y como en todas partes existía algún "judas" que delataba a los vecinos que no estaban de acuerdo con sus criminales propósitos, las "patrullas" se encargaban de asesinar los trabajadores honrados de la forma más cruel que su salvajismo podía concebir.

Los grupos que vivíamos en los montes éramos perseguidos de una forma tal que cuando cogían algún compañero no sabían qué clase de martirio darle. Unos fueron quemados vivos, a otros los descuartizaron; pero todos los asesinos trataban de superarse a sí mismo en el tormento que daban a sus víctimas.

La virtud oscurificada

Los moros también quisieron tomar parte en la "fiesta" y les fué dada ocasión. No bastó que los fascistas cortasen el pelo a las mujeres y llegasen hasta el ultraje con algunas, ya que en muchos casos conocieron las más repugnantes excesos con el beneplácito de la bestia de Franco y su conjura. En un pueblo de la provincia de Lago penetraron un día cuatro falangistas en casa de

una muchacha nuestra, a la que acompañaba otra joven. No sé lo que intentarían, lo cierto es que ella gritó y los falangistas, un poco alarmados, se fueron; pero a los pocos días aquellas dos infelices aparecieron muertas en un monte cercano. Este detalle no es más que una muestra de muchos otros atropellos por el estilo.

Un decreto monstruoso

La Junta fasciosa de Burgos autorizó, por medio de un decreto, el asesinato de todos los ciudadanos antifascistas. No será preciso formar un hecho para demostrar esta monstruosidad. Una vez constituido el Gobierno fascista de Burgos apareció en toda la Prensa de la España invadida el citado decreto, que, entre otras salvajadas, decía lo siguiente: "Nadie podrá formar expediente acusatorio a los que, en defensa de la causa de la España nacionalista, hayan dado muerte a algún rebelde; las autoridades judiciales se limitarán a legalizar los hechos."

Hay que tener en cuenta que para el Gobierno fascioso de Burgos eran los fascistas los defensores de España, y todos los que no comulgaban con el fascismo eran los rebeldes.

Por lo anteriormente dicho queda probado que los asesinos pudieron dedicarse impunemente a la "matanza" de todos aquellos ciudadanos considerados como antifascistas y hasta pudieron "venegar" cuestiones personales, aprovechando la "autorización militar" de los asesinos de la libertad y de la cultura, que llamaron al fascismo extranjero para que les ayudara en su obra destructora y criminal.

El "trato" a las familias de los evadidos y ocultos

Los familiares de los "escapados" viven una vida insostenible. Se comete con ellos toda clase de atropellos para que manifiesten y descubran el lugar donde se encuentran sus familiares, y con objeto de conseguirlo, utilizan los procedimientos más crueles. Citaré un solo caso de los muchos que conozco. En un pueblito del ayuntamiento de San Claudio (Lago). Llegaron la compañía de un camarada al cesterío y al borde de una fosa, para que dijese dónde estaba su marido, le dieron con una cuerda llena de nudos, cientos de vergajazos hasta que la pobre quedó desmayada. Sin embargo, se fueron sin poder saber nada.

Cereixido

Cereixido es una pequeña aldea de la provincia de Lago, situada en la serranía próxima a la Ría de Valdeorras (Orreaga). Allí se había ido a refugiar, en los primeros días un grupo de compañeros que por el día hacían su vida por los montes y por la noche bajaban a dormir a los pajares, para cobijarse del frío. Una "bestia" los delató, y una mañana, al despuntar el alba, se vieron rodeados por numerosas fuerzas compuestas de falangistas y guardias civiles. Algunos pudieron huir, otros cayeron al intentar, y la mayor parte, murieron quemados en los pajares, a los cuales los falangistas y la Guardia civil prendieron fuego. (Continuara)

DONATIVOS RECIBIDOS

José Grande	10 pes.
Un Gallego	40 "
Teniente E. Calvo	90 "
José Barreiro	15 "
Diego López Moure	10 "
José García	25 "

FONDO ÁNGEL BARCIA

DON JOSE GOMEZ HERNANDEZ Jefe accidental de la Sección POLÍTICO-SOCIAL de la Delegación Nacional de SERVICIOS DOCUMENTALES (antes "Recuperación de Documentos"), de cuyo Organismo es Delegado-Director General el Excmo. Sr. D. FRANCISCO JAVIER PLANAS DE TOVAR.

CERTIFICO: Que relativos a ANGEL BARCIA GALEOTE

obran en estos Archivos los antecedentes que siguen: Ficha de las Milicias de la República, Batallón 1º de Mayo, que transcrita dice así: "Apellidos BARCIA GALEOTE.-Nombre: Angel.-Edad: 26.-Nombre del padre: Angel. Nombre de la madre: Julia.-Estado: Casado.-Número de hijos: Dos.-Nombre de la esposa: Estrella Fernández.-Domicilio: Silva nº 3 (Carabanchel Bajo).-Oficio o profesión: Pintor.-Sindicato a que pertenece: U.G.T.-Función miliciana y lugar donde la desempeña: Campamento 11 Octubre 1936.-El Comandante".----- (Leg. 5060. Exp. 171. S.M.)

ANGEL BARCIA GALEOTE, perteneciente al Partido Comunista. Comisario herido; datos que se "transcriben" de una relación de personal publicada en el diario "MUNDO OBRERO" de Madrid, Nº 439 (1.149), Pag. 2ª, correspondiente al día 15 de Mayo de 1937.--

Y para que conste, expido el presente en SALAMANCA, a los treinta días del mes de Octubre de mil novecientos cuarenta y siete.

Vº. Bº. POR DELEGACIÓN

[Handwritten signature]

[Large handwritten signature]

ABRIL 2000 48 dez-eme



FONDO ÁNGEL BARCIA

FONDO ÁNGEL BARCIA

FONDO ANGEL BARCIA

ENTREVISTA

MANUELA VALCARCEL LUACES,

"MELA LA CARBONERA"

JOSEFINA FEAL REGUEIRO
BEATRIZ VARELA FERNÁNDEZ



Mela nace un 25 de agosto de 1920 no lugar do Pilar, na Cabana (Ferrol), de oñde marcha ben pequena para a que había de se-la súa casa durante moito tempo, na rúa dos Mártires en Ferrol Vello. Os últimos 40 anos vive en Caranza, nas casas da Bazán.

Seu pai, Manuel, traballa na colla (estibador no porto de Ferrol), é de ideoloxía anarquista e militante da CNT. O seu falecemento por enfermidade nos primeiros tempos do Alzamento salvouno dunha morte máis violenta, o que marca profundamente a vida de Mela como nena e adulta. Na súa memoria permanece sempre a visita dos falanxistas que van busca-lo seu pai para pasealo cando está morrendo.

Súa nai, Aurelia, de ideoloxía comunista, traballa arreo para completa-lo escaso xornal do seu home, pero será a partir da morte deste cando teña que se enfrontar á moi difícil situación de muller soa que ten que educar e criar moitos fillos. Conta co apoio da súa nai Julia, sempre disposta a axudar cando a necesitaba. Mentres

Aurelia vive, nai e filla están moi unidas: "Foi moi boa nai, moi boa irmá, moi boa filla, moi traballadora e moi xenerosa", di sempre Mela.

É a única nena de entre tódolos irmáns, e desde moi pequena axuda á súa nai nos labores da casa. Vai á escola no local da CNT onde seu pai dá clases ós fillos dos obreiros, logo á rúa Madalena; pero a fame impón outras prioridades e Mela queda analfabeta.

Nesta vida de traballo sempre hai sitio para as festas. Desde ben nova gusta de ir a romarías, bailes, calquera xuntanza onde haxa alegría e mozos. Ata que coñece a Rogelio, que se vai converter no seu compañeiro de toda a vida, ten relacións con Monso e Emilio. Neste terreo tamén é unha muller moi avanzada: casa con Rogelio despois de moitos anos de convivencia, e tendo varios fillos.

A partir de agora, o resto da súa vida coñecémola a través desta entrevista realizada no seu barrio durante o verán do 99.

cando tiña
catorce ou
quinze anos
traballei moi
pouco tempo
na PISBE. ¡Non
había nada
máis que chulos!
Funme porque
quixen eu,
non me botou
ninguén

Pregunta.- ¿Cantos fillos tiveches?

Resposta.- Tiven a Nenita de Monso, a Cuqui de Emilio, e de Rogelio a María José, Lela, Maribel, Manolo, Javi e Julio. Sabía que estaba preñada porque me facían mal as sardiñas, queimábanme.

Perdín outro por accidente cando estaba a punto de parir. Tiven moitos abortos, sete ou oito, había que desfácelos, non se podían manter. Tiña unha amiga que me daba un lavado con auga e xabrón nunha pera, e saían para fóra. Noñ tiña dor, nada de nada. Unha vez preguntáronme: “-¿Estás a favor do aborto? -Si. -¿Como te atreves? -Porque xa me atrevín antes”. Había que atreverse a todo.

P.- ¿Cando empezaches a traballar?

R.- Miña nai traballaba nas viaxes do peixe. Había moitas pescantinas que viñan de Mugar dos na lancha, descargaban os paxes no porto e vendían o peixe na lonxa. Desde moi nova axudei nisto a miña nai igual cá miña avoa Julia mentres puido traballar. Sempre me poñían un paxe na cabeza. Vestíame cunha chaqueta grande de home e a través da manga deixaba caer algún peixe no peto, a fame era negra.

Ó morrer meu pai, empregouna Cenalmor nos “Carbones Cenalmor” onde facía case de *capataza*, e traballou ata xubilarse. Alí traballabamos todos, a todos nos arras-traba. Padexabamos no carbón, metíámolo en sacos no almacén do peirao e nunha camioneta repartiámolo polas casas, ó Casino (onde nos daban algo de comer), etc.

P.-¿Que outros traballos fixeches?

R.- Cando tiña catorce ou quinze anos traballei moi pouco tempo na PISBE. ¡Non había nada máis que chulos! Funme porque quixen eu, non me botou ningué. Ese traballo non me gustaba e non quería que me manipulase Martínez, que era o encargado. Mandábame subir ós montes de bacallao, á estiba. Aquel Martínez dicíame: “Manuela, tiene que subir a la estiba”, e eu subía. Cando vía que berraba



coas mulleres, tirábame da estiba abaixo e el sempre me dicía que me ía castigar. O bo que tiña este traballo era que os venres nos daban un paquete de bacallao para levar para a casa. Pero de nova case sempre traballei coa miña nai no carbón. Axudáballe e apañaba as propinas. Quedaba con algo cando quería ir ó baile.

P.- ¿O traballo do carbón non era moi duro para as mulleres?

R.- Pero ese traballo non foi o peor. Traballei con pico e pa no coque ó morrer meu pai. O coque é o carbón que se lle bota ás churrerías, que fai lume pero non fume. Tamén se lle chama *briqueta*, bloques de *briqueta* que viñan en barco. Se ía algo de aire, víñache á cara e parecías toda carunchosa. Empecei a ir de moi nova, para gañalo xornal dun home. Miña nai dicíame: “-Pero ¿onde vas, muller? -Mamá, si que vou, douche todo o que gañe, e logo, se podes, dásme algo de cartos”. ¡O que eu pasei ningué o sabe máis ca min!



P.- ¿Cando empezaches a ir á lonxa a compra-lo peixe?

R.- Tiña varios fillos, xa nacera Lela. Nunha ocasión enfadeime con mi madre e como tiña que comer... Déuseme por ir ó peixe á lonxa. “A ver, Mela, colle un paxe de bocartes”. Eu dicía para min: “Non vou poder con el”. Caíame a auga do peixe pola cara e manchábame toda. Berraba onde non había xente, porque me daba vergonza coa cara toda manchada do peixe. O primeiro día paréceme que gañei quince pesos e naqueles tempos xa fun moi contenta para a casa. Despois encontrei unhas compañeirás: Paquita a Piolla, a Coxa, Vicenta... Vicentiña díxome: “Mela, voute levar comigo”. E eu fun. Vendiamos por Caranza e por todo o Inferniño. Vicenta vivía en Caranza, tiña hortas e dèume moito a vida. Encheume a casa porque me daba verduras, patacas, fabas...

P.- ¿Como era un día de traballo no peixe?

R.- Erguíame moi cedo, ás seis da mañá, ía á lonxa, collía un lote que non pagaba no momento porque a miña tía Tita estaba alí e fiábanme. Ela respondía por min. Saíamos todas xuntas e antes de irmos vender, iamos a un bar a comer un corrosco e algunha tomaba unha copa, pero eu non. ¡Nunca bebía unha copa nun bar! Como tiñamos que ir para a praza de España, unhas veces iamos a pé, outras en bus e outras no coche de Polo (habíalle que pagar).

Nunha esquina do mercado da praza de España, xa baleiraba medio paxe. Cando fixeron os postos, esa esquina, que era a mellor, colleuma Manola a Barraúnda; déronlla a ela porque empezaron a repartir pola máis vella.

Primeiro vendía no mercado e logo, se me quedaba algo, ía por Caranza e polo Inferniño co paxe. Vendía pescada, sardiñas, xurelos, bacallaos, peóns... Gañaba... se non tivese tantos fillos, tería unha ducia de pesos gardados no banco. Cando vendía todo, collía o bus das dúas para a casa. Xa tiña o xantar feito porque mo deixaba preparado Cuqui. Maribel tamén me axudaba; sempre que puido botábame unha man. O traballo da casa facíanmo as cativas. Logo durmía e despois saía a falar á casa da miña amiga Ibera.

P.- ¿Como conseguistes as pescantinas que vos fixesen os postos pechados?

R.- Tiñamos uns postos feitos de catro táboas, e veu unha orde de que había que tirar aquilo e facelos ben. “-¿Onde imos ir? -Haberá que falar con Cenalmor” (nese momento era o alcalde). As demais miraban para min porque sabían que miña nai traballaba nos Carbones Cenalmor e eu tratábaos. Fomos todas ó Concello e dicíanme “Que fale Mela”. Eu fun a primeira en falar. Chegamos ó acordo de que o Concello poñía os cartos para face-los postos: “Yo os voy a hacer un préstamo a todas igual, ya veremos cómo lo pagais”. Ó saír do Concello fomos de viños e tamén comer pasteis.

caíame a auga
do peixe
pola cara e
manchábame
toda. Berraba
onde non había
xente, porque
me daba
vergonza coa
cara toda
manchada do
peixe

Logo fixéronse os postos, e o alcalde xa non se meteu en máis nada. Eu pagaba cen pesetas diarias ó recadador. No 72 quixéronme quita-lo posto mentres estaba na cadea, pero el defendeume; dixo que estaba ó meu nome e que como seguía pagando, era meu.

P.- ¿Cando te xubilaches?

R.- Xubileime ós setenta anos. Inda podía estar hoxe no posto se tivese papeis, pero como non os tiña, tíveno que vender. Déronme cerca de tres millóns cos que amañei un pouco a casa, a cociña, comprei a lavadora... Tiña unha clienta metida en Cáritas e un día que me escoitou dicir que non quería ningunha xubilación que me dera Fraga, díxome: “Venga aquí que la voy a poner a andar. Tan lista que es y cómo se atreve a decir que no quiere nada de Fraga. Fraga no se lo da, se lo doy yo y otra compañera, y otra compañera, así que haga el favor de ir a la Seguridad Social y allí se la arreglarán”. Fun e agora cobro unha pensión asistencial. Retireime porque estaba mal do corazón.

P.- A partir dos acontecementos do 72, houbo un cambio radical na túa vida. ¿Como recordas aqueles días 9 e 10 de marzo?

R.- Eu estaba vendendo no mercado e non sabía nada de nada. Era un día que había moita xente. Estaba Cuqui axudándome, e díxenlle: “Cuqui, vaite para a casa e colle a bolsa, que eu vou mira-lo que hai”. E cando chego á porta da Bazán, encóntrome que saen os homes de dentro. Todo o Cantón estaba cheo de xente, moitas mulleres de traballadores estaban á espera. Senteime nun banquiño e chegou o capitán da policía, Carrascal, a botarme. Cando me cabreou moito deille unha patada nos collóns. Fun para a casa e ó pouco chegou meu home e díxome: “-¿Que fas aquí? -Esperando por ti. -Voume lavar porque me vou ir outra vez”. Díxenlle que eu tamén ía, pero el



non quería que fose; non lle fixen caso e fun con el á porta do estaleiro. Alí había moitísimos coches da policía, moitísimos. “Non fales con ninguén, Mela”, díciame Rogelio.

Houbo enfrontamentos entre os nosos e os traballadores que saían de velar. ¡Non había traballo, e algúns ían velar...!

Ó outro día, ás seis da mañá, levántouse e quixen ir con el; el non quería porque dicía que o ía comprometer. Saímos da porta do estaleiro na manifestación eu co meu home e á altura das Pías, cando empezaron os tiros, Riolo (sempre lle chamei así a Riobó) avisoume, díxome “¡Señora, quítese de aí!” Aparteime e o tiro que viña cara a min, matou a Daniel. Para min que os disparos viñan da torre da igrexa do Pilar.

Despois fun para o mercado das casas baratas, subín e berrei: “Compañeiras, non vendades nada a ninguén, que hai mortos e feridos”. E a xente empezou a pechar. María a dos ovos dicía: “-¡Ai, eu non cerro, que teño un fillo avogado! -Se o tes, valo comer con pan”. E tireille os ovos e a froita que tiña. As pescantinas pecharon todas.

houbo
enfrentamentos
entre os nosos e
os traballadores
que saían de
velar. ¡Non había
traballo,
e algúns ían
velar...!

P.- ¿Cando te detiveron?

R.- No posto, despois do 10 de marzo, quedaban Lela e Cuqui porque sabía que me andaban buscando e eu quedaba na casa. Un día, sobre as doce, cando ía lavar ó río, viñeron tres policías á casa. Preguntáronme cómo me chamaba e cando lles contestei, dixéronme: “—Pues nos tiene que acompañar. —¿Que les comí yo? —No nos comió nada, pero nos tiene que acompañar. —Será cuando venga mi marido, yo sin mi marido no me voy. Tengo que dejar tirados a mis hijos, y no me voy, de ninguna manera”. Pero á forza metéronme nun *doch* (Dodge), como dicía Sari Alabau. Denunciárame María, a dos ovos, que non sabía cómo me chamaba, coñecíame pola *Carbonera*, senón non me cazaban.

P.-¿Que pasou na comisaría?

R.- Había un policía alto de bigote que me tiña xenreira, e dicíalle a Cañoto: “¡Ahí la tienes, arréale ahora!”. Dixen eu: “aquí non hai corda ningunha para arrearme”. Eu non lles calei, puxen cara sempre, xa me avisara alguén que sabía como as gastaban alí dentro, de que non me cortase, porque se me cortaba...

Interrogáronme: “—¿Usted conoce a Pillado?, ¿de qué conoce a Pillado? —Eu non o coñezo. —Y Riobó, ¿qué tal? —¡Eu que coño coñezo a Riobó! —Me estoy cansando, ¿usted sabe quién soy yo? Yo soy el famoso Cañoto”.

Non me pegaron, preguntáronme, pero eu de cantar, nada. Tiven apoio, porque tiña do meu lado a Fandiño, inspector de policía, que me coñecía desde que nacín. Seus pais levaban o *ambigú* do Rena, e eu compráballe-los boliches. Cando me meteron no calabozo, estaba nel unha veciña das casas de Caranza, Irenita. Mentres estiven alí, íanme ver meu home e miña nai. Na comisaría estiven 72 horas, e logo leváronme ó cárcere da Coruña. Cando me sacaban da comisaría para meterme no coche, miña avoa veume as esposas, e en seguida púxome unha toca enriba para que

ninguén me vira así, para que non soubese miña nai que estaba esposada.

P.- ¿A quen atopaches cando chegaches ó cárcere?

R.- Cando cheguei alí xa estaban Fina Varela e Victoria Díaz Cabanela. Despois vin chegar unha rapaza. Fun xunta das outras e díxenlles: “—¡Ai que cousa máis fea vén aí! ¡que fea!”. ¡Moi fea a vin! Non a coñecía, coñecina aquel día. Era Sari Alabau.

As políticas estabamos no piso de arriba. Tamén había unha puta que estaba con nós cando xantabamos. Tiñamos liteiras, saltabamos por riba delas, ¡pasabámo-lo bárbaro! Eu facía de mamá de todas, porque era unha vella ó seu lado. Sari chegara ó cárcere en traxe de baño, e a risa foi cando o puxen eu: Victoria estivera bailando “la rumba del sécame”. Pecheime nun cuarto, elas intrigadas dicíanme: “—A ver, mamá, saes ou non saes”, “—Agora vou, filliñas, agora vou”. E saín co traxe de baño posto. ¡Menuda festa...! ¡Eu dentro do traxe de baño da filusmía de Sari!

Un día dixeron: “—Imos facer unha obra de teatro”. Elas lían o seu papel e eu, como non sabía ler, tocábame dicir: “—¿Quién mató a Guillermo Tell?”. Teño arrolado pola cama.

P.- Parece que o pasastes moi ben.

R.- Gustáronme moito as compañeiras, pero non tódo era festa. O rancho... había que comelo. A señora Pilar, a carcereira, prestábanos un queimador e preparabámo-las cousas que nos traían da casa; o peixe xa viña frito, e as patacas cociámo-las alí.

Sari intentou ensinarme a ler, poñíame contas, pero eu non lle facía moito caso, en seguida me doía a cabeza.

Fronte do noso pavillón estaba o dos homes e un díxome: “—Estou namorado de ti desde que chegaches”. Fixémonos amigos.

Alí dentro estiven dous meses. Nese tempo, Cuqui e Maribel atendían o posto e

interrogáronme:

“—¿Usted conoce a Pillado?,

¿de qué conoce a Pillado?

—Eu non o

coñezo.

—Y Riobó, ¿qué tal?

—¡Eu que coño coñezo a

Riobó!

coidaban dos irmáns. Sempre tiña visitas da miña familia. Miña nai ou miña tía ían tódolos días, e comía todo o mundo do que levaba mi madre. Gustábanos moito cando traían xurelos en escabeche.

P.- ¿Como recórda-lo día que saíches?

R.- Toda a miña familia foime buscar pero tiven un gran desgusto, porque ó meu home confundírono con Paco Filgueira (daquelas andaba fuxido)-e prendérono. Aquel mesmo día soltárono cando comprobaron que non era el. O resto do día pasámolo na Coruña celebrándoo, xa chorara, pero logo paseino ben.



P.- Ti fuches unha das procesadas no “xuízo dos 23”.

R.- Si. Fomos a Madrid en dous coches grandes. Convencín o meu home para que viñese comigo e ó chegar tivemos problemas para atopar sitio onde durmir. A pesar do medo, tamén o pasamos ben. Recordo un día que xantando cantámo-lo “pousa”, “a internacional”, moitas cancións políticas.

Xa non me acordo do que dixen no xuízo. O meu avogado era Rodríguez Pardo, un gran rapaz, defendeume ben, estiven moi contenta con el. Tiña medo de que me puxesen unha boa multa. Dos outros procesados recordo con moito

cariño a Bárez, porque foi moi bo comigo e con todos.

P.- Publicamente, desde os últimos tempos do franquismo, es recoñecida como militante do PCE.

R.- Son os meus, inda que se non estivese aí, estaría con Tierno, a min gustábame moito ese home. Sempre que me convocaban, ía ás reunións clandestinas. Viámonos nas igrexas de Santa Mariña, de Caranza, e gustábame moito falar. Nunca me perdín unha manifestación. Con tódolos xefes leveime ben. Cando ía á festa do PCE a Madrid, non me perdía o mitin de Carrillo, logo de Anguita...

P.- Pero tamén es recoñecida como famosa asadora de sardiñas nesa festa.

R.- Se vivo o ano que vén, volvo. Desde que morreu Franco, sempre fun, quedei un ano sen ir, e agora non vou desde que enfermei. Ía gratis no bus porque traballaba vendendo sardiñas que asabamos *Coruña* e máis eu. Moitas veces quedabamos sen elas. Mandábanme a outros pavillóns a facer recados... Mela para todo.

Durmiamos nunha tenda de campaña. Despois de asa-las sardiñas, andaba de festa por alí e cando me sentía algo mareada, botábame debaixo dunha palmeira. Cando empezaban os mitins, xa estaba recuperada. Non estaba borracha, pero si algo mareada. Durmía e xa me pasaba. Ninguén se decatava.

Coñecía a todo o mundo. Había unha asturiana que cando nos vía chegar xa nos invitaba. “-Oiga, gallega, venga a tomar café”. Eran encantadores.

Por alí pasaban a come-las sardiñas Núñez, Cristina Almeida, Massiel, Camacho e a muller (a el dáballas salgadas e queixábase), Santiago Álvarez... Coñecín a Pasionaria que me asinou unha foto dela que aínda gardo. *

cando ía á
festa do PCE
a Madrid,
non me perdía
o mitin de
Carrillo,
logo de
Anguita...

Josefina Feal Regueiro

PROFESORA DE
SECUNDARIA

Beatriz Varela Fernández

PROFESORA DE
SECUNDARIA

Ferrol, 3 de outubro de 1999



A INTEGRACIÓN EUROPEA UN ENFOQUE INTERDISCIPLINAR

Xulio Pardellas de Blas
(Coord.)


Primeiro manual de consulta en lingua galega sobre temas europeos. Un libro que achega aos estudantes e a todas as persoas interesadas nunha síntese interdisciplinar, dende a historia, o dereito, a economía e as linguas sobre o proceso de construción europea.

ECONOMÍA DE GALICIA

Albino Prada Blanco

Unha visión panorámica da situación actual da economía galega, analizando os cambios que tiveron lugar no último tercio deste século.

Cun importante esforzo de síntese, coa información estatística máis recente, cun importante apartado visual, quere ser suxerente lectura para uns, útil ferramenta de estudo para outros e pórtico de análises máis especializadas nalgúns casos.



UNHA FOTOGRAFÍA DE VALOR ETNOGRÁFICO ¿E ARQUEOLÓXICO? ¹

FELIPE ARIAS VILAS

A procedencia da fotografía

Por mediación do amigo e consocio Julio Reboredo Pazos (alias *Cheta*) tivemos coñecemento e acceso a un vello arquivo gráfico lucense ². Trátase da colección formada polos innumerables e moi variados traballos do fotógrafo Maximino Reboredo Blanco que, entre 1890 (como data aproximada) e 1909 (en que falece), desenvolveu a súa actividade en Lugo e na súa comarca pero tamén noutras zonas de Galicia. Este interesantísimo arquivo está sendo rescatado e “revitalizado” polo citado Julio Reboredo, a quen agradecemos moi fondamente a súa desprendida colaboración e as súas informacións para esta breve nota.

Entre as numerosísimas fotografías de moi variado interese existentes naquel arquivo, e dentro do voluminoso apartado composto por retratos de personaxes (vivos e mortos) e de grupos, podería destacarse a que aquí se reproduce e que motiva estas sinxelas reflexións, dacabalo entre a descrición meramente etnográfica e a valoración antro-po-arqueolóxica (coas reservas que para esta analoxía logo se dirán).

Na fotografía aparece, realmente en postura de pose para o retratista, un grupo de labregos (tres homes e dúas mulleres), moi probablemente compoñentes dunha mesma familia (con dúas xeracións, pais e fillos) a teor do parecido físico que existe entre eles.



A vestimenta

En primeiro lugar, e desde o punto de vista etnográfico, é interesante face-la descrición pormenorizada da vestimenta dos personaxes retratados, descrición que debemos agradecer á investigadora en etnografía e folclore galegos Ana María Rubiero da Pena, do Museo do Castro de Viladonga.

Os homes levan todos a cabeza cuberta. O primeiro pola esquerda, cunha monteira baixa probablemente tecida con

la e liño (picote); estas monteiras levaban unha dobra todo derredor menos pola parte de diante, onde formaban viseira; nos lados esta tira dobrada era máis longa e, baixada, cubría as orellas ou se non, coma neste caso, atábana na parte superior da cabeza. O segundo home levaba un pucho de aba curta, e o terceiro quizais un pucho de la.



Os tres levan camisa de tea (de liño, máis fino, ou probablemente de estopa, un pouco máis grossa), con manga longa e puño ancho cinguido no pulso, de coloolto e con botóns na dianteira. Por riba das camisas, poñen uns chalecos dos que é difícil adiviñar de qué xénero estaban feitos pero, desbotando que fosen de veludo ou de pano (por seren teas máis nobres), podemos sospeitar que fosen de baeta, tea moi usada nas prendas de cotío. O corte dos chalecos é practicamente o mesmo nos tres, varían só un pouco as lapelas, que son

en pico no primeiro e no terceiro pero arredondadas no segundo.

Os dous homes situados nos extremos do grupo van ataviados con cirolas da mesma tea que a camisa (liño fino ou estopa), longas e cubertas a partir dos xeonllos e ata a empeña coas polainas. O segundo home leva por riba das cirolas un calzón longo cinguido ó van por unha faixa (sabemos que este home leva cirolas porque ten o calzón roto nun xeonllo e deixa ver por baixo outra prenda de cor clara).

As polainas que levan o primeiro e o terceiro cobren, como xa dixemos, a parte inferior da perna, e teñen unha especie de viseira que tapa a empeña; amarrábanse con botóns pola parte de fóra e suxeitábanse ó pé por medio dunha fita que se pasaba por debaixo del. Nalgunhas zonas utilizábase para facer labores no monte (por exemplo, para roza-los toxos) e como protección das pernas e da roupa.

Mentres o terceiro home leva zocas, os outros dous van descalzos; aínda que parece que un deles, o primeiro, leva os pés envoltos en trapos, seguramente se trata da parte superior da polaina, que semella estar rota e que cobre a empeña.

As mulleres van cubertas con panos de cabeza, o da primeira (pola esquerda) cun reberete con flocos, que anoan na parte superior.

Usan camisas de liño ou “estopilla” branca, de manga longa e puño ancho, e levan o corpo cuberto cun mantón cruzado no peito e atado por detrás. Aínda que adoitaban levar varias saias ou refaixos, aquí non é posible máis que adiviñalo ou supoñelo; iso si, a primeira leva ó exterior unha feita probablemente de picote (la máis liño), moi pregada no van, aberta e atada por diante; diferéncianse nela tres tons, os dos extremos máis escuros e o do centro

as mulleres
van cubertas
con panos de
cabeza, o
da primeira
(pola esquerda)
cun reberete
con flocos, que
anoan na parte
superior

más claro. Moi probablemente a saia estivese feita con, polo menos, dúas teas diferentes, e parece coma se levase rodo pola parte baixa (o rodo utilizábase para cubri-lo remate interior das saias e que estas non se desfixesen ó rozaren co chan).

A segunda muller leva por riba da saia, que é de pano ou baeta de cor escura e sen rodo, un mandil de picote moi pregado.

O marco e a escena

Pero se interesante e curioso é o grupo humano na súa composición, expresión e vestimenta, non o é menos o marco no que se insire. Trátase dun pendello ou alboio situado nun medio boscoso a xeito de fraga, aínda que o estado da fotografía non permite discernir por completo cál é a vexetación concreta que rodea a “construcción”, se ben as árbores (cunha máis que probable cerdeira en primeiro plano) e os matos de arbustos do fondo (silvas e quizais carballiños pequenos) son sen dúbida mostra de especies autóctonas.

Malia a pobreza manifesta e a ruín dispoñibilidade de medios que se adiviñan na fotografía, faise difícil crer que a casopa de fondo sexa a vivenda habitual do grupo familiar, e puidera tratarse dunha construción adxectiva, quizais incluso estacional e non permanente, vinculada ó traballo da terra ou do monte, ou mesmo de tipo pegureiro ou pastoril. Se fose realmente unha construción habitacional permanente, estaríamos case diante dun parello (só formal, *vid. infra*) das primeiras cabanas de cazadores/colleiteiros ou de agricultores/pastores dun horizonte cultural pouco menos que “neolítico”.

Por outra banda, non hai dúbida de que o modelo constructivo de pendello si lembra as construcións adxectivas ou dependencias anexas que deberon existir beira

das casas castrexas, coa súa armadura superior de troncos, a súa cuberta de palla ou colmo (que neste caso puidera ser de xestas), e os seus esteos verticais fincados no chan. Lembremos cantos furados para colocar postes e esteos hai no Castro de Viladonga a carón das vivendas feitas de pedra, e nos que se perdeu a madeira e outros materiais perecedoiros quedando só as marcas da súa situación. Velaí cómo nunha fotografía de hai uns cen anos parece quedar reflectida unha daquelas dependencias de uso castrexo (mesmo cos seus “usuarios” ó pé dela).

Sobre as fontes etnográficas e a arqueoloxía

O uso das fontes de carácter etnográfico en arqueoloxía, como documentos, materiais ou inmateriais, que poden subministrar informacións para interpretar, recompoñer e ata explicar determinados usos e aspectos de etapas históricas ben recuadas, xa aparece reflectido na bibliografía desde hai moitos anos. Só a xeito de breve referencia, accesible para os lectores máis interesados, abonde lembrar aquí traballos de autores xa clásicos como os de J. Caro Baroja sobre a “tecnoloxía comparada” (distinguindo técnicas, coñecementos, funcións, forzas...), o de J. González Echegaray para quen “existe una indudable conexión entre estas dos disciplinas, tanto por razón del objeto de su estudio, como de las técnicas empleadas para su análisis” (1992, páx. 133), pero engadindo, como fan así mesmo outros autores, que son ciencias afíns e complementarias que “se deben intercomunicar con la debida cautela” (páxs. 192, 140).

Pois, en efecto, o uso da analoxía etnográfica e da etno-arqueoloxía, “en la que la interacción es continua y permite una corrección progresiva de los métodos y técnicas arqueológicas, en función de las

o uso das fontes de carácter etnográfico en arqueoloxía, como documentos, materiais ou inmateriais, que poden subministrar informacións para interpretar, (...) xa aparece reflectido na bibliografía desde hai moitos anos

variables observadas en el registro etnográfico” como quere Alcina Franch (1989, páx. 179), ten un gran valor pero sempre que se fuxa de simplificacións. Esa etnoarqueoloxía, que tamén tratan Renfrew e Bahn (1993, páxs. 174-177), terá aplicación ó estudio da tecnoloxía por parte do arqueólogo e mesmo como aproximación indirecta (o subliñado é deles) á comprensión de calquera sociedade do pasado, pero insistindo, de novo, que debe procederse coa pertinente cautela e reflexión, particularmente cando se trata de analoxías de carácter mental ou espiritual.

En cambio, máis recentemente, Sonia Gutiérrez (1997, páxs. 126-127) resume que as fontes etnográficas serán útiles para estudia-los “aspectos blandos” da cultura –en expresión de J. L. Mongote Calderón para designar “los que dejan pocas huellas”–, coa reserva explícita e repetida de que as analoxías etnográficas comportan “riesgos evidentes”.

Sabendo todo isto e con tódalas precaucións do caso, nada nos empece ve-lo conxunto etnográfico da fotografía do arquivo con “ollos arqueolóxicos”: a singularidade do grupo familiar (como relación de parentesco funcional), o carácter perecedoiro da construción (tan presente –e ausente ó mesmo tempo...–) nos depósitos de moitas épocas, ou a vestimenta e mesmo o feito de iren descalzos boa parte dos personaxes retratados (e aínda que algúns elementos do vestiario sabemos que son de introducción posterior ó século XVI –véxase como referencia xeral, Fraguas Fraguas 1985–). Só queda lamentar que non aparezan ferramentas nin ningún tipo de apeiros ou útiles de traballo (probablemente retirados á hora de facer “o retrato”), o que sen dúbida nos proporcionaría informacións con certa perspectiva “arqueolóxica” sobre a ergoloxía e a tecnoloxía de hai, polo menos, cen anos.

En resumo, a etnografía (por medio dunha simple fotografía neste caso) segue revelándose útil para a interpretación, a reconstrución e a comprensión do pasado histórico máis ou menos recuado, sempre que se faga uso dela a través dunha moi fina peneira (como sucede, coas súas singularidades propias, co folclore arqueolóxico) e, como todos conveñen, coas debidas precaucións.

BIBLIOGRAFÍA

- Alcina Franch, J. (1989), *Arqueología antropológica*, Madrid, Akal.
- Caro Baroja, J. (1996), “Qué es la tecnología comparada”, *Tecnología popular española*, Barcelona, Galaxia, páxs. 19-26.
- Fraguas Fraguas, A. (1985), *El traje gallego*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- González Echeagaray, J. (1992), “Arqueología y Etnografía”, G. Ripoll López (ed.), *Arqueología, hoy*, Madrid, UNED, páxs. 133-141.
- Gutiérrez Lloret, S. (1997), *Arqueología. Introducción a la historia material de las sociedades del pasado*, Alacante, Universidad de Alicante.
- Renfrew, C., e P. Bahn (1993), *Arqueología. Teoría, métodos y práctica*, Madrid, Akal.

NOTAS

¹ Agradecemos ó autor, Felipe Arias Vilas, o seu permiso para reproducirmos nas páxinas de *Dez•eme* este traballo, inicialmente aparecido no número 8 (1998) de *Croa. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*.

² Gracias á xentileza de Julio Reboredo Pazos, esta fotografía forma parte da exposición *España século XX. Escenas do traballo*, organizada pola Fundación 10 de Marzo. Na páxina 91 deste volume ofrecemos máis información sobre esta mostra fotográfica itinerante.

a etnografía (...)
segue
revelándose
útil para a
interpretación, a
reconstrución
e a compren-
sión do pasado
histórico máis ou
menos recuado,
sempre que se
faga uso dela a
través dunha
moi fina
peneira

Felipe Arias Vilas

DIRECTOR
DO CASTRO-MUSEO
DE VILADONGA

UN CONCEPTO REFUXIADO

EDUARDO BRAGADO

"Non hai pena maior no mundo
cá perda da terra natal"
Eurípides, s.V a.C.

¿Que é ser refuxiado?

Refuxiada é toda persoa que fuxiu do seu país por medo a ser perseguida por causa da súa relixión, nacionalidade, etnia, crenzas políticas ou pertenza a un grupo social determinado, e que, por un temor fundado, non quere ou non pode regresar ó seu país de orixe.

(Información extraída da páxina web
de ACNUR España)

O desprazamento forzoso da poboación e a guerra case sempre foron asociados. Na historia da humanidade houbo episodios de abandono que obrigaron á fuxida de grupos étnicos enteiros do seu lugar de orixe. No século XX as dúas guerras mundiais crearon un volume enorme de poboación desprazada por mor das modificacións de fronteiras ou cambios de réximes políticos. Así, a Segunda Guerra Mundial xerou máis de seis millóns de apátridas, a maior parte deles no vello continente europeo. Este feito converteuse nunha das primeiras preocupacións da ONU, que en 1949 creou ACNUR (Alto

Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para tratar de paliar os efectos dos traslados forzosos de poboación, sobre todo en Europa.

En 1951 estableceuse o estatuto xurídico dos refuxiados e acordouse qué tarefas debía executar ACNUR: *a/* acollida de refuxiados e atención das súas necesidades básicas (alimentarias, sanitarias e de vivenda); *b/* negociación cos países receptores das condicións de acollida; *c/* dotación de equipamento e infraestrutura nos países anfitrións; *d/* transporte e aloxamento temporal dos expatriados; e *e/* planificación dos programas de repatriación e acollida cos gobernos de orixe.

Na época da Guerra Fría o desenvolvemento destas tarefas humanitarias viuse entorpecido coa dinámica interna da ONU mediada, case sempre, polas confrontacións bipolares que impedían ante moitos conflitos adoptar unha decisión pactada. Por outra parte, nos anos sesenta e setenta o proceso de descolonización e os litixios nos que dirimían a ampliación das áreas de influencia dos grandes bloques multiplicaron o contingente de poboación refuxiada. Neste contexto, xurdiron múltiples zonas quentes (Centroamérica, sueste asiático ou África negra, etc.) que tiñan en común o seu carácter de zonas subdesenvolvidas. Os desprazados de países pobres convertéronse nunha nova caste de refuxiados sen futuro de retorno nin de acollida permanente.

Na actualidade existen no mundo máis de trinta rexións con conflitos de carácter endémico, moitos deles esquecidos pola comunidade internacional, ou só acometidos cando episodios de máxima crueza sensibilizan a opinión pública. Arestora, as guerras, a violación sistemática dos dereitos humanos en moitos estados e a restrictiva lei de asilo dos países ricos provocan que máis 22 millóns de persoas, entre refu-

xiados, desprazados internos, retornados e outras vítimas dos conflitos, precisen de protección internacional e das ONG.

Dos últimos refuxiados: Timor Leste

Os habitantes de Timor Leste nutren unha das últimas filas da poboación abocada á condición de refuxiada, neste caso por mor da violencia dos paramilitares integracionistas amparados polo exército indonesio.

A parte oriental da illa de Timor foi unha antiga colonia portuguesa. En 1975, coincidindo coa revolución dos caraveis, as tropas indonesias invadiron o Timor Leste e anexionaron a antiga colonia lusa. Dende 1976 a guerrilla do FRETILIN (Fronte Revolucionario de Timor Leste), malia a inicial derrota, non abandonou a súa loita polo dereito á autodeterminación do pobo timorense. Os independentistas timorenses conseguiron que en 1983 a ONU recoñecera o dereito da poboación de Timor Leste a acadar-la súa independencia mediante un referendo. A resolución da ONU non impediu que os militares indonesios, no contexto dun réxime político autoritario, continuaran coas súas sistemáticas violacións dos dereitos humanos na illa. Durante as décadas dos oitenta e noventa máis de 200.000 timorenses foron vítimas da represión indonesia.

En 1987 os gobernos indonesio e portugués iniciaron conversas para a convocatoria do referendo. Entrementes, os independentistas timorenses ían gañando o recoñecemento e o apoio da opinión pública mundial, que tivo a súa máxima expresión na concesión do Premio Nobel ó destacado líder independentista de Timor Leste, Carlos Ximenes Belo, bispo de Dili.

Finalmente, o 8 de agosto de 1999 convocouse o referendo. O resultado teste-

muñou a vontade independentista da poboación timorense. En poucos días os paramilitares prointegracionistas, baixo a cobertura do goberno indonesio, mataron centenaes de timorenses e forzaron o traslado de milleiros de persoas cara á zona occidental da illa ou o seu exilio a outros estados da rexión. A vergoñenta pasividade da comunidade internacional permitiu este novo incremento da poboación desprazada. Unha verdadeira campaña de limpeza étnica, con obxectivos e métodos semellantes ós empregados polas forzas serbias en Bosnia Hercegovina e Kosovo, ou polo goberno turco respecto da poboación kurda. Coma noutras ocasións, só a presión da opinión pública obrigou as grandes potencias a permitir unha tardía intervención para paliar outro noxento episodio do século que remata.

¿qué le importa al mundo que yo me sienta humillado y ofendido? ¿qué le importa al mundo que yo haya llorado lágrimas de indignación impotente, ante las imágenes infames de un crimen infame? Si esta desgraciada humanidad, faltando una vez más al respeto que se debe a sí misma, no impone a Indonesia, en nombre de la simple moral, el acatamiento inmediato e incondicional de la voluntad del pueblo de Timor Oriental... ¿cuánto pesa el pueblo de Timor Oriental en las balanzas políticas de China y Rusia? ¿cuál es la cotización de un habitante de Dili en la bolsa de Nueva York? Indonesia tiene más de trece mil islas y Timor Oriental es apenas la mitad de una de ellas.

José Saramago

ESCRITOR PORTUGUÉS E PREMIO NOBEL
DE LITERATURA

(En *El País*, mércores 8 de setembro de 1999)

a vergoñenta
pasividade da
comunidade
internacional
permitiu
este novo
incremento
da poboación
desprazada

Eduardo Bragado

PROFESOR
DE SECUNDARIA

eduardovigo@ctv.es



EDIÇÃO DO CASTRO

DO GRUPO SARGADELOS



SADA-CORUÑA

Tfños. 620200 e 620937

Fax 623804

LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIZA

- Pra recuperar a nosa memoria
- Pra estudar a nosa realidade presente
- Pra espallar as nosas formas culturais

1963-1999:

700 autores que prepararon máis de 1.000 títulos de: documentos, ensaio, historia e creación literaria, arte e arquitectura, cadernos do Seminario de Sargadelos, publicacións do Seminario de Estudos Galegos, así como as revistas Gallaecia, Larouco, Minius, Luzes de Galiza e Unión Libre.

Case cuarenta anos de traballo pola nosa historia, nosa lingua, nosa cultura, nosa identidade, loitando por recuperar a memoria histórica de Galiza, e hoxe apoiando sobre todo a investigación e o coñecemento científico das nosas bases económicas.

NOVELAS CON ARGUMENTO GALEGO OU DE AUTORES GALEGOS SOBRE A GUERRA CIVIL (ATA 1996)

CARLOS FERNÁNDEZ SANTANDER


Non son moi abundantes, certamente, as novelas escritas tanto en castelán coma en galego sobre a Guerra Civil en Galicia. De tódalas maneiras, é bo ver que a produción destas aumentou a partir da morte de Franco, cando as barreiras da censura comezaron a caer. Curiosamente, a maioría tratan temas e personaxes do bando republicano, ou ben sobre a represión en Galicia durante a contenda. Velaquí un pequeno repaso, en ámbolos idiomas, aberto sempre a calquera recificación e engadido posterior.

Non agardei por ninguén (1957), de Ramón de Valenzuela, é o testemuño do drama dun home, Gonzalo Ozores, estudante de segundo ano de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela e de ideas republicanas, que marcha para a fronte co exército nacional para fuxir dos problemas da retagarda. Ó final, con tres compañeiros máis, decide, nunha noite de néboa, pasar para o bando republicano. O libro foi publicado en 1957 en Bos Aires, pero non puido ve-la luz en España ata despois da morte de Franco, en 1976.

Duelo por la tierra perdida (1959), de José Blanco Amor —que non ten parentesco con Eduardo (José era coñecido como Blanco Amor “el malo”)—, é unha novela publicada

na Arxentina pola Editorial Losada. Relata a existencia dos emigrados durante a Guerra Civil, non dunha forma lineal senón analizando as súas consecuencias.

O silencio redimido, de Silvio de Santiago, foi publicada en España en 1976 pola Editorial Galaxia. O libro, subtítulo “Historia dun home que pode ser outro”, é un testemuño novelado do propio autor que nos ofrece unha vivencia directa e humanística da experiencia colectiva que foi a Guerra Civil.



Manso (1967), de Manuel Lueiro Rey, obtivo o Premio Ciudad de Oviedo en 1966 de novela. Narra a historia dun campesiño levantino que merca un cabalo de nome *Manso*, e que lle serve ó autor de fío conductor para contar diversos

episodios da contenda nunha afastada aldea de Galicia, Sotolargo, onde naceu o animal, así como na fronte de Asturias e en Teruel, onde Bendaña, encargado do cabalo, o perde.

Tres tiempos y la esperanza (1962), de María Victoria Valenzuela, publicouse por primeira vez en Bos Aires e, xa en 1987, por Edicións do Castro en Galicia. Trátase, en realidade, da propia vida novelada pola autora na que tenta comprende-lo sentido dos días pasados e do pequeno mundo que a rodeou nos anos decisivos.

Lo que sucedió... (1968), de Eugenio F. Granell, foi publicada inicialmente en México pola editorial España Errante e reeditada en 1989 por Anthropos en España. En 1967 obtivo no país azteca o Premio Don Quijote. Granell dá unha visión da guerra dentro do absurdo, a través dunha familia: os Naveira.

Memento de vivos (1974), de Alfredo Conde, narra a infancia dun neno nado nunha vila galega, fortemente marcado pola presenza do seu avó e por un espacio máxico, a casa onde vive. Evócanse os momentos ledos, mesmo pintorescos e dramáticos, centrados nun


episodio da Guerra Civil, que se titula “O cagadiño”, e no que dis- que se inspirou Camilo José Cela para a súa *Mazurca*.

Aqueles anos do Moncho (1977), de Xosé Neira Vilas, son as pequenas memorias dun rapaz de aldea que a cada momento topa coa lem- branza da contenda civil. Este libro, escrito en Cuba –como a maior parte da obra do autor–, foi galar- doado co Premio Nacional da Crí- tica, concedido en Zaragoza en 1978.

Las máscaras del Antroido (1977), de Juan Barja de Quiroga, é unha ensarillada novela sobre A Coruña dos anos da Guerra Civil, aínda que aparece disimulada co nome de Artabria. Téntase retratar coñeci- das familias da cidade. O relato comeza en febreiro do 36 co triunfo da Fronte Popular, describindo o ambiente tenso dunha familia bur- guesa e reaccionaria ante a situa- ción que se vai creando na cidade e en España en xeral. A obra foi edi- tada polo propio autor e a maior parte dela quedou sen vender. Malia a isto, foi traducida para o galego e publicada anos máis tarde (1983) pola Editorial Akal, co título *Fumaxadas*.

Fábula (1978), de Xavier Alcalá, obtivo o premio de novela Ciudad de la Coruña. Nela trátase a guerra cunha ironía non exenta de drama- tismo. Dise nun parágrafo da obra: “El terror ambiente penetró por los poros de la piel y llegó hondo al fondo del alma de los que resistieron

la «Longa noite de pedra»: ‘No den mi nombre, no me saquen fotos, ellos siguen mandando, mueven los hilos por todas partes’ ”.



O señor Afranio (1978), de Antón Alonso Ríos, é un testemuño nove- lado das peripecias que pasou o autor como ‘fluxido’ durante a gue- rra e ó comezo dela na defensa de Tui. O título vén do nome que adoptou o deputado: Afranio do Amaral; o subtítulo, “ou como me rispei das gadoupas da morte”. A novela-testemuño consta de trinta capítulos e remata coa chegada a Bos Aires do buque no que se exi- lia Alonso Ríos, “Afranio do Ama- ral”.

La montaña herida (1980), de José María Castroviejo, é unha novela de alta montaña galega cos avatares da guerra como fondo, así como a inmediata posguerra. A novela é curta, pois só ten 110 páxinas e na súa edición de Austral leva un prólogo de Pedro Sainz Rodríguez.



Era tempo de apandar (1980), de Ramón de Valenzuela, está ambientada na posguerra, aínda que co fondo permanente da con- tenda civil e as súas consecuencias: escaseza, persecución física na cidade e no monte, persecución das ideas, estraperlo... É un testemuño contado de forma lineal e onde o autor narra a súa peripecia como puidera describirla unha testemuña que fose protagonista.

Morrer en Vilaquinte (1980), de Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade, é unha orixinal mostra de prosa compartida que obtivo o Pre- mio Galicia de narrativa do citado ano, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. Vila- quinte é a aldea concreta, pero pode servir como exemplo doutras moi- tas esquecidas da Galicia rural; a través dos seus personaxes vaise narrando a súa memoria histórica, dentro da cal as paixóns desatadas pola contenda civil do 36 son parte importante.

A ceo aberto (1981), de Xosé Fer- nández Ferreiro (Ed. do Castro), inclúese dentro do xénero de memorias de infancia. O protago-

nista é Cándido, garda municipal de tráfico en Madrid, que lembra, en plena faena e baixo un sol abafador, a súa aldea natal no val de Lemos coas alegrías e as tristuras da súa nenez e os personaxes que mellor lle quedaron gravados na memoria.


Lembranzas dun home (1983), de Xosé Manuel del Caño, é un relato de 88 páxinas baseado nunha historia real de Carlos Alonso, labrador sinxelo que se sente atrapado pola guerra do 36. A súa indiferencia e falta de identificación cos bandos en loita lévano a forma-la súa propia guerra, a da “sobrevivencia”, converténdose primeiro nun fuxido e logo en contrabandista.

Mazurca para dos mortos (1984), de Camilo José Cela, é a única novela sobre a Guerra Civil en Galicia escrita por un autor de sona universal. A acción transcorre na conxunción das provincias de Ourense, Pontevedra e Lugo, mormente na primeira, durante a contenda. A moitos pódelles parecer unha nova versión de *La colmena*, pois os personaxes desfilan pola novela a ducias e con gran velocidade. Ten a *Mazurca* un bo dominio da linguaxe, limpa de estilo pero dura e ruda, obscena por veces.

La ciudad de los mares de esquina (1984), de Juan Antonio Martínez-Sevilla (nas súas primeiras novelas asinaba Martínez Pérez), é unha historia familiar que ten como protagonistas os Braña, estirpe de con-signatarios coruñeses, no trans-

curso do século XX. Estrúcturase en cinco períodos, o segundo deles comprendido entre 1932 e 1939. Foi editada polo propio autor e, por isto, a difusión limitouse sobre todo á cidade da Coruña.

A fraga dos paxaros salvaxes (1985), de Xosé Fernández Ferreiro, obra finalista do Premio Xerais de 1984 e publicada o ano seguinte por esta editorial, pode cualificarse como unha novela psicolóxica con localización na actualidade urbana. O personaxe central é Xurxo Castro, un estudante de Santiago que non chegou a coñecer-lo seu pai, morto na fronte de Madrid co exército nacional case ó final da Guerra Civil. É o pai unha sombra constante que late na narración.



Os mortos daquel verán (1987), de Carlos Casares, relata un episodio da guerra a aparición do cadáver do boticario dunha vila, Ernesto Vilariño. A versión oficial di que morreu nun accidente, pero os rumores indican que foi asasinado. Comeza entón unha investigación

na que se vai narrando a historia do enfrontamento entre o dono e os traballadores da fábrica. A novela, de pouco máis de 160 páxinas, coma case tódalas de Casares, é unha sucesión de informes, dez en total, escritos nunha linguaxe *oficial*, aséptica e fría, que o funcionario xudicial encargado de esclarece-la morte de Vilariño eleva á superioridade.

Tempo novo (1987, Edicións do Castro), de Xosé Neira Vilas, é un feixe de narracións breves. Unha delas, “Requiem por Manuel Boado” (páxs. 145-151) está ambientada na Guerra Civil.

Scorpio (1987) de Ricardo Carvalho Calero, está dividida en dúas partes e os capítulos levan o nome do seu narrador. Cada un deles –máis de trinta– fala en primeira persoa e relata un fragmento da historia que ten relación con Rafael *Scorpio*, o seu protagonista, que é fillo adoptado. A Guerra Civil ocupa toda a segunda parte da obra e é considerada como unha aventura nefasta.

Víspera de Claudia (1988), de Manuel Guede Oliva, quedou finalista no Premio Xerais do ano 87. É unha narración de 150 páxinas ambientada nos primeiros días da guerra e escrita en clave de traxedia grotesca.

O bosque das antas (1988), de Xosé Fernández Naval, Premio Xerais de novela, está ambientada


en diversas épocas da cidade de Ourense, incluíndo a Guerra Civil e a posguerra coa súa conseguinte represión. O protagonista é Pierre Francesco Borghesse, un avogado veneciano que no seu periplo formativo por Europa aterra na Cidade das Burgas nos anos previos á contenda española.

Golfaróns de sangue (1989), de Xosé Fariña Jamardo, baséase tamén nas experiencias persoais do autor durante a contenda e en diversos achados documentais. O pai do protagonista, o vello Xeitoso, perseguido, humillado, encarcerado e finalmente fusilado na gabia dunha estrada, representa a imaxe viva da traxedia dunha familia galega durante a Guerra Civil.

Terra coutada (1990), de Antonio Fernández Pérez, escritor nado en Río de Xaneiro en 1909, aínda que a súa infancia e adolescencia transcorreu en Verín. Esta novela ía publicarse nos anos cincuenta en Galicia pero desistiuse por mor da censura. Baseada en experiencias persoais, o protagonista é Ramón Cudeiro, de quen conta a vida o autor des que aquel tiña 20 anos e daba clases no Instituto Politécnico de Ourense. Ramón foxe durante a guerra a Portugal, onde escribe para varios xornais. Finalmente emigra ó Brasil.

Arraianos (1991), de Xosé L. Méndez Ferrín, é un conxunto de narracións curtas que se desenvolven na raia entre Galicia e Portugal. Dos dez relatos, dous son sobre a guerra: "Eles" e "O militante fantasía".

Este último é unha elucubración sobre o alzamento en Ourense, onde os vencedores son os vencidos e viceversa.



Agosto del 36 (1991), do escritor e periodista Xosé Fernández Ferreiro, Premio Xerais do mesmo ano, é a historia dunha vinganza baseada nun feito real acaecido durante a guerra en Abados, unha pequena vila da provincia de Ourense. Sara Veiga, mestra da localidade, e o seu marido Gregorio sofren as iras dun grupo de catro falanxistas represores. Sara é ameazada de violación e martirizada durante cinco días; utilízana como engado para que acuda o marido, que tamén será asasinado. É esta unha novela de gran dramatismo, construída cunha técnica cinematográfica moi propia do autor e cun gran dominio da linguaxe. Pode considerarse unha das mellores obras sobre a Guerra Civil en Galicia.

O cego de Pumardedón (1992), de Francisco Fernández del Riego. O protagonista é Mauro, un home

cego por mor da explosión dunha granada durante a Guerra Civil que o marca profundamente non só física senón moralmente, pois o converte nunha persoa chea de amargura e desánimo que leva unha vida retirada lonxe do mundo urbano, no lugar de Pumardedón, coa súa muller Laura.

Os dados de Deus (1994), de Arturo Lezcano, é un conxunto de relatos curtos dos que "O Cándido" trata o tema da guerra. Está ambientado nunha vila imaxinaria na provincia de Ourense e ó longo del descríbese a situación social e política que desembocou no alzamento do 18 de xullo de 1936.

Semente de onte (1994), de Manuel Ángel Laxe Freire, editada por Vía Láctea, é un relato ben construído que ten como protagonista a Melania Dorrego, unha moza arxentina que non pode resistir a tentación de vir a Galicia para saber cál foi a causa, ou o pecado, que obrigou a seu pai a emigrar durante a Guerra Civil.

Tristes armas (1994), de Marina Mayoral, é a historia dunha carta que nunca chegou ó seu destino e tamén das vivencias de dúas nenas (Harmonía e Rosa), exiliadas a Rusia, de dous mozos galegos amigos (Henrique e Miguel) que se atopan en bandos opostos durante a contenda civil e doutros personaxes máis.

La boda de Chon Recalde (1995), de Gonzalo Torrente Ballester, é

unha novela de calidade discreta, moi característica da época terminal do autor ferrolán, que recoñece a necesidade de cartos para alimentarl-a súa numerosa prole. A acción desenvólvese en Villarreal de la Mar, cidade do fistera galego, trala que se adiviña Ferrol, e onde viven dúas orfas (Cristina e Chon Recalde) dun capitán de navío fusilado durante a Guerra Civil polas súas ideas republicanas. As irmás fan o posible por integrárense na anódina e hipócrita sociedade que as rodea e que Torrente describe con máis vontade ca acerto.

Finalmente hai que citar *Esmoriz*, do filólogo Aníbal Otero, escrita durante a permanencia do autor nos cárceres franquistas (estivo en Tui, Burgos e Figueirido) ata 1941. A novela fora anunciada en 1979 pola Editorial Castrelos, pero a desaparición desta por motivos económicos impediu que se levase a cabo o proxecto e non se puido publicar ata 1994 por medio de Sotelo Blanco.

Esmoriz, que leva por subtítulo “Memorias dun condenado do franquismo” e o pseudónimo de J. Daidiña, está escrita en terceira persoa. A narración arrinca co protagonista Esmoriz –que é Aníbal Otero– en Portugal, recibindo as novas do comezo da Guerra Civil española e a caída da cidade fronteiriza de Tui.

A *Esmoriz* hai que engadir outra novela inédita, *Un masón en la hoguera*, da que posúo un exemplar mecanografiado adquirido no rastro de María Pita, na Coruña, e que foi

escrita por Domingo Quiroga. A obra está ambientada na Guerra Civil e contén elementos autobiográficos.


A estas novelas poderíanse unir as escritas por autores galegos sobre a guerra fóra de Galicia, como *Los canes andan sueltos* (1952), de Ángel Oliver, crónica novelada da vida en Cartaxena durante a contenda, que resulta ser unha condena da actuación do bando republicano.

Una isla en el mar rojo (1939) e *La novela número trece* (1940), de Wenceslao Fernández Florez. A primeira é unha crónica novelada das peripecias de varios personaxes no Madrid sitiado da guerra. Da “número trece” hai que destaca-lo protagonista, o detective Charles Ring, que busca o cabalo *Wotan*, gañador do Gran Derby, a través da convulsa España republicana da Guerra Civil.

O terror vermelho (1983), de Wenceslao Fernández Flórez (publicada en Portugal e da que non hai versión castelá) e *Madrid grado* (1939), de Francisco Camba, retratan a vida no Madrid asediado polas forzas nacionais durante a guerra. No caso da primeira, inclúe o seu acollemento nunha legación diplomática e a posterior saída da España republicana.

Todos los muros eran grises (1956) e *La misión* (1966), de José Blanco Amor. Na primeira nárrese a aventura dun emigrante español en Amé-

rica e na segunda o ambiente situado en Brasil no curso dunha misión diplomática.



La escuadra la mandan los cabos (1946), de Manuel D. Benavides, publicada no exilio mexicano e onde o autor, un ponteareán nado en 1895, narra, a metade do camiño entre a novela e a reportaxe, os principais feitos acaecidos na Mariña de Guerra durante a contenda civil. Dela fálase no capítulo anterior.

Los que se fueron (1957) e *Visperas de odio* (1958), da santiaguesa Concha Castroviejo (irmá de José María). A primeira trata o éxodo cara á fronteira francesa, os campos de concentración dos refuxiados e a chegada a México. A segunda é a descrición dun odio nacido da morte do ser querido durante a guerra. Está escrita pola protagonista en forma de carta confesión.

Javier Mariño (1943), de Gonzalo Torrente Ballester. Javier, o prota-


gonista, cruza a fronteira francesa en xullo do 36 e trasládase a París, onde transcorre a maior parte da acción, pola que desfilan unha serie de personaxes pintorescos e cosmopolitas. O libro subtitúlase "Historia de una conversión", aludindo non só á do protagonista senón tamén á da súa compañeira Magdalena.

La novela del indio Tupinamba (1959), de Eugenio Fernández Grannell, é a primeira novela surrealista sobre a contenda.

La fiebre (1959), do coruñés Ramón Nieto, está dividida en dúas partes, a primeira delas ambientada nunha cidade imaxinaria, pero que ten tódalas características comúns de calquera capital de provincia española. A época corresponde á década dos trinta e primeira metade dos corenta, e nárrese, con bo estilo literario, a vida dunha familia de clase media. A guerra propiamente dita ocupa oitenta páxinas.

El agujón (1968), de Luis Iglesias Souza. A primeira parte desenvólvese nunha vila castelá denominada San Tirso, durante os anos da Guerra Civil e os anteriores a ela. Tres son os personaxes importantes da trama: Olivia, don Jaime e Serval, que saen de España en barco un 22 de novembro con Olivia embarazada.

La noche más caliente (1969), de Daniel Sueiro, describe a vida nunha vila onde dominan os protagonistas vencedores da guerra. Os sucesos concéntranse nunha noite e o procedemento narrativo é o diálogo. Os dous personaxes principais teñen a mesma arela: matar para liberárense da súa angustia vital.



San Camilo 1936 (1969), de Camilo José Cela, narra os acontecementos que discorren no día de San Camilo, o 18 de xullo, de 1936. É un testemuño minucioso cheo de figuración, lembranzas,

mitos e personaxes varios. Deste mesmo autor, e aínda que a guerra non ocupa máis que unhas páxinas da novela, hai que citar **La familia de Pascual Duarte** (1943), unha das máis destacadas da novela contemporánea española, que se estende, ademais, ó tratamento de dúas paixóns eternas: o odio e a violencia. Escrita como a autobiografía en forma de cartas dun home, Pascual Duarte, que está no cárcere condenado por un crime durante a guerra civil, está chea de descrições macabras. É a orixe dunha corrente literaria coñecida como 'tremendismo'.

La turbia corriente (1970), de Manuel Casado Nieto, publicada por Destino, é outra novela ambientada na Guerra Civil, como **La noche más caliente** (1984) e **Balada del Manzanares**, de Daniel Sueiro, a última das cales resultou se-la póstuma do autor.

Filomeno a mi pesar, de Gonzalo Torrente Ballester, obtivo o Premio Planeta no ano 1988.

Recóndita Armonía (1994), de Marina Mayoral.

La cruz de San Andrés, de Camilo José Cela e Premio Planeta no ano 1994. A pesar de estar ambientada en diversas épocas na Coruña, Guerra Civil incluída, vendeuse moi mal, non só na cidade herculina senón en toda Galicia, e foi superada amplamente pola novela finalista de Ángeles Caso. *

MEMORIAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA

JULIO PRADA RODRÍGUEZ

María Jesús Souto Blanco,
*La represión franquista
en la provincia de Lugo,*
Sada, Edición do Castro,
1998, 440 páxs.

Este libro de María Jesús Souto ten a súa orixe na tese de doutoramento homónima presentada pola autora na USC. no ano 1997. Como tal representa o primeiro estudio de ámbito provincial realizado coa rigorosidade que esixe a metodoloxía histórica no relativo á elaboración das hipóteses, a selección e tratamento das fontes e a súa hermenéutica. Precisamente a variedade das fontes manexadas é unha das grandes virtudes deste libro, malia que a présa porque vise a luz nos prive polo de agora do afondamento nunha fonte esencial e riquísima como son as causas militares instruídas na provincia ás que a autora tivo acceso, pero que nesta obra manexa dun xeito moi superficial e fundamentalmente cuantitativo. Agardamos que esta eiva se vexa prontamente emendada coa publicación dun segundo volume anunciado por I. Díaz Pardo no limiar a outra recente obra publicada na mesma colección sobre a sublevación

militar en Lugo, da que é autor A. Santos.

Dende o punto de vista metodolóxico a obra resulta substancialmente correcta. Aínda que o libro escolle como punto de partida o momento da conspiración militar, é de valorar o esforzo realizado pola autora por integra-lo seu discurso na dinámica política que se vive nos derradeiros meses da República. Calquera estudio sobre a represión franquista non pode, como mínimo, prescindir

dunha análise da problemática xerada polos acontecementos de outubro de 1934, as eleccións de febreiro de 1936 e a etapa da Fronte Popular, pois neles atopámo-la maioría das claves explicativas para lograr unha axeitada comprensión deste complexo fenómeno. Neste punto tería sido moi interesante a elaboración dun mapa de conflictividade sociopolítica da provincia a partir destas datas para establecer posibles liñas de coincidencia ou descontinui-

serie / DOCUMENTOS

María Jesús Souto Blanco

LA REPRESIÓN FRANQUISTA EN LA PROVINCIA DE LUGO (1936-1940)



EDICIÓN DO CASTRO

dade coa distribución espacial da represión franquista. Que en determinados concellos a folga de outubro se vivise con maior intensidade ca noutros, que as diversas manifestacións de anticlericalismo tivesen como centro algunhas comarcas, que as folgas obreiras se concentrasen en certos núcleos ou que o mantemento das prácticas caciquís seguise condicionando a dinámica política local son outros tantos factores que no libro aparecen como posibles elementos condicionantes do volume represivo. Pero é preciso avanzar un paso máis, malia que o ámbito provincial non sexa o máis adecuado para realizar un estudio deste tipo como a propia autora recoñece. Cómpre, ante todo, xerarquizar estes factores, analiza-las súas orixes —que en non poucos casos son rastrexables ata a etapa da Monarquía—, determinar concretamente a súa influencia sobre unha ou outra modalidade represiva, descubri-las estratexias de adaptación dos diversos actores implicados nestas ondas de conflictividade diante da nova situación creada polo alzamento e entrar, en fin, no campo das motivacións individuais sen perder de vista a dinámica global na que se insiren.

A parte esencial do libro artículase arredor de dous grandes apartados nos que se estudia o que a autora denomina a represión “física” ou “violenta” e a represión “administrativa” e “económica”. Dentro da primeira destas modalidades botamos en falla unha máis fonda reflexión teórica verbo dos conceptos de represión e violencia, sobre os que xa se ten producido un importante debate

historiográfico que non pode obviarse malia o carácter divulgativo do que non pode prescindir unha obra destas características. Este feito, unido á escaseza de referencias bibliográficas doutras partes do Estado, condiciona, ó noso entender, o xeito de encara-lo tratamento do modelo represivo franquista, centrado máis nos aspectos cuantitativos ca en determinados aspectos cualitativos ós que iremos facendo referencia.



FONDO ÁNGEL BARCIA

A represión física organízase sobre tres parámetros comunmente aceptados como base de análise: os encadeados, os procesados militarmente e os mortos violentamente sen proceso. Respecto ós primeiros, a calidade das fontes —impensable noutras prisións como a de Ourense onde a porcentaxe de datos relativos á filiación dos reclusos que se deixa sen cubrir resulta moi elevada— e o axeitado tratamento que delas realiza M. J. Souto permítenlle obter resultados dificilmente cuestionables. Con todo, non acabamos de coincidir coa solución ofrecida pola autora ó problema de tratamento informático que ocasionan

as repetidas entradas e saídas do cárcere de determinados reclusos. Coidamos que o seguimento destes casos resulta esencial para a axeitada comprensión do modelo represivo franquista e dos seus obxectivos finais. Pensemos, por exemplo, naqueles individuos ós que se decide non procesar militarmente porque no seu concello ou comarca de residencia non se produciu a máis mínima alteración da orde e, sen embargo, son considerados como “perigosos” para o novo Estado. Se se tratan casos illados sempre se pode mantelos no cárcere varios anos “á espera de proceso”; pero cando nunha parroquia hai media ducia destas persoas é moito máis práctico modula-los tempos de reclusión e liberdade para acadalo mesmo efecto có perseguido cun encadeamento ininterrompido sen a imposibilidade práctica de atopar acomodo para unha poboación reclusa tan elevada.

O criterio utilizado para distinguir entre presos comúns e políticos ten unha serie de riscos que complica a análise tanto cualitativa coma cuantitativa. En efecto, deduci-la natureza do feito da autoridade que pode dispoñer dos presos pode levar a considerar como políticas numerosas detencións gobernativas que, en realidade, non son tal, como indocumentados, mendigos, portugueses sen permiso de residencia —que supoñemos escasos en Lugo pero que nos concellos limítrofes de Pontevedra e Ourense son moi numerosos—, delincuentes comúns non sometidos a proceso nin reclamados xudicialmente, etc. Asemade, se a nosa análise se esten-

dese ó período inmediatamente anterior á entrada en vigor do bando no que se declaraba o estado de guerra, podería acontecer-lo fenómeno inverso: velaí o que sucede cos delitos de sedición común e militar. A práctica seguida na provincia de Ourense demostra que o axuizamento por unha ou outra vía dependía, en esencia, do garda civil que procedese á detención do paisano; no primeiro caso quedaría ó dispor da Audiencia ou do xuíz de instrucción e, xa que logo, non sería considerado como político un comportamento que participa esencialmente desta natureza. O mesmo acontece durante un curto período a principios dos anos corenta cando o réxime, para aparentar unha situación de normalidade que distaba moito de ser tal, decide desviar cara á xurisdicción ordinaria os atracos cometidos por eses presuntos “bandoleiros” dos que falaba a terminoloxía oficial.

Por iso, cando as fontes o permiten, coidamos que é preferible empregar un criterio penolóxico, que mide con moita máis precisión o verdadeiro carácter do delito, e evitar así posibles disfuncións que si poden resultar significativas no ámbito municipal malia que nun marco máis amplo poidan quedar enxugadas.

Os fusilados na provincia de Lugo como resultado da imposición da pena capital en consello de guerra, que M. J. Souto cifra en 168—dos que 108 corresponderían a residentes na demarcación provincial—, reproducen de xeito practicamente mimético os números avanzados por Salas Larrazá-



FONDO ÁNGEL BARCIA

bal hai xa máis de vinte anos. Mentres a gran maioría dos estudos realizados noutras partes do Estado están a demostra-la necesidade de corrixir á alza estes datos no caso de Lugo, non semella ocorrer-lo mesmo no que atangue ás execucións sumariais.

• Cousa ben distinta é o que acontece coas “mortes irregulares”, que a autora eleva a 416. Como reconece a investigadora, este é, sen dúbida, un dos apartados máis controvertidos e provisionais que ten esta obra, agravado polo feito de que non se nos ofrezca máis ca unha listaxe parcial dos considerados como tales. En calquera caso constitúe un interesante punto de partida que investigacións posteriores de carácter máis reducido deberán confirmar ou desmentir. Escasa é, sen embargo, a atención que se lles presta ós aspectos non cuantitativos desta modalidade represiva: cómpre determinar se tales asasinatos están ou non condicionados por un ou varios dos factores antes comentados, analizar a fondo o seu *modus operandi*, coñecer cales son os seus suxeitos activos e cales as motivacións que os impulsan, fundamentar hipóteses que

nos permitan dar unha resposta satisfactoria ó porqué do costume de abandona-los cadáveres nas gabias de localidades máis ou menos distantes do lugar de residencia do asasinado, diferenciar nidiamente as *sacas*—onde a responsabilidade militar é moito máis evidente— dos *paseados* sen pasar polo cárcere, etc. Da capacidade da autora e da calidade e cantidade do corpus documental que puido manexar, non cabe agardar outra cousa.

É esta, certamente, unha tarefa ardua e complicada, pero é o único xeito de transcende-lo mero estudo cuantitativo, que supón sempre unha tentación demasiado forte para os que nos dedicamos a este tipo de investigacións. É tamén un traballo necesario para evitar que se reproduzan interpretacións incorrectas de feitos que por unha razón ou outra acadan unha gran presenza nos medios de comunicación ó pairo de determinadas conmemoracións. Tivemos unha boa mostra disto co gallo da homenaxe á figura de Roberto Blanco Torres, ó que non poucas publicacións se empeñaron en relacionar estreitamente co cárcere de Celanova. O destacado

xornalista saíu do cárcere de Ourense en compañía dos que habían se-los outros seus dous compañeiros de martirio en virtude dunha orde “de liberdade” asinada polo daquela gobernador civil, M. Quiroga. Os falanxistas que a portaban –os mesmos que serían os seus executores– conducíronos pola estrada de Celanova e só ingresaron nunha taberna próxima. Nin que dicir ten que desta breve estancia non quedou pegada documental ningunha.

As limitacións coas que topamos os historiadores interesados nesta temática pónense claramente de manifesto no apartado dedicado ó estudio das responsabilidades civís. Segundo a investigadora, os expedientes conservados non representan máis que o 40 % da totalidade dos incoados, a vulgar polas informacións hemerográficas. É esta unha situación que se repite nas restantes provincias galegas e, en particular, na de Ourense, onde si contamos cun importante fondo documental xa catalogado e estudado por nós. As razóns deste baleiro documental non derivan soamente da desaparición das causas ou da súa destrución polo escaso coidado dispensado polas autoridades encargadas da súa custodia. Unha parte importante explícase polo feito de que durante os primeiros meses da guerra chegou a impoñerse unha calculada e interesada improvisa-

ción en materia de incautación de bens aproveitando o parco e extremadamente rigoroso da normativa vixente –o D. 108/1936 do 13 de setembro–, situación que só se vería parcialmente modificada coa entrada en vigor do D. L. do 10-I-1937. Esta derradeira norma obrigaba as Comisións Provinciais de Incautacións a publicar no BOP correspondente a instrucción de expediente e a seguir todo un proceso que con anterioridade non sempre foi escrupulosamente respectado, como amosan os casos de duplicidade na incoación de expedientes, as dificultades atopadas por algúns sancionados para obter un testemuño da condena imposta polas devanditas Comisións ou para recuperar parte do pagado en certos supostos. Naturalmente isto non era óbice para que a prensa publicase os nomes dos expedientados e mesmo fixese constar a situación de embargo na que quedaban os seus bens.

Finalmente, tamén merece destacarse o apartado das depuracións, centrado no mundo do ensino e no persoal ó servizo do concello. Aínda que é moito o que queda por facer nestes apartados –lémbrense os varios centos de carteiros rurais da provincia sometidos a investigación dos que se conservan os seus expedientes– resulta doado coincidir coas conclusións da autora nesta materia: non só se trataba de garantir a consecución duns funcionarios acorde cos principios inspiradores do novo Estado, senón de utilizalo acceso á Administración como un xeito máis de retribuír ós que se significaron na defensa deste. O mesmo acontece no que atangue á



FONDO ANGEL BARCIA

problemática da continuidade ou descontinuidade das elites de poder local e ó predominio das redes de amizade e parentesco dentro de cada localidade. Como acontece noutras provincias galegas –é o caso da Coruña, estudado por E. Grandío, e de Ourense–, na loita desatada polo control destas instancias de poder non sempre hai un claro vencedor. As variables son sempre múltiples e a capacidade de adaptación dos actores vai se-la que, en última instancia, determine a sorte desta batalla.

Este estudio, tan necesario no desigual panorama historiográfico galego sobre a represión, tamén vén a confirmar algo sobre o que existe xa un acentuado consenso cal é o da función esencialmente política que cumpre a represión franquista: diante da ausencia dun consenso xeneralizado na poboación, con ela trátase de garantir primeiro a implantación e despois a consolidación dun réxime que, a falta de lexitimación, tivo que acudir a unha violencia sistemática e desproporcionada mediante a que se aniquilou os mais destacados opositores, se paralizou os disidentes e se logrou a forzada participación dos indiferentes. •

Julio Prada Rodríguez

PROFESOR
DE HISTORIA
CONTEMPORÁNEA
FACULDADE
DE HUMANIDADES
DE OURENSE

RECUPERANDO OS TESTEMUÑOS PERDIDOS

CARME ALVARIÑO ALEJANDRO

Shirley Mangini,
Recuerdos de la resistencia.
La Voz de las mujeres
de la guerra civil española,
Barcelona, Península, 1997,
259 páxs.

Nos últimos anos teñen aparecido numerosos estudos sobre a Guerra Civil española, coincidindo co cincuenta e sesenta aniversario do seu remate, pero moi poucos fan referencia á participación das mulleres. Cando se fala delas frecuentemente quedan reducidas á imaxe das milicianas que coa súa funda azul fan loitar man a man cos homes, ou ás singularidades, mesmo lendarias, como Pasionaria. Mais as primeiras, mitificadas e utilizadas nos carteis da época como símbolo da guerra e da revolución, non respondían ó modelo real para a colectividade das mulleres. As milicianas foron ben poucas, e menos as que actuaron directamente na fronte; moitas desempeñaron servizos auxiliares de asistencia, sanidade, administración, cociña ou lavandería. Entre as personalidades femininas, ademais da Pasionaria, que representaba a abnegación, o espírito de sacrificio, é preciso mencionarl as outras mulleres como María Lejarraga, deputada socialista



por Granada en 1933 que renunciou ó seu escano en 1934 tralos sucesos de outubro, ou Federica Montseny, primeira muller que ocupou un ministerio na historia de España e á que se debe, entre outras cousas, a legalización do aborto. De aí a necesidade de traballos como os que se recollen nas Actas das III Xornadas de estudos monográficos *Las mujeres de la Guerra Civil*, celebradas en Salamanca en outubro de 1989 e publicadas polo Instituto da Muller en 1991 (na actualidade esgotadas), ou a obra de Shirley Mangini, que nos permite unha aproximación máis directa á vida desas mulleres que viviron a guerra e padeceron as súas consecuencias no cárcere ou no exilio.

Nesta obra, Shirley Mangini achéganos á Guerra Civil e as súas consecuencias partindo das voces das mulleres que a padeceron. Pero o libro non se limita a da-la visión que estas mulleres proxectan nas súas memorias, diarios ou cartas, senón que fai unha análise crítica, con abundantes referencias bibliográficas, especialmente nos capítulos dedicados á República e a Guerra Civil. A riqueza dos testemuños das mulleres que padeceron os cárceres franquistas así como a escaseza de estudos sobre o tema, xustifican o tratamento diferente dos capítulos dedicados a esta etapa, nos que os textos de memorias son o eixe central.

Fala Mangini dunha evolución circular para referirse á historia das mulleres españolas, para as que a II República e a Guerra significaron unha liberalización respecto á represión da etapa anterior e á que de novo volveron co franquismo. É preciso subliñala apertura que para elas significou a chegada da República, “a primeira reforma social para a muller”, segundo a autora. Ademais do grande esforzo educativo —a lexislación aprobada así o demostra— desde



FONDO ÁNGEL BARCIA

as reformas no Código Civil encamiñadas a equiparar xuridicamente mulleres e homes, a lei de divorcio, por non falar do dereito ó voto. En 1931 só gozaban deste dereito as mulleres de 17 países; as francesas e italianas tiveron que agardar ata 1945, as suízas a 1971, por limitarnos ó mundo máis próximo. Daquela no Parlamento español puidéronse oír-las voces de Clara Campoamor, Victoria Kent, Margarita Nelken, María Lejárraga, Matilde de la Torre, Dolores Ibárruri, entre outras. Shirley Mangini, valéndose das súas memorias, diarios, cartas persoais (...), fai un retrato de cada unha destas mulleres que destacaron entón, non sen grandes dificultades, ata o punto de que moitos dos seus contemporáneos as clasificaban como criaturas aberrantes.

Coa chegada da guerra a abnegación tradicional das mulleres trocouse en rebeldía. O aumento de responsabilidades e alternativas sobre o seu corpo e a súa mente permitíronlles acari-

ñar esa sensación de liberdade, moitas incorporáronse ó mundo laboral para substituíren os homes que estaban na fronte. Así mesmo actúan a través de organizacións como As Mulleres Antifascistas, a Unión de Muchachas, ou as Mulleres Libres (anarquistas). Esta última, creada en 1936, era unha organización máis rigorosamente feminista, actuaba como un grupo máis autónomo e as súas metas estaban na emancipación das mulleres e a preocupación polo control do seu corpo, “os seus obxectivos pedagóxicos e os seus intentos por erradicar-la prostitución e promover-la liberdade sexual dan fe de que Mulleres Libres tomou unha postura máis feminista ca calquera outro grupo en España ata despois da Dictadura” (páx. 103).

FONDO ÁNGEL BARCIA



As mulleres conservadoras tamén actuaron dun xeito organizado, especialmente desde 1934 coa creación da Sección Feminina, que tivo un papel activo nos preludios da guerra e mentres durou (o Auxilio de Inverno). Mais a autora sinala cómo a idea de identidade propia entre as activistas de esquerdas era diametralmente oposta ás de dereitas; a Sección Feminina íase converter nun instrumento para a destrución de calquera sentido de progreso entre a maioría das mulleres españolas. O concepto de clase non está pois separado, neste caso, do concepto de sexo.

Os avances da lexislación, as reformas realizadas desde e polo Estado, a peculiaridade dunha situación de crise provocada pola Guerra Civil que permitira a incorporación da muller no ámbito da produción desde uns presupostos baseados na igualdade entre os sexos, víronse truncados coa victoria dos sublevados e a chegada do franquismo. O ano 1939 significa un xiro para as mulleres, a volta á submisión á Igrexa, ó Estado e ós homes.

A terceira parte do libro, a prisión como memoria, é seguramente a máis innovadora da obra, especialmente os testemuños daquelas mulleres que padeceron o cárcere, a maioría apresadas



FONDO ÁNGEL BARCIA

pola asociación cos outros (especialmente os seus compañeiros masculinos), por axudar un familiar ou amigos. Ángeles García, Juana Doña, Carlota O'Neil, Marisa Bravo, Tomasa Cuevas, etc., intentan sacar á luz a través dos seus testemuños as vidas e destinos de milleiros de persoas que sobreviviron ós cárceres franquistas. Así, Teresa Cuevas négase a acepta-la morte do recordo colectivo, emprega os textos como resistencia á perda desta memoria. Os textos teñen, segundo a autora, o obxectivo explícito de denuncia-la violación dos dereitos perdidos, pero implicitamente pretenden empuñalo lector ou lectora a revisa-la historia de España por medio das narracións de angustia e heroísmo das mulleres na guerra e inmediata posguerra.

A solidariedade das mulleres encarceradas, o seu interese por aprender, o paso do tempo, a fame, as enfermidades, o sufrimento das nais, son temas recorrentes nestes testemuños.

Estes textos de memorias, que autora inscribe no “xénero dos foraxidos”, formulan dun xeito diferente as relacións entre a identidade persoal e o mundo, entre a historia persoal e a historia social. “As invencións narrativas están ligadas á loita pola supervivencia, non son unha experimentación estética ou expresión individual; o narrar é unha protesta política, as voces converxen, tal como o fan as cousas tecidas, coma se participaran nunha manifestación política de épocas pasadas” (páx. 66-67). Están tratados como historia oral que tenta reconstruír un retrato do papel da muller e das súas percepcións durante o suceso político máis gráve da historia de España.

Ende ben xa están superados os ríxidos esquemas interpretativos que se limitaban a falar da *victimización* histórica das mulleres e da súa “heroica” loita feminista contra a súa opresión, así como os que identificaban o feminismo co sufraxismo. É pre-

ciso partir da realidade específica da sociedade española e das diferentes experiencias das mulleres. No libro que nos ocupa, as activistas da guerra, como di Shirley Mangini no epílogo: “describen nos seus textos a guerra, o cárcere e o exilio, o que permite amplia-la nosa comprensión de cómo o sexo determina o papel da muller en tempos de caos e cambio”.

A lectura do libro, especialmente dos capítulos dedicados ás lembranzas da guerra e do cárcere, dá unha visión nova sobre o tema que sería preciso incorporar a calquera análise sobre o período. Urxe a recuperación dos testemuños daquelas persoas que aínda viven. Este tipo de fontes poden ser, ademais, un cálido complemento ós traballos de investigación baseados na documentación que se atopa no Arquivo Histórico Nacional de Salamanca e noutros arquivos.

Ó peche da edición deste número anúnciase a publicación do libro *Rojas. Las mujeres republicanas en la guerra civil*, de Mary Nash, na editorial Taurus. A lectura deste traballo seguramente botará novas luces sobre o tema; a extensión e calidade da obra da autora así o fan presumir. *

Carme Alvariño Alejandro

PROFESORA DE SECUNDARIA

PACO BALÓN: MEMORIAS DE UN COMUNISTA FERROLANO


GUILLERMO LLORCA FREIRE

O pasado mes de xuño presentábase na Feira do Libro de Ferrol, diante dun numeroso público, o libro de Francisco González Vidal: *Paco Balón: Memorias de un comunista ferrolano*, editado dentro da serie Documentos por Edicións do Castro. O volume vai acompañado por un emotivo prólogo do profesor Xesús Alonso Montero e por unhas minuciosas e documentadas notas do historiador Víctor Manuel Santidrián, responsable tamén da revisión do texto orixinal.

Francisco González Vidal, coñecido popularmente como *Paco Balón*, foi un traballador ó longo da súa dilatada vida laboral da empresa Bazán, vinculado dende novo ó Partido Comunista e ás Comisións Obreiras, que sempre amosou un interese especial pola historia. A preocupación polo pasado colectivo e, en concreto, polo do seu contorno máis próximo, levouno a escribir no ano 1994, *Balón. Historia del lugar*, dedicado ós seus veciños, e tamén a colaborar en diferentes xornais como *La Voz de Galicia* ou *Diario de Ferrol*, nos que asina artigos como “No olvidemos la historia” ou “Reflexiones sobre el aniversario de Brión”, onde deixa constancia, unha vez máis, da necesidade de non esquecer-lo pasado.

Ten un mérito notable que un traballador manual como *Paco Balón* amose esta constante preocupación intelectual, que se ve enriquecida con esta nova contribución: *Memorias dun comunista ferrolano*, onde deixa patente outra volta a súa formación cultural, o pouso de moitas lecturas que lle permiten comezar diversos capítulos con

eruditas citas bibliográficas, tanto de autores marxistas como de Ramón y Cajal, Cicerón ou Napoleón, por poñer algúns exemplos.



É curioso observar que entre os numerosos militantes e dirixentes do movemento obreiro que leva dado a cidade de Ferrol, *Paco Balón* sexa o primeiro en poñerse a escribi-las súas vivencias persoais, centradas sobre todo nos anos da súa intensa e arriscada loita contra a dictadura franquista e que ten un antecedente na súa achega ó libro de Santiago Álvarez, *Memoria da guerrilla* (1991), coa redacción do capítulo “Aspectos da acción guerrilleira en Ferrol e a súa comarca”.


Tense discutido moito dende o punto de vista dos historiadores, verbo da

subxectividade do xénero autobiográfico, e o responsable da edición deste libro, Víctor Santidrián, argumenta, baixo o epígrafe de “Memorias, memoria e historia”, sobre esta cuestión e fai unha rigorosa análise dos libros de memorias, que constitúen, segundo as súas propias palabras, “un documento que o historiador ten que empregar someténdoo á crítica, do mesmo xeito que se fai co material de arquivo”. Compartímo-la súa reflexión de que estas memorias, escritas baixo o prisma da visión persoal e do compromiso político, son unha valiosa contribución para o coñecemento da historia máis recente de Ferrol e do movemento obreiro en Galicia.

A este mérito inicial da obra de *Paco Balón* hai que engadi-la achega de diversos sumarios xudiciais, as cartas do *Moncho* —xefe da IV Agrupación guerrilleira— e o índice gráfico de escritos e fotografías, que se recollen nas páxinas centrais do libro e que forman parte do seu importante arquivo documental, recompilado minuciosamente ó longo dos moitos anos de traballo clandestino como responsable do aparato de propaganda do Partido Comunista de Galicia. Gracias a supera-los graves riscos de ser descuberto pola policía franquista puido ser doado xenerosamente polo autor ós fondos da Fundación 10 de Marzo e constitúe un importante legado para futuras investigacións.

O libro, de 263 páxinas, está estruturado en dúas partes. A primeira, máis ampla, consta de once capítulos que abranguen dende os inicios do PCE en Ferrol ata a fin das guerrillas. Neles mestúranse os testemuños dun veterano e sacrificado militante comunista iniciado no anarquismo, o ferrolán Antonio Ares Abelleira, *Toñito*, e as propias reflexións de *Paco Balón*. Dende o punto de vista do relato cronolóxico esta longa etapa resulta un pouco inconexa e imprecisa. Así,

cando se recollen os avatares políticos de *Toñito*, primeiro fálase da fin da República e logo dun atentado que ten lugar en 1921. Sobre este violento suceso, o do asasinato do presidente da patronal local, Nicasio Pérez —que se narra na páxina 38—, engádesse a continuación que o fillo da vítima se vingará matando un mozo inocente, cando en realidade acontece en 1935. Non é correcto, tampouco, falar —na mesma páxina— de dúas persoas, Mario Rico e Covas, como dous relevantes dirixentes cenetistas, pois o certo é que se trata da mesma persoa. Pon moita énfase na denuncia sobre “algunos militantes [da CNT] que se pusieron al servicio de Falange, antes y durante la Guerra Civil” e nada se di, por citar dous exemplos coñecidos, de destacados dirixentes locais, como Santiago Montero Díaz, que fora secretario das Xuventudes Comunistas da súa cidade natal e despois é un dos forxadores das JONS, ou Gonzalo Torrente Ballester, secretario local do Partido Galeguista que logo se alista na Falange.



os libros de
memorias
constitúen un
documento que
o historiador ten
que empregar
someténdoo á
crítica, do
mesmo xeito
que se fai co
material de
arquivo

Antonio Ares Abelleira,
Toñito

Hai tamén un tratamento desigual á hora de abordar diversos acontecementos; así, faise unha lixeira pasada pola

Fotografía de Francisco González Vidal, Paco Balón

o primeiro que se desprende da lectura destas páxinas é o recoñecemento do papel desempeñado por moitas mulleres, comprometidas a maior parte das veces de forma anónima coa loita antifranquista

revolución de outubro de 1934, polo tema do Estatuto de Autonomía ou polo Alzamento, mentres que se afonda, con achegas moi interesantes, en temas como a propia organización do partido, a loita guerrilleira ou as biografías dalgúns militantes, como é o caso de Manuel Blanco Bueno. Resultan igualmente discutibles algúns xuízos persoais, como o que se fai (páx. 120) sobre unha determinada acción de *Foucellas*, que lle custa a vida, pois “los infantilismos se pagan caros”, en palabras do autor; certas valoracións como a do “guardia civil máis odiado” (páx. 139) evidentemente de difícil cuantificación; e determinadas afirmacións, como que “Entre los años de 1946 y 1951, los destacamentos de la Guardia Civil, ubicados en los ayuntamientos donde se desarrollaba la lucha guerrillera [...] se encontraban completamente arrinconados, acogotados y a merced de la guerrilla; si esta se lo hubiera propuesto, podría muy fácilmente batirlos sin remisión” (páxs. 137-138), cando o triste final da resistencia guerrilleira, tamén comentada no libro, non xustifica ese optimismo.

A segunda parte do libro, menos extensa, céntrase nas memorias do propio autor, enriquecidas cos testemuños doutros militantes, compañeiras e compañeiros que protagonizaron tamén a loita polas liberdades. Abrangue dende os anos da infancia, coas súas primeiras lembranzas da represión franquista, ata a legalización do PC, cunha reflexión final sobre a súa longa traxectoria política e sindical e a súa visión do futuro.

O primeiro que se desprende da lectura destas páxinas é o recoñecemento do papel desempeñado por moitas mulleres, comprometidas a maior parte das veces de forma anónima coa loita antifranquista, pero que tiveron un cometido



fundamental, coa súa entrega e sacrificio, no duro traballo clandestino. Velaquí (páx. 155) as propias palabras do autor para expresar tan merecido recoñecemento, que noutros libros e textos escolares se ignora descaradamente:

Es de justicia resaltar la labor realizada por la mujer en los inicios de la reorganización del Partido Comunista: madres que transportaban sobre su cabeza material tras caminar decenas de kilómetros, compañeras que colaboraban en las buzonadas, en la distribución de octavillas, y que acudían con sus compañeros e hijos a manifestaciones y concentraciones. Algunas supieron de vejaciones en sus hogares durante aquellos registros, llegando incluso a ser abofeteadas; a otras, con el susto y el temor, llegó a cortárseles la menstruación, lo que originó cambios en su metabolismo.

Tamén, coma na primeira parte, se atopan afirmacións que ó noso entender son difíciles de compartir, como cando se afirma (páx. 162): “No fuimos los comu-



nistas quienes creamos las Comisiones Obreras, fueron los propios trabajadores”; ou cando se sinala (páx. 174) que “Rafael Bárez fue uno de los responsables de poner en marcha el embrión del Ateneo”, historia que coñecemos persoalmente sen que poídamos lembrar ningún protagonismo deste avogado laboralista.

A tensa emoción que produce a lectura do libro, sobre todo para os que vivimos e compartimos aqueles anos de loitas polas liberdades democráticas, está salpicada por simpáticas anécdotas que relaxan a dureza do relato. É o caso, por citar un exemplo, ocorrido (páx. 219) durante os tráxicos sucesos de marzo de 1972:

Cuando se produxo el enfrentamiento entre la policía y los trabajadores de Bazán en la carretera de Las Pías en el año 1972, había un camión aparcado en ese lugar. Llevaba un cargamento de piedras que fueron utilizadas contra la policía. Uno de los obreros, una vez que la policía ya se había retirado por haber terminado la munición, seguía tirando piedras desde un rincón

de las Casas Baratas, como si de verdad estuviera aún la policía. El compañero José Loureiro, que lo observaba, se le acercó: “¡Para!, que ya se han ido”. Él dijo: “Es igual. Me cago en la m... q... p...”. Estaba ciego de ira.

Outro dos valores que se aprecian na lectura desta obra é que está escrita co sentimento e a sinceridade que lle permiten criticar abertamente tanto a actitude da Igrexa durante o franquismo: “Así como sacerdotes y feligreses en general tuvieron un buen hacer, la jeraquía eclesiástica protagonizó un cínico comportamiento [...]” (páx. 196); como recoñecer (páx. 209) que el mesmo exerceu, ás veces, a censura como responsable do aparato de propaganda. A pesar destas premisas, o autor non deixa suficientemente claras as razóns do seu cesamento no Comité Local do PCG, nin se mostra crítico con certas conductas políticas dos seus camaradas ou co acontecido nos países do chamado “socialismo real”.

Con todo, estamos diante dun libro cargado de autenticidade e de importantes contribucións para a historia contemporánea de Galicia, pero o que máis sorprende é que está escrito con fe nas súas ideas comunistas —cosa de agradecer nestes tempos sen ideais e dominados polo mercado—, e sen rancor, aínda que *Paco Balón* teña fazonas dabondo para porfiar no que tanto leva sufrido. Son loanzas merecidas que veñen xustificadas pola súa exemplar liña de conducta, guiada, como o autor confesa, por: “La verdad, no la mía, la honestidad y la dignidad”. •

a tensa
emoción que
produce a
lectura do libro,
sobre todo para
os que vivimos e
compartimos
aqueles anos
de loitas polas
liberdades
democráticas,
está salpicada
por simpáticas
anécdotas que
relaxan a
dureza do
relato

Guillermo Llorca Freire

PROFESOR DE
SECUNDARIA

HISTORIA A DEBATE

II CONGRESO INTERNACIONAL

14-18 DE XULLO DE 1999
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PEDRO LAGO PEÑAS

Entre os días 14 e 18 de xullo celebrouse en Santiago de Compostela o II Congreso Internacional HISTORIA A DEBATE (HAD). Igual que aconteceu na convocatoria de 1993, converteuse nun foro para o debate sobre o coñecemento histórico nas súas dimensións ontolóxica, epistemolóxica e metodolóxica, sen esquecer outros aspectos da disciplina relacionados coa súa propia dinámica académica e institucional (o ensino da historia, o historiador e o compromiso social, etc.).

En relación ó I Congreso, o número de participantes de universidades europeas diminuíu notoriamente fronte ó procedente doutras partes do mundo, en especial Latinoamérica, con Arxentina á cabeza. Neste sentido, a diversidade na orixe xeográfica dos asistentes permitiu facerse unha idea do panorama internacional, caracterizado pola multiplicidade de perspectivas historiográficas.

Os organizadores, co profesor Carlos Barros como principal dinamizador, puxeron en práctica dúas iniciativas de grande interese: a realización dunha enquisa internacional e o desenvolvemento paralelo do Congreso Virtual por medio da rede Internet. Como os seus promotores afirmaban, o



FONDO ÁNGEL BARCIA

obxectivo da enquisa era clarificar “el estado de la historia (...) Que ha de permitir, tal es nuestra intención, ir más allá de la mirada impresionista, limitada habitualmente por la institución, el área académica y el país”. Estamos á espera dos resultados, que seguramente se converterán nunha referencia para coñecerlo que a comunidade de historiadores pensa sobre a escritura da historia e o seu oficio.

Dado que se presentaron 120 relatorios en 15 seccións temáticas e se celebraron 20 mesas redondas, ó tempo que imperou o pluralismo historiográfico —dende o marxismo defendido por algúns relatores arxentinos ata as ideas posmodernas de moitos colegas europeos—, resulta materialmente imposible, xa non facer unha síntese de cada unha delas, senón trazar sequera un breve balance das contribucións que se produciron nas distintas seccións e mesas redondas. En consecuencia, coidamos que o máis oportuno é presentar unha relación das seccións temáticas, na espera da publicación das actas congresuais. A continuación, resumiremos algunhas das preocupacións dos participantes nas sesións; entre elas destacou o carácter da propia escritura da historia, atrapada entre a lóxica da narración e as esixencias impostas pola explicación científica.

Historia a debate: seccións temáticas

- 1- Balance da Historiografía do século XX.
- 2- Crise da Historia, cambio de paradigmas.
- 3- Retorno do suxeito social e do fin da violencia.
- 4- Mentalidade, Alteridade, Multiculturalismo.
- 5- Pasados e presentes, pasado e futuro.
- 6- A Historia no século XXI: novos enfoques.
- 7- ¿Como facer historia global?.
- 8- Novas tecnoloxías e escritura da Historia.
- 9- Historia ecolóxica, Historia xeral.
- 10- ¿Que Historia imos ensinar no novo século?.
- 11- Historiografía, definición e Historia da Ciencia.
- 12- Historia, Historiografía e globalización.
- 13- Historiografías poscoloniais.
- 14- Oficio do historiador: sociabilidade, condicións materiais e medios de comunicación.
- 15- Especialidades históricas: converxencias e transversalidade.

No Congreso confirmouse a recuperación do papel do suxeito na investigación histórica fronte ó case total abandono deste durante décadas nos principais programas de investigación. Sen embargo, a penas houbo propostas metodolóxicas precisas, á parte de repetidas críticas ó anterior predominio, por exemplo, do estudio das estruturas econó-

micas. Algo semellante sucedeu coa historia política, definida por moitos como ‘historia social da política’, área que, se ben está en auxe, non se sabe moi ben se pode supoñer un retorno da ‘vella historia’, ou, pola contra, un diálogo coa ciencia política, actualmente caracterizada tanto por unha perspectiva pluridimensional como polo encontro entre acción e estrutura, como se articula, por exemplo, dende o ‘individualismo metodolóxico temperado’.

Máis alá da defensa numantina de posicións historiográficas refractarias á situación creada pola ‘crise dos paradigmas’, explícita ou implícita nalgúns *abstracts* e intervencións, a maioría dos historiadores alí presentes oscilaban entre a plena asunción da lóxica do relato e a defensa do estatuto científico da súa disciplina. Neste sentido, cabe sinalar que para algúns dos defensores da primeira perspectiva, as fronteiras entre certas obras de ficción, como *Hijos de la medianoche* de S. Rushdie, e os estudos históricos non son claras.

Os argumentos daqueles que aproveitaron a ocasión para cuestiona-lo carácter científico do coñecemento histórico procedían, entre outras fontes (F. Lyotard, R. Barthes, J. Derrida, etc.), da polémica e interesante obra de H White, *Metahistoria. La imaginación histórica en la Europa del siglo XIX*, baseada nas achegas de autores da teoría literaria, como N. Frye. A súa tese central reside

máis alá da
defensa
numantina de
posicións
historiográficas
refractarias á
situación
creada pola
‘crise dos
paradigmas’, a
maioría dos
historiadores alí
presentes
oscilaban entre
a plena
asunción da
lóxica do relato
e a defensa do
estatuto
científico da
súa disciplina

FONDO ÁNGEL BARCIA



FONDO ÁNGEL BARCIA





FONDO ÁNGEL BARCIA

en que os grandes historiadores e filósofos da historia do século XIX (Michelet, Ranke, Tocqueville, Burckhardt, Hegel, Marx, Nietzsche e Croce) fixeron depende-las súas respectivas visións do campo histórico “de la naturaleza preconceptual y específicamente poética de sus puntos de vista sobre la historia y sus procesos”, e non da información manexada ou das xeneralizacións e teorías presentadas.

En sentido contrario, os partidarios do estatuto científico do saber histórico esgrimiron argumentos semellantes ós desenvolvidos hai algúns anos por E. Hobsbawm e recollidos en *Sobre la historia*:

el crecimiento de las modas intelectuales “posmodernas” en las universidades occidentales, sobre todo en los departamentos de literatura y antropología, que hacen que todos los “hechos” que aspiran a una existencia objetiva sean, simplemente, construcciones intelectuales. Resumiendo, que no existe diferencia clara entre los hechos y la ficción. Pero en realidad la hay y, para los historiadores, incluidos los antipositivistas más acérrimos de entre todos nosotros, es absolutamente esencial poder distinguirlos.

Non obstante, penso que se botou de menos unha maior porosidade cara ás ideas dalgúns teóricos e filósofos da ciencia social actual, de grande utilidade para os historia-

dores interesados na fundamentación da disciplina e a súa defensa como ciencia.

Con respecto a isto, temos que referirnos, entre outros, a J. S. Searle, J. Elster e R. Boudon. Do primeiro, recoñecido especialista en filosofía da linguaxe —pénsese na teoría dos actos de fala—, hai que destaca-la súa obra *La construcción de la realidad social*. Nela, e a partir do binomio ‘feitos brutos/ feitos institucionais’, litígase a prol da existencia de ‘feitos duros’, no marco do seu apoio a unha idea da verdade como correspondencia cos feitos. Dos outros dous, destacaríase a súa reflexión sobre os ‘mecanismos de explicación social’, unha orientación metodolóxica que pode contribuír de forma decisiva a supera-lo hiato existente entre aqueles que reivindicán o coñecemento narrativo como única forma de capta-las singularidades históricas e aqueloutros que se afanan na construción dun corpus xeral de leis científico-sociais. Esta forma de explicación poderíase contrastar, por exemplo, co que H. White cualifica como ‘explicación por argumentación formal’, moi presente na historiografía do século XX e posta en cuestión por K. Popper en *Miseria del historicismo*, coa súa formulación da ‘lóxica situacional’, claramente relacionada cos mecanismos de explicación social.

Dada a relevancia dos asuntos historiográficos tratados nas sucesivas sesións de HISTORIA A DEBATE, hai que agradecerlles ós seus organizadores o esforzo realizado e animalos a que repitan a experiencia. •

penso que se botou de menos unha maior porosidade cara ás ideas dalgúns teóricos e filósofos da ciencia social actual

PEDRO LAGO PEÑAS

PROFESOR DE SECUNDARIA

IV ENCONTRO DE INVESTIGADORES DO FRANQUISMO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Do 17 ó 19 de novembro de 1999, celebrouse en Valencia o IV Encontro de Investigadores do Franquismo, que reuniu a máis de 350 historiadores de tódalas comunidades, para presentar e debate-los seus proxectos actuais de investigación. Estes xa tradicionais encontros veñen organizándose cada tres anos por iniciativa da Rede Confederal de Arquivos Históricos de CC.OO. en colaboración coas diferentes universidades. Con eles trátase de poñer ó día a investigación acerca da España franquista.

Durante as sesións realizadas na Facultade de Historia da Universidade de Valencia, presentáronse a discusión 120 comunicacións, organizadas en cinco seccións que abranguen tódalas liñas e investigacións abertas na actualidade na historiografía española: 1ª) A implantación do réxime franquista; 2ª) Política e institucións: instrumentos e grupos de poder; 3ª) A sociedade no franquismo: movementos e actitudes sociais; 4ª) Aspectos socioeconómicos: condicións de vida e políticas económicas; e 5ª) Ideoloxía, cultura e medios de comunicación.

Polo dinamismo dos debates e a calidade das comunicacións presentadas, pódese concluír que a historiografía sobre o franquismo goza de boa saúde e

TIEMPOS DE SILENCIO. Actas del IV Encuentro de Inves- tigadores del Franquismo.

València, 17-19 de noviembre
de 1999



atópase nunha fase de expansión e de diversificación no que se refire ás liñas de investigación.

Despois dos traballos aparecidos durante os noventa –que centraran os anteriores encontros–, basicamente sobre a conflictividade sociolaboral e o novo sindicalismo, obsérvase agora una tendencia a centra-la investigación na etapa autárquica e en aspectos menos xerais, de ámbito espacial e temporal máis reducido, o que nos vai permitir, nun futuro próximo, cubrir parcelas da historia social e política do franquismo actualmente pouco coñecidas.

Non é aventurado sinalar que co actual ritmo de investigación e innovación historiográfica, os V Encontros que organizará o Arquivo de Historia do Traballo da Fundación 1º de Maio en Madrid, poderán ofrecer resultados de investigación e participación tan altamente satisfactorios coma estes. *

José Gómez Alén

PROFESOR DE ENSINO
SECUNDARIO

VIII COLOQUIO INTERNACIONAL "LAS MUJERES Y LAS GUERRAS"

Organizado pola Asociación Española de Investigación Histórica de las Mujeres (AEIHM), este VIII Coloquio terá lugar na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Barcelona, entre os días 18 e 20 de maio de 2000.

As sesións están abertas ás comunicacións das asociadas e asociados, sempre que se axusten ós seguintes temas: mitos e representacións das mulleres en tempos de guerra; as mulleres e os discursos da guerra; as guerras e a mobilización política das mulleres; as mulleres e as vivencias da guerra.



As comunicacións deberán ser entregadas antes do 1 de abril de 2000. Para máis información:

VIII Coloquio Internacional de la AEIHM
Dra. Susanna Tavera

DEPARTAMENTO

DE HISTORIA CONTEMPORÁNEA

Facultad de Geografía e Historia
Avda. Baldiri Rexach s.n.
08028 Barcelona

Tel: 93 656616433
(martes e xoves de 12.00 a 14.00 h.)
Fax: 93 4498510

e-mail: [tavaera@trivium.gh.ub.es](mailto:tavera@trivium.gh.ub.es)

FONDO ÁNGEL BARCIA



FONDO ÁNGEL BARCIA



ESCAPARATE ESCAPARATE ESCAPARATE ESCAPARATE

EDUARDO BRAGADO

Non é o obxectivo desta revista dar conta de tódalas novidades que aparecen sobre historia contemporánea. Así e todo, DEZ•EME pretende expor en cada un dos seus números o seu propio escaparate temático. Nesta ocasión propomos unha selección de libros recentes sobre a Guerra Civil española.

LA GUERRA DE ESPAÑA (1936-39)

Autor: Edward Malefakis
 Editorial: Taurus, Madrid
 Data de edición: 1996
 Páxinas: 679
 Prezo nas tendas (sen IVE): 3894 Ptas. (23.4 Euros)

É esta unha obra reeditada hai tres anos que ten vocación de se converter nun verdadeiro clásico para achegarse á Guerra Civil española. O libro é unha recompilación de artigos monográficos que se publicaron no *Pais Semanal* no ano 1986 con motivo do 50 aniversario do inicio da contenda civil. Nesta nova edición revisada, os principais especialistas mundiais no tema achéganse ó conflito cunha gran diversidade de puntos de vista.

LA INTERNACIONALIZACIÓN DE LA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

Autor: Fernando Schwartz
 Editorial: Planeta, Barcelona
 Data de edición: 1999
 Páxinas: 368
 Prezo nas tendas sen (IVE): 3365 Ptas. (20.22 Euros)

A Guerra Civil española tivo unha enorme repercusión no mundo, sobre todo en Europa. Aínda que as motivacións inmediatas do inicio do golpe militar fosen internas e as súas terribles consecuencias as sufrira a cidadanía española, con todo, o conflito español xerou un apaixonamento sen parangón na historia do século XX. Millóns de

estranxeiros sentíronse afectados polo que ocorría en España, pois entendían que da sorte que correse a democracia española a finais dos anos trinta dependía en boa medida a evolución futura da democracia no continente europeo.

MADRID EN GUERRA. LA CIUDAD CLANDESTINA

Autor: Javier Cervera
 Editorial: Alianza, Madrid
 Data de edición: 1998
 Páxinas: 516
 Prezo nas tendas (sen IVE): 2885 Ptas. (17.34 Euros)

Baseada na tese de doutoramento que o autor reescribe en estilo xornalístico. O relato reproduce unha das caras máis escuras e descoñecidas da contenda. Centrándose na cidade de Madrid, o autor describe e analiza un dos temas menos tratados da contenda: a represión sobre os partidarios do bando nacional na zona republicana, a realidade dos cárceres republicanos, as checas, os paseos e o mundo clandestino dos desafectos á legalidade republicana están presentes nesta obra. Lonxe de posturas maquiavélicas, o autor analiza tamén a organización da resistencia clandestina na retagarda do bando republicano. Fai tamén un documentado repaso da actitude dos quintacolumnistas, espías e sospeitosos que configuraban a cidade clandestina. Javier Cervera tece, deste xeito, unha crónica palpitante da vida cotiá na capital, investigando sucesos como as execucións de Paracuellos del Jarama ou a conspiración do coronel Casado. Julio

Montero, na súa recensión deste libro no diario *El Mundo* (27/02/99), relata un dos episodios máis controvertidos analizados polo autor do texto. "Cervera explica cómo a cidade clandestina contaba con membros próximos ó coronel, en especial, Centeño de la Paz, que xa no outono de 1936 comunicara á quinta columna e, polo tanto, a Burgos, as opinións de Casado. Dende esas datas, a clandestinidade madrileña iniciou unha aproximación maior ó xefe do chamado exército do centro. Franco prefería sen dúbida negociar cun militar anticomunista que cun civil achegado ó PCE. Por iso a quinta columna comezou a desprestixiar sistematicamente a Negrín (...)".

MADRID EN LA GUERRA CIVIL (LA HISTORIA) I

Autor: Pedro Montoliu
 Editorial: Sílex
 Data de edición: 1998
 Páxinas: 358
 Prezo nas tendas (sen IVE): 2788 Ptas. (16.76 Euros)

O autor deste libro céntrase nas condicións de vida dos habitantes da capital que sufriron unha guerra que durou case tres anos. A partir dunha extensa bibliografía, varias coleccións de periódicos e numerosos folletos e documentos, trátase de reconstruír aspectos da vida cotiá dos madrileños durante a contenda. Por outra parte, Pedro Montoliu preocupouse de contrasta-la información obtida nas fontes documentais cos testemuños de persoas que viviron a guerra.

ESCAPARATE ESCAPARATE ESCAPARATE ESCAPARATE

LA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

Autor: Richard Donner
 Editorial: Temas de Hoy
 Data de edición: 1998
 Páxinas: 148
 Prezo nas tendas (sen IVE): 913 Ptas.
 (5.49 Euros)

Richard Donner analiza o conflito español no contexto das relacións internacionais que se configuran no mundo trala victoria aliada na I Guerra Mundial e o triunfo da revolución bolxevique en Rusia.

A Guerra Civil española inscríbese no contexto da política de pacificación dos dous únicos réximes democráticos ante os fascismos de Alemaña, Italia e Xapón que pretenden modificar pola forza o ordenamento internacional saído da Conferencia de Paz de París.

LO QUE FUE LA FALANGE

Autor: Joan M. Thomas
 Editorial: Plaza & Janés, Barcelona
 Páxinas: 368
 Prezo nas tendas (sen IVE): 2837 Ptas.
 (17.05 Euros)

Un rigoroso e documentado estudio da traxectoria da Falanxe Española das JONS, dende os seus inicios ata a desaparición ordenada por Franco o 19 de abril de 1937.

LAS BRIGADAS INTERNACIONALES

Autor: César Vidal
 Editorial: Espasa Calpe, Madrid
 Data de edición: 1998
 Páxinas: 656
 Prezo nas tendas (sen IVE): 3750 Ptas.
 (22.54 Euros)

En outubro de 1936 chegaron á España republicana milleiros de

voluntarios procedentes de todo o mundo. A partir de documentación inédita ata a actualidade, procedente dos arquivos da antiga URSS, o libro de César Vidal analiza o papel das brigadas internacionais nas grandes batallas da Guerra Civil e noutras contendas internacionais. O autor sostén a tese de que aquela torre de Babel de románticos loitadores se converteu nun viveiro de axentes secretos que o stalinismo empregou despois na Segunda Guerra Mundial e na posterior Guerra Fría.

O seu libro sinala que non se tratou dun movemento espontáneo, senón que obedeceu a un plan específico da Internacional Comunista (*Komintern*), autorizado expresamente por Stalin en setembro de 1936. Sen a poderosa estrutura organizativa da *Komintern* sería imposible a chegada de miles de combatentes estranxeiros a España. Os partidos comunistas máis importantes daquela época estableceron un sistema de cotas e preocupáronse por enviar a España o número de brigadistas que lles correspondía.

LA ESPAÑA TOTALITARIA (1934-1946)

Autor: Jesús Palacios
 Editorial: Planeta, Barcelona
 Data de edición: 1999
 Páxinas: 581
 Prezo nas tendas (sen IVE): 3750 Ptas.
 (22.54 Euros)

La España totalitaria (1934-1946) é produto dunha exhaustiva investigación baseada na copiosa correspondencia e nos documentos –ata o de agora algúns descoñecidos– pertencentes ó arquivo persoal do caudillo, Francisco Franco. Estes documentos abranguen o período que vai de 1934 ata a condena do

réxime franquista por parte das potencias vencedoras da Segunda Guerra Mundial. Especialmente valiosa é a publicación íntegra, e por primeira vez en España, da correspondencia entre Hitler e Franco.

Un libro interesante, polo tanto, para coñecer-las liñas básicas da política exterior establecidas polo bando nacional, dende 1936 ata 1945, sobre todo no referente ó singular carteo entre os dous líderes fascistas.

ROJAS. LAS MUJERES REPUBLICANAS EN LA GUERRA CIVIL

Autora: Mary Nash
 Editorial: Taurus, Madrid
 Data de edición: 1999
 Páxinas: 357
 Prezo nas tendas (sen IVE): 2788 Ptas.
 (16.76 Euros)

Na súa valiosa contribución, a prestixiosa historiadora Mary Nash examina o cometido das mulleres republicanas tanto na retagarda coma nas distintas fronteas militares; ademais, trata o seu papel como dirixentes políticas. Un libro construído a partir dunha extensa investigación documental e da recuperación da memoria das mulleres activistas durante a Guerra Civil.

En *Rojas*, avalíase a significativa participación das mulleres na loita antifascista e introduce os lectores na complexa realidade da guerra e a revolución dende a perspectiva daquelas.

Nesta obra atopamos abundante información da contribución das mulleres na loita antifascista, e tamén da relación que establecen cos seus camaradas de trincheira.

ESCAPARATE ESCAPARATE ESCAPARATE ESCAPARATE

LAS TRES ESPAÑAS DEL 36

Autor: Paul Preston
 Editorial: Plaza & Janés, Barcelona
 Data de edición: 1998
 Páxinas: 471
 Prezo nas tendas (sen IVE): 2692 Ptas.
 (16.18 Euros)

Las tres Españas del 36 ofrece unha perspectiva innovadora e orixinal da complicada trama da Guerra Civil española. Paul Preston rompe coa clásica visión dunha contenda entre extremistas, de fascistas contra comunistas, de católicos militantes contra ateos convencidos, de nacionalistas españois contra separatistas das nacionalidades históricas, de ricos terratenentes contra míseros campesiños. Preston trata de descifrar, para os anos trinta, unha terceira España que, segundo o autor, desembocaría na base social da España posterior á transición democrática. Segundo escribe Javier Tusell na recensión deste texto nas páxinas do diario *El País*, "o lector especialista non atopará novidades nun libro como este. O que non reúna estas características poderá ler un texto intelixente e ameno, coa garantía de que está elaborado co talento dun historiador concienciado e moi ó día nas súas lecturas".

**LA GUERRA CIVIL:
¿DOS O TRES ESPAÑAS?**

Autor: Richard Donner
 Editorial: Altera
 Data de edición: 1999
 Páxinas: 185
 Prezo nas tendas (sen IVE): 2163 Ptas.
 (13 Euros)

O autor deste libro procura desentrañar-lo carácter dos proxectos políticos que se confrontaron durante a Guerra Civil

española. Trátase dunha obra que suscita máis preguntas ca respostas: ¿a defensa da legalidade republicana contra o fascismo consistía exclusivamente na defensa da democracia, das liberdades e as institucións republicanas que a agresión fascista pretendía facer desaparecer?, ¿a forza de esquerdas que se foi constituíndo como nutrinte principal do bando republicano, os comunistas, pretendían na procura da victoria sentar-las bases dunha sociedade socialista? Por outra parte, de vencer o bando republicano, ¿retornaríase sen máis á democracia perdida?, ¿serían compatibles nunha España que triunfase sobre o bando fascista, as institucións democráticas republicanas e a revolución socialista? Estas e outras son algunhas das cuestións que trata de abordar Richard Donner.

VÍCTIMAS DE LA GUERRA CIVIL

Autor: Santos Juliá
 Editorial: Temas de Hoy
 Data de edición: 1999
 Páxinas: 376
 Prezo nas tendas (sen IVE): 3365 Ptas.
 (20.22 Euros)

Pedro Laín Entralgo escribiu que o trauma da Guerra Civil só se poderá esquecer despois de coñecer integramente a verdade do que pasou. Pola súa parte, Carlos Seco Serrano afirmou: "un piadoso esquecemento do atroz pasado non pode consistir nun esquecemento parcial, en deixar en pé só as razóns dunha das partes, mentres se impuxo o silencio dos que nunca puideron expresa-las súas dentro das nosas fronteiras. Isto suporía negar tallantemente o verdadeiro espírito da reconciliación." Os mellores especialistas, coordinados

por Santos Juliá, baséanse en numerosos traballos e fontes inéditos. Neste texto podemos ler, exposto con rigor e autoridade, o que ata o de agora se pode saber sobre o que pasou na retagarda dos dous bandos contendentes.

En *Víctimas de la Guerra Civil* podemos ler tanto a crueza da represión nos momentos do terror quente durante a guerra, coma a dura represión que exerceu o réxime franquista sobre os perdedores. As execucións sumarias, os encarceramentos, o acoso ós fuxidos, o exilio obrigado, os campos de concentración, a represión sobre a guerrilla e os seus colaboradores, as represalias económicas e laborais e as múltiples vexacións formaban a paisaxe que os vencedores ofreceron ós perdedores da Guerra Civil.

Gabriel Jackson escribiu no diario *El País* sobre este libro: "(...) O presente libro, polo tanto, é tremendamente importante, xa que é o primeiro estudio colectivo erudito sobre as decenas de miles de mortos causados (...). Por mor do doloroso do tema e dos relatos detallados de tantos casos individuais, non é un libro de fácil lectura. Así e todo, espero sinceramente que o lean tódolos españois adultos que pensen, e que se utilice nos institutos e universidades (...). Pero é ben certo que só a verdade fai o home libre. E a contenda neste libro é a verdade sobre a conducta humana nos momentos de paixón e vinganza, de esperanza utópica e desesperación, nada ten que ver cos tópicos sobre a suposta violencia dos españois (...). Pero co obxecto de non repeti-lo pasado, debemos gravar na nosa memoria colectiva o puro coñecemento dos excesos dos que somos capaces." *

Eduardo Bragado

PROFESOR
 DE SECUNDARIA

RECURSOS EN INTERNET

EDUARDO BRAGADO



Existen cada vez máis recursos en Internet dedicados á historia e as ciencias sociais. Moitas veces resulta difícil atopar páxinas con verdadeiro interese nesta torre de Babel que medra e medra. Os chamados buscadores e portais de Internet, incluso os máis coñecidos e prestixiosos, non axudan moito nesta tarefa.

Cando *se* 'navega' pola rede pódense atopar moitísimas páxinas sobre historia e outras ciencias sociais, pero case sempre non están ben clasificadas nin sistematizadas para as necesidades do usuario interesado nestes temas. Internet incrementa a súa presenza nos centros educativos, pero frecuentemente a rede está infrautilizada polos docentes, entre outras razóns, polo xa sinalado.

Nesta sección propomos algunhas páxinas que consideramos interesantes para os profesores de Ciencias Sociais. Ante a inmensidade dos recursos dispoñibles e as distintas vías de acceso, agradeceríanos contar coa colaboración dos lectores desta sección para que coas súas propostas contribuísen a facer máis doado e agradable 'navegar' e non encallar neste novo medio.



Unha das páxinas máis coñecidas é a de Hispano Nova (hispanianova.rediris.es); nela encontramos unha interesante revista

electrónica editada polos profesores Julio Arostegui e Ángel Martínez Velasco, que conta no seu consello de redacción, entre outros, con prestixiosos historiadores como Miguel Artola, Esteban Canales e Joseph Fontana. Hispano Nova intégrase no programa Rediris, a Rede académica española, e preséntase como unha ambiciosa revista electrónica suprauniversitaria.

A *web* de Hispano Nova céntrase nos temas de historia, aínda que se propón integrar tamén temas de socioloxía e ciencia política. Unha revista que, aínda que se orienta fundamentalmente ó mundo universitario, pode ser de grande utilidade para os profesores de Ciencias Sociais interesados en coñecer bibliografía, ler recensións ou acceder a unha importante base de datos de artigos de revista especializada.

Cremos, en definitiva, que é interesante pararse en Hispanianova, un lugar aberto á colaboración dos distintos profesionais das Ciencias Sociais, que poden enviar recensións e artigos para a súa publicación. Por outra parte, nesta páxina *web* podemos acceder na súa sección de noticias a múltiples recursos para os historiadores, e os seus enlaces son de grande interese práctico.

Así, pódese visitar un completo directorio xeral de páxinas dedicadas á historia contemporánea de España, Europa, e os Estados Unidos; unha ampla listaxe das páxinas dos arquivos, bibliotecas, museos, bases de datos e librerías electrónicas máis importantes.

Outras das visitas obrigadas para os profesores de Sociais é a revista electrónica *Geocrítica* (www.ub.es/geocrit/revis.htm). O proxecto iniciado por Horacio Capel en 1976 presenta na rede un interesante e coitado produto, organizado en catro seccións independentes: Biblio 3w, Ar@ dne, Scriptera Nova e Scriptera Vetera. O proxecto electrónico de *Geocrítica*, promovido dende a Universidade de Barcelona, destaca pola súa capacidade de actualización, un valor escaso na rede. Nesta revista podemos atopar novos artigos cada tres ou catro días, e ademais acceder ós publicados nos anteriores números.

Geocrítica aborda na súa edición electrónica a mesma gama de temas que acostumamos ler na edición escrita. Os promotores privilexian os enfoques xeográficos, subliñando a súa dimensión social e política. Polo tanto, nas súas páxinas atoparemos artigos sobre crecemento sostible, xestión responsable dos recursos, problemas da planificación urbana, viaria e moitos outros temas que se caracterizan, na maior parte, por procurar tender pontes entre o coñecemento xeográfico e os achegados pola socioloxía, a antropoloxía e as mais das ciencias sociais. Por outra parte, o visitante das páxinas de *Geocrítica* agradecerá o índice temático e de autores que lle permite atopar en pouco tempo o que busca.



Nun ámbito distinto, os profesores interesados en achar recursos sobre os

novos movementos sociais poden empregar Pangea (www.pangea.org), a chamada rede de Internet-solidario. No conxunto de páxinas que conforman Pangea ofrécese nos recursos sobre defensa dos dereitos humanos, ecoloxía e ambiente, dereitos da muller e unha serie de enlaces con páxinas de colectivos alternativos. Tamén nos permite acceder a grupos de novas, mensaxes enviadas por *internautas* interesados nun mesmo tema.

Dende a páxina principal podemos ler, pedir información ou pór ó dispor doutros a nosa opinión sobre diversos temas relacionados con novos movementos sociais ou proxectos de carácter alternativo.

Así mesmo, podemos acceder ás editadas polo Seminario de Educación para a Paz da Asociación Pro-Dereitos Humanos (Edu-Red (www.jet.es/igallego/fmater), que nos ofrecen algúns recursos moi interesantes para os profesores de Ciencias Sociais que queiran tratar nas súas aulas o tema dos dereitos humanos.



Cuns obxectivos distintos, existen na rede *webs* estritamente orientadas ó ámbito do profesorado de ensino secundario e bacharelato.

Unha proposta moi elaborada e minuciosa encontrámola en www.jimena.com, páxina editada por profesores do IES. Doña Jimena de Xixón. Na súa sección *El*

existen na
rede *webs*
estritamente
orientadas
ó ámbito do
profesorado
de ensino
secundario e
bacharelato

rincón del Grumete ofrece unha ampla gama de recursos sobre xeografía, historia e arte que poden ser de grande utilidade na aula.



Cada vez existen máis departamentos de universidade e seminarios de profesores de ensino secundario de Ciencias Sociais que se preocupan por informar das súas actividades e proxectos na rede.

Por exemplo, os organizadores do Congreso Historia a Debate, celebrado en Santiago de Compostela no mes de xullo, pretenderon estende-las xornadas do congreso coa elaboración dunha páxina *web*, www.h-debate.com, onde ademais de información sobre o encontro se propoñen novas formas de discusión para o ámbito científico como a *chat* e os foros, ó tempo que presentan os seus proxectos e reclaman suxestións e propostas dos visitantes das súas páxinas.



Eduardo Bragado

PROFESOR DE
SECUNDARIA

eduardovigo@wanadoo.es

A rede tamén nos permite ir de librerías, unha oportunidade interesante para aqueles que vivimos en cidades ou vilas

onde non existen establecementos cun mínimo número de andeis dedicados a libros e revistas de ciencias sociais.

Para os que a miúdo saímos insatisfeitos da librería da nosa vila porque non podemos atopar aquel libro ou revista que nos aconsellaron ou do que lemos unha recensión na prensa, a rede pöde ser unha alternativa interesante.

Á parte das grandes librerías como *amazon.com* ou *crisol.com*, existen outras específicas e moi útiles para consultar bibliografía en inglés: Cambridge University Press ou Oxford University Press.

En Internet adoitan estar presentes as librerías españolas máis coñecidas, que normalmente teñen páxina propia, o que polo menos nos permite face-lo pedido do libro que buscamos.

Entre estas recomendamos visita-las páxinas de Marcial Pons, que nos deixa mercar libros a través da rede. Por outra parte, Marcial Pons, amais do seu coñecido e amplo catálogo en humanidades, posúe unha extensa base de datos de revistas especializadas a través da cal podemos solicitar publicacións sobre historia (*Ayer, L'Avenç, Historia Social, Espacio, Tiempo e Forma*). *



NOVAS E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO PARA O 2000

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

Continúa a bo ritmo a recuperación de fondos para o Arquivo Histórico. Moitos deles proceden de achegas de particulares (Lázaro Fernández, José Gaciño, Mercedes García Gondar, Concha Lago, Adela Poisa Baños, Xosé Rego, Daniel Soutullo) e outras de organizacións (Asociación Galega da Muller, Inzar, etc.).

No apartado de publicacións, pretendemos editar ó longo do ano 2000 unha serie de instrumentos de descrición dos fondos da Fundación 10 de Marzo: o *Catálogo da Biblioteca*, o *Catálogo de Publicacións Periódicas* e o *II Boletín-Guía do Arquivo Histórico*.

Co gallo da homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero, a Fundación 10 de Marzo, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, acaba de publica-lo libro *Pedro Petouto. Cavilacións dun mestre subversivo*, que cumpre agora vinte e cinco anos. A edición está ilustrada por Xosé Luis de Dios e por Xaime Quessada.

Co mesmo motivo e tamén en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, edita en forma facsimilar o número 58 da colección Los Suplementos de Cuadernos para el Diálogo, dedicado a Castela. Trátase dun volume que foi coordinado por Xesús Alonso Montero. A edición actual contará coa colaboración dos autores que escribiron nesta obra que data de 1974: Xesús Alonso Montero, Pedro Altares, Alfonso Álvarez Gándara, Isaac Díaz Pardo, Manuel Lourenzo, Darío Villanueva e outros.

Na liña de recuperación de publicacións periódicas, dous investigadores ligados á Fundación, Pedro Lago e Mario Domínguez, están preparando a edición facsimilar de *Democracia Obreira*, o periódico das Comisións Obreiras de Lugo, en colaboración coa Unión Comarcal de Lugo. Tamén está nos proxectos da Fundación a edición facsimilar de *Lucha Social* (1919-1921), primeira publicación obreira de Santiago de Compostela.



Tamén no ano 2000, e dentro dunha liña de publicacións da F10M de biografías e memorias, aparecerá un volume sobre Francisco Comesaña e outro sobre Manuel Bravo Mariño, dous loitadores antifranquistas exiliados durante moitos anos.

Dentro das actividades relacionadas coa difusión dos fondos documentais, a F10M ten preparadas varias exposicións itinerantes, que están a disposición de todas aquelas institucións que desexen contar con elas. Son as seguintes:

dentro das actividades relacionadas coa difusión dos fondos documentais, a F10M ten preparadas varias exposicións itinerantes, que están a disposición de todas aquelas institucións que desexen contar con elas



Prensa clandestina no franquismo

A mostra *Prensa clandestina no franquismo* é unha escolma do que foi a prensa do antifranquismo en Galicia e no resto de España: movementos sindicais (*10 de Marzo, Galicia Obreira*, etc.), partidos políticos (*Mundo Obrero, Terra e Tempo, A Voz do Pobo*, etc.), movementos da muller (*A Muller e a Loita, Mundo Femenino*, etc.), movemento estudiantil (*Acción Universitaria, Realidad*, etc.), movementos profesionais (*Misión, Justicia y Política*, etc.).

A exposición está formada por:

1. 50 portadas de prensa orixinais montadas en marcos de 40 x 50 cm (marcos de aluminio + traseira de cartón pluma + metacrilato).
2. 15 paneis de cartón-pluma de 35 x 35 cm enmarcados en aluminio con documentos relacionados coa prensa clandestina.
3. Obxectos para expoñer en vitrinas: unha "vietnamita", unha multicopista, unha carteira de dobre fondo, publicacións legais antifranquistas, etc.
Existe un catálogo da mostra.



10 de Marzo. CC.OO. de Galicia: Memoria viva

En aproximadamente 30 paneis, preséntase un percorrido pola historia de Comisións Obreiras de Galicia a través de documentos do sindicato: fotografías, panfletos, carteis, prensa clandestina, etc.

A exposición divide a historia de CC.OO. de Galicia en tres etapas: *A nosa memoria histórica*, que abrangue dende a fin da Guerra Civil ata a morte de Franco;

Da clandestinidade á legalización, correspondente ós anos 1975-77 e *Organización sindical nacional e de clase*, que principia coa constitución do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia en 1978 e chega ata os nosos días.

A documentación preséntase en paneis de cartón pluma, a maior parte deles de 70 x 80 cm.

Existe unha unidade didáctica, redactada por Ana Garrido e Francisco Magide.



España século XX: Escenas do traballo

A exposición consta dunha colección de 65 fotografías en branco e negro presentadas en marcos de aluminio de 40 x 50 cm. Cronoloxicamente, cobren un período comprendido entre 1900 e 1997; é dicir, ilustran o século XX galego e español case na súa totalidade. Como xa se indicou, a temática xeral é o traballo. As fotografías organizanse en tres grupos.

O primeiro grupo, *Os traballos tradicionais*, reúne imaxes dos traballos máis antigos como son a agricultura, a construción, a minería e o propio servizo

doméstico. Un segundo grupo, en cambio, compóñeno fotografías do traballo nos talleres industriais, desde os comezos do século ata a actualidade. Este grupo de fotografías leva o título de *No taller*.

O terceiro grupo, *Mulleres e homes*, é un contrapeso do anterior. Desaparece a maquinaria da escena, e homes e mulleres regresan ó primeiro plano de maneira individual e mais colectiva. Contén retratos de tipos populares e, polo tanto, anónimos.

Reflicítese igualmente aspectos do traballo como a propia emigración española, momentos como a entrada nos vestiarios, a hora do xantar no lugar de traballo e o tempo de lecer. Por fin, inclúense unha serie de actividades e ritos que forman parte da cultura do traballo, como a celebración de asembleas e manifestacións ou a folga.

Existe un catálogo que acompaña a exposición.

A educación na II República (1931-1936)

Trátase dunha mostra sobre as formulacións educativas da II República dende a súa proclamación en 1931 ata a imposición da ditadura franquista en 1939. O espazo xeográfico ó que se cingue está enmarcado polas innovacións legais proclamadas polos gobernos republicanos e a súa aplicación en Galicia.

A exposición baséase nunha gran cantidade de imaxes (carteis, fotografías, etc.) acompañadas de textos que permiten a comprensión desas imaxes. A grandes trazos, estará dividida en tres bloques de contidos: a situación precedente, a II República (1931-1936) e a Guerra Civil.

Tódolos materiais se presentan nuns vinte e cinco paneis rectangulares de cartón pluma enmarcado (70 x 80 cm), de tal xeito que non pesan e son fáciles de montar.

Existe unha unidade que acompaña a exposición. •

a exposición
consta dunha
colección de
65 fotografías
en branco e
negro.

Cronoloxicamente,
cobren un
período
comprendido
entre
1900 e 1997

**Víctor Manuel Santidrián
Arias**


PROFESOR DE
SECUNDARIA

vsantidrian@teleline.es

DÁLE UNHA OPORTUNIDADE Á MEMORIA

axúdanos a reconstruí-la historia do sindicalismo en galicia. lega ou deposita o material* relacionado co mundo do traballo que teñas e que poida incorporarse ó arquivo gráfico, sonoro e visual da FUNDACIÓN 10 DE MARZO. colabora na reconstrucción da memoria histórica

* (carteis, documentos, fotografías, libros, manifestos, panfletos, adhesivos, revistas, vídeos, ou calquera outro material)




VIDAL / DESEÑO GRÁFICO

ARQUIVO HISTÓRICO DE CC.OO., ENTRA EN CONTACTO CONNOSCO

FUNDACIÓN  **10 DE MARZO**

• República do Salvador, 15 - 5ª planta • 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf. 981 599 765 • Fax 981 597 081 • email: f10m@galicia.es



Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras